ANTOLOXÍA ESCOLAR DA ÉPOCA

nós

Edición de
Patricia Arias Chachero

LITERARIA ENSINO

EDITORIAL GALAXIA

Salma Díaz.

ANTOLOXÍA ESCOLAR DA ÉPOCA NÓS

LITERARIA ENSINO

1ª edición, 1ª impresión, 2020

© Herdeiros de cadanseu autor

© Editorial Galaxia, S. A., 2020
Avenida de Madrid, 44, baixo, 36204, Vigo
www.editorialgalaxia.gal

ISBN: 978-84-9151-558-6
Dep. Legal: VG 469-2020

DESEÑO DA CUBERTA
Hayat Husein

IMAXE DA CUBERTA
Alfonso R. Castelao. *Cousas da vida* ("Nenos")

MAQUETACIÓN
Pablo Gutiérrez

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable
dende o punto de vista do medio ambiente.

ANTOLOXÍA ESCOLAR DA ÉPOCA NÓS

Escolma, notas e actividades
PATRICIA ARIAS CHACHERO

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Esta antoloxía nace da firme convicción de que os estudantes galegos deben ter a oportunidade de ler os nosos clásicos. Nesta ocasión, pensamos moi especialmente nas mozas e mozos de 4º de ESO e 2º de Bacharelato, en cuxos programas de estudos se inclúe a traxectoria literaria do Grupo Nós cuxo centenario celebramos este ano. Procuramos pois dar a coñecer o traballo daquel feixe de homes que se esforzaron por modernizar a nosa literatura e por crear unha prosa de calidade na nosa lingua.

Coa vontade de facilitarlles as cousas ós estudantes, adaptamos os textos á normativa actual; respectando, sempre que foi posible, tanto a sintaxe como a morfoloxía e o léxico. Procuramos ademais anotar o significado de todos aqueles termos que pensamos que poderían suscitar dúbidas entre os lectores.

Para traballar os textos, creáronse unha serie de actividades que procuran a reflexión sobre as lecturas e sobre o período en que foron escritas.

Agradecémoslles a Xesús Alonso Montero, a Carlos A. Baliñas, a Olivia Rodríguez, a Mari Rodríguez Travieso,

a Miguel Anxo Seixas, a Antón Vidal Andión e a Dolores Vilavedra os consellos que nos deron sobre os textos e os criterios de edición. Sen as súas palabras, esta antoloxía non sería posible.

ESCOLMA DE TEXTOS

PRIMEIRAS VERBAS[1]

Para ledicia de todos e para enxeño[2] de moitos, sae hoxe *Nós*.

É a ansia que hoxe sente Galiza de vivir de novo de volver ó seu ser verdadeiro e inmortal, a evidencia luminosa do mañá, o que nos fai saír. Temos unha fe cega, absoluta, inquebrantable na vitalidade e no xenio[3] da nosa Raza e máis na eficacia do noso esforzo para levala ó cumprimento do seu fado[4] glorioso. Hoxe chegou á vida na nosa Terra unha xeración que se decatou do seu imperioso deber social de crear para sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nosa actividade creadora. *Nós* vén recoller todos eses esforzos de integración da Patria galega no seu xa rico polimorfismo.

1. Este é o primeiro texto da revista *Nós*. Apareceu en Ourense o 30 de outono de 1920. Texto sin asinar, aínda que se atribúe a Vicente Risco.
2. Facultade para concibir ou realizar algo con facilidade.
3. Intelixencia. Aptitude natural para algo, especialmente para o desenvolvemento de actividades intelectuais e creativas.
4. Destino.

Os colaboradores de *Nós* poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas[5] ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posicións posibles respecto das catro antinomías[6] da mente contemporánea; poden ser ata clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de ser galegos.

Nós ha ser un estudo piadoso e devoto, cheo de sinceridade de todos os valores galegos: dos nosos valores tradicionais e máis dos valores novos que cada día estanse creando na nosa Terra.

Nós ha ser a representación no mundo da personalidade galega na súa ansia de se afirmar como valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fóra da Terra.

Nós ha ser a afirmación para sempre do verdadeiro ser de Galiza, do *Enxebrismo*, no que ela ten, debe e quere persistir. O *Enxebrismo* é a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidade de creación, o noso autóctono dinamismo mental.

Querendo suprimir intermediarios entre o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, *Nós* abre as súas páxinas a prestixiosas personalidades estranxeiras que contan de nos honrar coa súa colaboración e tamén ha informar ó público galego do movemento das ideas no mundo civilizado.

Nada máis.

5. Aferrado ás ideas, normas ou costumes do pasado
6. Contradición entre dous principios racionais ou entre dous preceptos legais.

E ós que se asombren da nosa confianza, da nosa firme ledicia ó principiar un traballo rudo, témoslles que dicir que temos a evidencia de sermos os mellores, os máis doados, os máis fortes; de que todas as forzas do espírito están connosco, de que imos triunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por ser o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en todos os que sintan deste xeito.

A todos os que nos lean,

SAÚDE E TERRA

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
(1884-1929)

CONTO SINXELO[1]

Coñecín o boxeador máis forte do mundo, Samuel Kupper. Tiña vinte e dous anos, era máis forte do que fora Jeffries nos seus bos tempos e con máis xeito que Johnson. Gañara xa o campionato mundial de pesos medios e, dun día a outro, ía loitar co vello campión de pesos grandes. Era segura a súa vitoria. O vello campión xa recibira o consello de darlla sen loita.

Samuel Kupper descansaba nunha granxa do Far West. Era o seu amigo un crego que lles lía a Biblia ós labregos. Samuel Kupper ouviuno ler un serán[2] suave e feiticeiro do verán: "Oístes que se dixo ollo por ollo e dente por dente? Pois eu, dígovos que non fagades resistencia a quen vos magoe; e se alguén te ferira na meixela dereita, ponlle tamén a outra... Oístes que foi dito: Amarás o teu próximo e teraslle xenreira ó teu inimigo? Pois eu dígovos: Querede ós vosos inimigos, facede ben ós que vos queren mal e rezade polos que vos corren e

1. "Conto sinxelo", *Nós* 3, 30-XII-1920.
2. Crepúsculo. Parte do día que vai desde que comeza a pórse o sol ata que se fai noite.

calumnian[3]..." Tenuemente, o vento movía as herbas e as flores da pradeira.

Aquela noite, un vello e unha mociña petaron á porta de Samuel Kupper. Tiñan fame e ían cansos e magoados de camiñar. Os ollos do vello eran de infinda tristura; nos da mociña loitaba a desesperación cunha raiola de esperanza... Samuel Kupper xa era rico, os seus fortes cotelos[4] enfeixaran[5] moitos billetes... O vello e a mociña comeron, e descansaron, e tiveron diñeiro.

Pola mañá, Samuel Kupper recibiu o aviso dun desafío. Un novo boxeador ruso, Alexis Karbin, quería loitar e xa estaba en San Francisco. Telegraficamente fixéronse e aceptáronse as condicións.

O día da loita, no ring, Samuel Kupper viu diante de si un ardente rapaz de ollar duro e grande estatura. Kupper non tremeu. Era máis forte e ó pouco de loitar, recoñeceu confiado, a súa superioridade.

Alexis Karbin loitaba con todas as súas forzas, brincando e batendo sen parar. Canso xa, chegou o instante en que os puños de aceiro de Samuel Kupper ían mallar a eito[6] nas meixelas e no peito do rapaz ruso. Encollido, esperaba o golpe..., e entón Samuel Kupper viu naqueles ollos o ollar de tristura do vello que petara na súa porta e a loita de desesperación e de esperanza da mociña, e lembrouse da súa granxa, as pradeiras, o crego, seu amigo, o libro santo, o vento mainiño... E baixou os brazos...

3. Difaman, desacreditan.
4. Nó ou vulto que forman as articulacións dos dedos ó se dobraren.
5. Fixeran feixes, lotes.
6. Seguido, sen deixar nada atrás e sen escoller.

Como un lóstrego, ergueuse Alexis Karbin e bateu un só e seguro golpe no peito de Samuel Kupper. Caeu no chan... Contáronse os segundos... Estaba *knock-out*[7]... A xente levouse no aire ó ruso triunfador.

Samuel Kupper só, magoado na alma, foise para a inmensidade dos seus campos do seu Far West.

Atopou o vello e a mociña. Ampara a un e dálle amor á outra.

Inda hoxe non se decata de se foi forte ou débil, de se é un derrotado ou un vencedor.

7. Expresión inglesa, propia do boxeo, que se usa para indicar que alguén está fóra de combate.

CONTO[1]

Dous rapaciños rifaron e estábanse batendo cegos. Un deles san e rexo[2] e o outro, un malpocadiño que choraba. Dúas mulleres apartáronos e levaron o meniño dos choros dándolle bicos. O outro, o san e forte, só, vermello de vergoña, quedaba sen agarimo, cheo de tristura, e foise indo paseniño. Fíxenlle unha festa ó pobre do rapaz e dixen para min "tamén os fortes dan compaixón ás veces", lembrándome dun sucedido.

O sucedido foi isto. Había unha vez nunha aldea de beiramar, na ría de Marín, dous mozos mariñeiros. Chuco e Manuel. Eran tempos nos que aínda non ían as motoras buscar sardiña a Leixoes, nin sequera as artes da traíña[3] eran donas das rías. Os barcos xeitosos ían mar a fóra máis alá da illa de Ons e chegaban moitas veces, a Fisterra.

1. "Conto", *Nós* 5, 24-IV-1921
2. Que ten saúde, que ten forza.
3. Aparello de cerco composto por rede de malla pequena que se empregaba antigamente para pescar sardiñas.

Manuel era un rapaz ergueito e finiño, churrusqueiro e amigo das rapazas. Chuco era un mozo forte e valente que se desfacía de bo, ninguén vogaba[4] coma el, que pasaba horas sen arriar[5] o remo e sen falar, nin se coñecía nadador coma el na ría.

E Chuco e Manuel tiñan tolería por Carmela, unha meiga[6] rapaza de ollos mouros, moi bailadora. Cada un dos mariñeiros á súa maneira, buscáballe as voltas, e ela por ningún se aclaraba. Con Manuel ría e parolaba[7] a desfacerse, diante de Chuco, baixaba os ollos e acendíase toda.

Pasou o caso cando Manuel e Chuco saíron ó mar no mesmo barco con oito homes máis. O barco era novo e foron á despedida vellos, nenos e mozas. E, entre eles, Carmeliña que non separaba os ollos de Chuco, nin Chuco dela. Foron as miradas dunha promesa de amor, e Chuco vogou con máis forza que nunca, cheo de vida.

Non se soubo ben nunca, porque estas cousas non se saben ben endexamais. O mar estivera calmo e batía un pouco de nordeste. Fixéranse dous bos lances[8] na illa e o barco regresaba para terra cando caía o sol, con toda a vela para aproveitar as frías. Debeu ser como un lóstrego a nortada[9], a escota[10] non correu a tempo, a

4. Remaba.
5. Facer descender.
6. Atraente, enfeitizadora.
7. Falar moito e, polo xeral, de cousas sen importancia.
8. Acción de botar a rede para pescar.
9. Vento forte do norte.
10. Cabo unido á parte inferior das velas dun navío que serve para tensalas e orientalas con relación ó vento.

carga foise a unha banda, calquera cousa, o conto foi que dunha soa batida[11] o vento deulle a volta ó barco e os homes foron ó mar, coa sorte de poderse pór a salvo na quilla[12].

Xa todo se cerrara de escuma e rompendo avantaban[13] as augas. Non se vía un barco, zoaba[14] o vento e a noite chegaba. Foi entón cando Chuco, o máis forte nadador de todos os xeiteiros[15], botouse ó mar confiado e sorrindo, a buscar en terra axuda para os pobriños que alí quedaban engarrados[16] no barco deitado nas olas. Todos o viron loitar, avantando en longas brazadas con toda seguridade, e ninguén dubidou de que conseguiría o seu propósito.

O tempo pasou en balde[17], e á noite coidaron os mariñeiros, morrer moitas veces, mollados e amoreados de frío. Pola mañá unha motora atopou o barco perdido e salvou os nove homes.

Aquela mesma mañá apareceu Chuco morto na area de Beluso despois de nadar cinco millas. O seu esforzo fixo soster a esperanza nos que quedaban ó cativo amparo das madeiras do barco. Os pobriños salváronse e o mozo forte morreu.

11. Efecto de bater. Refírese a que foi dun só golpe.
12. Peza de madeira ou ferro que vai de proa a popa por debaixo da embarcación e serve de apoio ó resto da construción.
13. Saltaban por enriba. Tamén, adiantaban.
14. Zumbaba.
15. Que pesca cunha rede longa que se estende e se deixa durante horas para que a sardiña que se despraza co cambio de marea, malle nela.
16. Enganchado.
17. Inutilmente, sen proveito.

Non pasou un ano e Carmeliña, sempre meiga e bailadora, casaba con Manuel, decote[18] finiño e churrusqueiro. É certo que, coa lembranza do Chuco, pódese dicir que os fortes dan compaixón ás veces e que non está de máis pregar por eles.

Pontevedra, maio, 1921

18. A diario.

ENCOL[1] DA PROSA GALEGA[2]

Este traballo ten que comezar por unha explicación do traballo mesmo. O eixo disto que hoxe presento con todo agarimo ó Seminario de Estudos Galegos, é un exemplo, e o exemplo é unha tradución dun escrito que nada ten de próximo a Galiza e ás cousas galegas. Así e todo, de verdade creo que pode acaerlle moi ben á finalidade desta moza, galeguísima e baril[3] Sociedade. Direivos con respecto a que.

Xa é sabido que a lingua galega, tan frutífera na súa literatura cancioneiril, ten sido pouco traballada na prosa. Aínda facendo conta dos escritos que en prosa galega se teñen feito desde o século XIII ó remate do XV, traducións a maior parte deles, —como os anacos

1. Sobre, a cerca de.
2. Este é un fragmento do discurso que Losada Diéguez pronunciou en Santiago de Compostela o 12 de maio de 1924, o día que ingresaba no Seminario de Estudos Galegos. Apareceu publicado postumamente, no número 73 da revista *Nós*, correspondente ó 15 de xaneiro de 1930.
3. Referido a quen está dotado de forza física e vigor, de boa saúde, capaz de realizar grandes esforzos.

atopados das *Partidas* do Rei Sabio, de Crónicas, da lenda áurea e demais— e sendo outras mostras, —testamentos, contratos, regras de confrarías e congregacións—, o certo é que a prosa galega non tiña unha valoración quente de pensamento orixinal coa emotividade precisa para lle dar pulo a unha fala enriquecéndoa con palabras e xiros, ata chegar a ser tamén dona dos termos técnicos que decote andan na comunidade científica universal.

Non sei se serei moi afouto[4] ó dicir que se ten escrito en prosa galega máis no pouco que vai de século, que en toda a vida da nosa fala. Lembrádevos da revista *A Nosa Terra*, do novo teatro en prosa tan puxante co mestre Cotarelo[5], das publicacións de Céltiga[6], das novelas, e ademais, da revista *Nós*, onde tanto e tan ben se traballou.

Non hai quen non saiba que a palabra musical, a literatura cancioneira, vai sempre por diante da prosa, e que esta, a prosa, dá por feito un longo traballo da lingua e é expresión dunha cultura. A pesar de todo, a fala galega despois da súa vida poética e do lume cultural do século XII, debería ter unha adecuada prosa enxebre[7]. Deixo ese estudo para os investigadores da historia da

4. Arriscado, valente, animoso.
5. Refírese a Armando Cotarelo Valledor, de quen Losada foi profesor axudante en 1910. Escribiu algunhas obras de teatro que gozaron de moito éxito na época, entre elas, *Trebón* (1922), *Hostia* (1926) e *Beiramar* (1931).
6. Céltiga foi unha editorial que fundaron no ano 1921, en Ferrol, membros das Irmandades da Fala coa finalidade de publicar prosa en lingua galega.
7. Característica, propia, que non estea falseada, deformada ou mesturada con nada alleo.

literatura galega. O conto é que hoxe séntese un baleiro que é preciso encher.

Se é verdade a pobreza da nosa fala no terreo científico, non se pode dicir que teña unha orixe na pobreza de pensamento. O pensamento ten moitas manifestacións, todas altas e dun valor humano. O pensamento galego tense posto en claro con toda forza en manifestacións artísticas, pois non soamente a filosofía e a ciencia son concepcións do mundo e da vida, tamén o son a arte dos escollidos e a arte do pobo.

O desenvolvemento da ciencia e da filosofía é fillo de moitas circunstancias alleas que collen mellor a uns pobos que a outros e determinan neles un pensamento e un xeito de traballo. Non foron moi amorosas esas circunstancias para o pobo galego. Na Idade Media foron os conventos, foi Roma, foi o influxo dos seguidores árabes de Aristóteles, as escolas e as universidades; os que deron movemento e interese ás especulacións científicas. E foi o latín, ata moi mediada a Idade Nova, o instrumento lingua de que se valía a cultura. Xeograficamente, Galiza estaba desamparada e economicamente era un asento cativo, para unha actividade que, inda que semelle paradoxal, trae aparelladas riquezas a eito.

Por moito que un pobo se afeccione a unha cultura, se esta ten que ser traballada por unha fala allea seguindo os usos do tempo, como no caso do latín, non é difícil decatarse do atraso que levará o desenvolvemento da fala propia. Viñeron logo para a lingua galega tempos de contrariedade no asoballamento que lle impuxo o castelán co poder político e coa fuxida dos poderosos galegos

aguilloados[8] polos praceres da Corte ó redor dos reis. Dende entón, acubillouse[9] a nosa fala na humildade das aldeas e dos pobriños como cousa cativa e de mal criados. Con todo, os gloriosos Feijoo e Sarmiento, souberon ver toda a forza da vitalidade que latexaba naquela fala esmorecida e no pobo adormecido. Se aqueles dous grandes homes non viviran baixo o alentar do ermo universalismo do século XVIII, teriamos hoxe ben cimentada de novo a prosa galega.

E xa estamos afrontando o problema da vitalidade das linguas e o valor da súa diversidade ante o universalismo da cultura. Todos sabemos que é un fondo desexo de moitos homes chegar á unidade da fala no mundo, e que a ciencia camiña a esa unidade coa linguaxe matemática e co emprego das palabras técnicas, as mesmas para todas as falas. A que vén logo, dirase, o esforzo para avivecer e anovar nunha fala amortecida?

Dous erros fundamentais, creo eu, hai na teoría universalista. O primeiro é ter a linguaxe por un instrumento para nos entender mellor uns homes con outros, e o último erro, é apoiar a importancia das falas no vocabulario, é dicir nas palabras mesmas.

Unha lingua é antes de nada un instrumento para a acción, é unha expresión do pensamento cunha finalidade, e isto non do pensamento espido senón do que está cheo de sentimento, como nunha resposta afecta ás chamadas do mundo exterior ou da conciencia propia.

8. Alentados, animados, esporeados.
9. Resgardouse, protexeuse.

Dous homes poden falar na mesma lingua e non entenderse un co outro nos seus pensamentos, pero as súas palabras servirán sempre para que se entendan sobre os feitos e as cousas. Ningunha idea xunta tanto ós homes como a igualdade de sentimentos.

As palabras de por si non fan tanto unha lingua —e isto está ben claro— como os xiros, as voltas, revoltas, floreos e mesturas das palabras mesmas e, desde logo, a pronunciación, o xeito da fala, que é a ánima e o arrecendo da lingua. Polo mesmo hai e haberá linguas mortas e linguas vivas.

E despois de escribir o que vai dito, nun descanso, leo os periódicos e doume conta de que para moitos espíritos baleiros de sentimento, a realidade non ten significado en ningures, e só os fai latexar, as palabras baleiras, as ideas mortas, que nada din de corazón, brétemas que amortallan o porvir.

Ninguén pode dubidar que a ciencia é universal, e é máis que probable a unidade da cultura humana como un desexo, ó longo, como un feito. Mais isto nada di para que non se traballe a ciencia e se faga cultura con instrumentos humanos como son as linguas, que non serían humanas se non tivesen a variedade das manifestacións da psicoloxía do home, co seu diferente xeito de reaccionar ante o medio, tras as lembranzas e iluminado polos desexos.

Un ideal é tanto máis amplo, para nós homes, canta máis quentura de humanidade teña, quentura que dá un sentimento, pois un ideal non é a idea esquema, é a idea viva, enfeitizada pola emoción. Así pode ser un ideal

pequeno a idea de fraternidade e pode ser un ideal máis grande có mundo darlle un bico a un vello podre que prega unha esmola. Os ideais non teñen medición, ou son ideais de forza viva ou son ideais mortos.

Renovar a lingua galega será consecuencia dunha necesidade se esta necesidade ten a súa orixe nun desexo de verdade, de ben e de beleza, nun desexo que mova o espírito cara ó esforzo e ó sacrificio, levándoo, se é posible, a unha renacenza, que se é unha creación, será a mellor mostra do froito do sacrificio.

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS
(1986-1958)

DOS NOSOS TEMPOS[1]

A característica máis forte da maneira literaria que se chamou decadentismo[2], simbolismo[3], ou nephelibatismo[4] e que encheu coas súas producióǹs os últimos anos do século XIX e os primeiros do XX, foi un afastamento despectivo de todas as orientacións políticas, sociais ou científicas da nosa civilización occidental. Os mozos que entón comezabamos a nos interesar pola literatura sentiamos un noxo fondo e forte por todos os

1. "Dos nosos tempos" foi publicado por primeira vez no primeiro número da revista *Nós* 1, 30-X-1920.
2. O decadentismo foi un estilo literario e artístico que xurdiu en Francia na segunda metade do século XIX e que enseguida se estendeu por toda Europa. Os autores que o cultivaron defendían a musicalidade e a forma do poema, alcanzando un refinamento esaxerado. Valoraban a liberdade de expresión, a evasión da realidade e non se preocupaban de cuestións morais.
3. O simbolismo foi un movemento literario, fundamentalmente poético, que xurdiu en Francia na década de 1880. Os seus cultivadores interrelacionaban o mundo espiritual e o sensible, facendo uso de imaxes que expresaban emocións; tendían a evitar os nomes dos obxectos e dos sentimentos pois preferían evocalos por medio de imaxes.
4. Referido ó literato que anda polas nubes, descoñecendo ou desprezando os procesos coñecidos e o bo senso literario.

problemas que, xa naquel tempo, facían que as cabezas dos homes serios colgasen sobre o peito.

Para nós, as invencións dos irmáns Wright[5] e de Marconi[6], as cuestións internacionais, o socialismo e o sindicalismo, eran cousas de xente burguesa, no sentido antiliterario que nós lle dabamos a esta palabra. Boas para que as atenderan Brown, Pérez, Müller ou Dupont, quérese dicir, o vulgo máis ou menos ilustrado dos enxeñeiros, os catedráticos e os académicos.

E mentres que nós, refuxiados nas nosas torres de marfil[7], ben acochados no himatión[8] dos gregos, no albornoz dos árabes ou nas túnicas de Oriente, viviamos pensando no que xa pasou, camiñaba á nosa beira a procesión das blusas, as chaquetas e os uniformes; e nós deixabámola pasar, sen facer unha mala chiscada nin botarlle unha mirada.

Non obstante, ó chegar a segunda década do século que corre, cando comezaron a zoar no aire os primeiros avións e a bruar na terra os motores dos automóbiles, cando os cinematógrafos e as revistas deron en reproducir os "rañaceos" e comezaron a falar da intensidade

5. Wilbur e Orville Wright, pioneiros da aviación, inventaron e construíron o primeiro aeroplano.
6. Guglielmo Marconi, enxeñeiro eléctrico, desenvolveu o sistema telegráfico sen fíos.
7. A expresión torre de marfil usouse desde o século XIX para referirse ó lugar que ocupan as persoas que viven ensimesmadas en preocupacións intelectuais, totalmente desconectadas da realidade cotiá e de preocupacións de carácter práctico. Podemos considerar que a torre de marfil son lugares afastados do común e elitistas.
8. Vestimenta da antiga Grecia que consistía nun manto moi amplo que se envolvía no ombreiro.

industrial dos Estados Unidos, cando se coñeceron os feitos cheos de interese novelístico dos colonos de Texas ou dos mineiros de California, en loita cos homes e coa natureza pola fortuna ou polo éxito, algúns de nós botamos sobre aquel país novo, de vida forte e nova, unha mirada de simpatía. Pero non pasamos de aí e a pesar de Withman[9], de Verhaeren[10], de Marinetti[11], non chegamos a deixar a un lado as vestimentas de Oriente para vestir a chaqueta e seguimos envoltos nas nosas fantasías, vendo sen ver, como pasaban as guerras e as revoltas e preguntando, cando o barullo do mundo chegaba a nós máis forte do habitual, quen era ese Jaurès[12] ou que quería ese Bülow[13]...

E así estabamos cando estourou a guerra en 1914. Desde os primeiros instantes, os berros de angustia foron tan doridos, tan bárbara a matanza, tan cheo de horror o cadro dunha Europa tola coa loucura do sangue e da morte, que nós, os despectivos, os alleos á actualidade, os refuxiados nos tempos pasados, tivemos que mirar arredor de nós, e vimos ós que foran os nosos ídolos, os homes cume de Francia, de Inglaterra e de Alemaña, aldraxarse, escudados nun patriotismo de feira. Vimos

9. Walt Whitman está considerado como un dos mellores poetas estadounidenses. Atribúeselle a creación do verso libre, sen rima. Foi un home comprometido cos dereitos sociais e a liberdade.
10. Émile Verhaeren poeta modernista francés.
11. Filippo Tommaso Marinetti escritor italiano, considerado o fundador do futurismo, a primeira vangarda que apareceu en Europa.
12. Jean Jaurès político francés, pacifista e contrario ós nacionalismos. Asasináronno tres días despois do inicio da I Guerra Mundial.
13. Karl von Bülow mariscal alemán na I Guerra Mundial.

como caían catedrais, pazos e castelos, e vimos como no fondo das trincheiras, quedaban atoados[14] os soños de internacionalismo e de paz.

E despois, cando a loita semellaba acabar, aló, na afastada Rusia, que nós admirabamos tanto, pola súa literatura, o seu orientalismo e o seu cristianismo evanxélico, xurdiu como unha ameaza a pantasma da revolución social.

Nós, como case todo o mundo, mirabamos as ideas marxistas como unha cousa de realización distante, que chegaría a ocorrer despois de moitos anos, de séculos quizais, desenvolvéndose nunha evolución calma e serea, soamente interrompida polas violencias das folgas, ou as resistencias das clases industriais ós avances absorbentes dos estados. As orientacións pacíficas dos partidos obreiros da Europa Occidental e Central, a mesma intervención, cada día máis activa, dos seus xefes nos gobernos, dábannos dereito a pensalo.

Ninguén contaba con Rusia, nación atrasada, pouco culta, non disposta tan sequera para un modesto réxime democrático; e foi Rusia a que, botando por terra os tópicos evolucionistas, saltou dun pulo desde o tsarismo a Lenin, e, entre o pasmo e o medo de todos os capitalistas do mundo, instaurou e afianzou o réxime socialista.

Foi entón cando nós, como moitos, tivemos a conciencia dun perigo que ameazaba non soamente as nosas ideas de liberdade pública, senón a nosa liberdade individual; pois un comunismo estadista ó xeito ruso, que

14. Cubertos de terra ou doutra cousa semellante.

bote por terra as fortes torres dos donos da industria e dos donos da terra, non é de supoñer que teña moito aprecio das nosas pobres torres de marfil.

E diante do espectáculo dunha Moscova co traballo obrigatorio nas fábricas, coa ciencia oficial levada ós últimos extremos, cun teatro e unha arte sociais, pousamos o himantión dos gregos, o albornoz dos árabes e as túnicas de Oriente, e vestindo a chaqueta, demos en mirar con dilixencia arredor de nós, e así estamos e así estou...

Pero como hai tan pouco tempo que eu vivo co pensamento no tempo e nos feitos de hoxe, todo o que vos diga deles ten que carecer de sapiencia e de método. Viaxeiro nun país novo, sen "cicerone" e sen "Baedeker[15]", as miñas impresións faltas de gravidade e de preparación, han ter soamente a sinxeleza das impresións dun neno.

Din os médicos que o bacilo da gripe non fai mal de por si, senón que excita, fai medrar e dona virulencia, ós outros bacilos que habitualmente andan connosco, á espreita dunha ocasión para nos levar ó camposanto.

Eu teño comparado a gran guerra con este bacilo da gripe, pois como el excitou, fixo medrar e deu virulencia ás paixóns ruíns que estaban adormecidas nos homes e nas sociedades.

E así, a guerra desatou o imperialismo cego que armou as nacións unhas contra das outras, espertou a cobi-

15. Karl Baedeker foi un editor alemán famoso por imprimir unhas coidadas guías de viaxes escritas polos mellores especialistas. Cuevillas refírese a que non tiñan quen os guiase.

za dos comerciantes, a avaricia dos banqueiros, a crueldade dos acaparadores e lanzou a moitos homes á traizón e ó patíbulo[16].

Á sombra da guerra, os soldados primeiro, os negociantes e revolucionarios despois, trastornaron a economía do mundo e trouxeron a fame para os pobres e a riqueza para os logreiros[17]. Os hábitos guerreiros, tan loados polas clases altas, deron violencia e forza ás organizacións obreiras e agudizaron o perigo comunista. Grazas á "bendita guerra" como lle chamaban os panxermanistas, grazas á "nobre guerra" da que falaban os escritores patrioteiros e militarizantes, Europa está feita un lamazal de sangue e de esterco, e é sabido que nestes lamazais é onde xerminan as sementes das revolucións.

E non se diga o que para tranquilizar a súa conciencia din os ricos. Que nunca a xente se divertiu, que nunca o diñeiro correu máis abundantemente, que nunca a vida foi máis brillante e atractiva, porque estas épocas nas que o mundo treme convulsionado foron sempre como as mazás do Xordán, douradas por fóra e podres por dentro.

Máis brillantes que as nosas, foron as festas de Windsor e de Versalles, e Carlos I e Luís XVI morreron no patíbulo.

E se chegasen os negros días da revolta como xa chegaron para Rusia, quen sostería valentemente os vellos

16. Plataforma onde os condenados a morte son executados.
17. Persoa que fai préstamos cun xuro excesivamente alto e, xeralmente, ilegal. Por extensión, todo aquel que se aproveita dos demais.

principios e as vellas ideas? Quen saberá morrer por elas coa morte fidalga e fermosa que ennobrece as derrotas e empresta luz de sol, polas institucións que desaparecen para sempre?... Eu penso que ninguén. Perecerá algún banqueiro ó pé da súa caixa, ou algún acaparador envolto nos seus sacos de fariña; pero morrer na campía, cara ó sol, coa espada dos cabaleiros na man, como morreron os "xentilhomes" de Quiberon[18] ou os coiraceiros[19] de Maraton Moor, eu case aseguro que non morrerá ninguén...

Son outros tempos, outros os homes e moi distintas as ideas. Ademais de que, dar a vida pola fe xurada a un Deus, ou defendendo a sagrada cabeza dun rei absoluto é moi diferente de caer pelexando polos intereses dunha federación ou dun *trust*, ou defendendo as persoas de Millerand ou Lloyd George, que nada teñen de sagradas.

Eu creo no triunfo do socialismo, porque creo que a sociedade humana é un organismo vivo, suxeito a leis biolóxicas, parecidas ás que rexen o desenvolvemento dunha planta ou dunha besta. Quero dicir con isto que, do mesmo xeito que cando vemos botóns nunha roseira supoñemos que de alí van saír rosas, ó ver que unha

18. Refírese ó intento que se produciu a finais do século XVIII, de tomar militarmente o control de Francia, rematar coa República e instaurar novamente a monarquía.
19. Os coiraceiros eran xinetes armados, protexidos por coiraza e casco. Considérase que eran os sucesores dos cabaleiros medievais.
Non sabemos ben a que batalla se refire Cuevillas nestas liñas, quizais á batalla de Maraton, a poucos quilómetros de Atenas, que, no 490 a. C, enfrontou a persas e atenienses na primeira guerra Médica ou quizais á de Marston Moor, en 1644, onde Carlos I perdeu o norte de Inglaterra.

idea calquera vai acadando as conciencias e facéndose un lugar nos espíritos, hai que supoñer que a realización daquela idea é cuestión de tempo nada máis. Pensar outra cousa sería pensar que a natureza fai parvadas, e, polo de agora, a natureza conservou sempre a súa seriedade.

E hoxe todo é socialismo. Haino nos gobernos que gravan a renda, as transmisións e o capital; haino nos patróns que piden a intervención do Estado nos seus conflitos cos obreiros; haino nos labregos que queren ver as súas terras liberadas de cargas polo mandado dunha lei; haino aínda na cabeza do rendeiro[20] gordo e satisfeito da súa vida e da súa renda, cando ó ler que os obreiros piden esa cousa ou a outra, di, entre medroso e compracido: "Hai que convir[21] en que esta xente algunhas veces ten razón".

Eu creo, polo tanto, que dentro duns anos, Europa enteira será un campo de experimentación de sociedades futuras; e creo tamén que, para o desenvolvemento da humanidade, isto ha ser unha cousa útil e boa, do mesmo xeito que é bo que os nenos boten os dentes ou que os paxaros muden a pluma. O que non impide que neses interesantes períodos das súas vidas, o paxaro non cante e o neno berre adoecido de dores.

Por iso ten pouco de agradable nacer nunha destas épocas en que o mundo cambia de pluma ou de dentes...

20. Persoa que vive de rendas, do diñeiro que cobra por alugar as súas propiedades.
21. Estar de acordo, concordar.

VICENTE RISCO
(1884-1963)

DO CASO QUE LLE ACONTECEU Ó DOUTOR ALVEIROS[1]

> De interese para os ocultistas
> 30.000 pesos
> pola comunicación dun segredo
> Escriban: Lista de correos 1313

Viña nos anuncios de preferencia. Pouco explícito, mais atraía a mirada de vagariño.

O doutor Alveiros leuno e quedou pensando. Ó fin escribiu, pregando que lle desen explicacións. El non sabía, certamente, segredo ningún; sabía o que saben moitos que andan ás voltas con esas cousas do demo. Estudar, estudaba, pero non lle viña o diaño a soprar ás orellas. Escribiu porque era curioso.

Era home de cachaza[2] e dun forte escepticismo. Coma el, hai moitos outros que andan a estudar as bruxerías, neste, como noutro calquera ramo da ciencia, os

1. "Do caso que ll'aconteceu ô Dr. Alveiros", ¡Terra a nosa! Biblioteca Popular Galega, A Coruña, Tipografía de El Noroeste, 1919.
2. Pachorra, tranquilidade.

que tolean son poucos. Pero Alveiros, desde o día en que escribiu, agardou a resposta cunha impaciencia que medraba ó pasar cada día.

Ó fin chegou. E puña:

Sr. D. Bieito Alveiros
Moi distinto señor:

Teño moito gusto en mandarlle as aclaracións que desexa. Teño coñecemento das súas publicacións e creo que vostede é o que me vai servir no conto. Agora, que o que eu quero que vostede faga, se se anima, é difícil. Tamén o premio é merecente de que un faga un esforzo. Trátase de atopar un reescrito[3] *que poida volver o movemento a unha momia enfaixada e embalsamada polos exipcios. Se vostede mo pode dar, os trinta mil pesos son seus.*

Pregándolle o maior segredo, queda de Vd. afmo. S. S. q. ll. b. a. m[4].

R. Dehmel

O doutor Alveiros era un home honrado e non o pillaba un susto. Na súa cabeza, había lóxica e claridade.

O meu comunicante, R. Dehmel, debe ser un tolo que ten unha momia exipcia e quere facela vivir. Ademais é un ignorante; os exipcios tiñan un procedemento para meter o "Ká"[5] na momia ou nun monicreque e

3. Participio do verbo reescribir, volver escribir. Refírese a un documento que se volveu a escribir.
4. Abreviatura de "o seu servidor que lle bica a man".
5. Os exipcios chamaban "Ká" ó que os ocultistas chaman "corpo astral", é dicir unha pantasma invisible exactamente igual ó corpo vivinte do home, que vai

ese procedemento é coñecido no mundo moderno polo "libro dos Mortos..." E Alveiros escribiu:

Sr. D. R. Dehmel
Moi señor meu:

Doulle as grazas pola súa cortesía, mais advírtolle que o segredo detrás do que anda vostede non o é para ninguén que teña estudado ben as vellas crenzas dos exipcios. No capítulo tal do chamado[6] *"libro dos Mortos", edición tantas, de tal ano, atopará o reescrito que lle convén. Xa ve que non son merecente dos trinta mil pesos.*

Moi satisfeito de lle facer tan sinxelo servizo, queda de vostede atento e S. S. q. ll. b. a. m.

Bieito Alveiros

De aí a dous días respondeu Dehmel:

Sr. D. Bieito Alveiros
Moi distinto señor:

Coñezo o reescrito que vostede me di, e que lle estimo moito, compracéndome moito que non sexa vostede interesado. Mais débolle manifestar que antes de botar man de ninguén

con el mentres vive e sepárase del no momento da morte. Esta pantasma non é a alma: a esta, os exipcios chamábanlle "Bá". (Vid. Maspero "Histoire antique des peuples d'Orient").

6. "O libro dos Mortos" ou ritual funerario contiña todas as aclaracións que cumprían para asegurar unha boa viaxe ó morto na outra vida. Con cada momia enterraban un. Rezando algunhas daquelas oracións, podíase facer que o "Ká" volvese, por algún tempo, a meterse na momia ou nun monicreque que representaba o defunto e que se puña na sepultura (Vid. Maspere, *op. cit.* e tamén Meyer, na Coleccción Oucken). [Nota na publicación orixinal.]

recorrín a todas as fontes publicadas ou inéditas que puiden atopar e que o reescrito que vostede di, podía ter efecto no tempo dos faraóns. O reescrito ese era para revivir a momia facendo que o "dobre"[7] se axuntara de novo con ela. Pero, neses tempos, non ignorará vostede que a maior parte dos dobres daquelas xentes onde vai que pasaron ó estado "devaxánico"[8] e os seus fantasmas "astrais" atópanse desintegrados. Deste xeito, o procedemento que vostede me aconsella, non se pode aplicar. Déase conta de que o que eu quero é devolverlle a un corpo seco e enfaixado, a liberdade de movementos da que gozan os que non foron tratados por tan bárbaro procedemento.

Crea que se ten feito todo o que se pode facer desde as correntes galvánicas, ata a transmisión de "prana"[9] —xa que o hipnotismo non serve aquí para nada— e nada me deu resultado. Eu penso que, pola clase de estudos ós que se dedica, é vostede un dos chamados a me dar a solución e a gañar o premio, polo que non lle perdoaría a vostede o escepticismo.

De Vd. affmo. S. S. q. ll. b. a m.
R. Dehmel

7. "Dobre" vén dicir o mesmo que "Ká" por que este era como un duplicado do corpo humano. [Nota na publicación orixinal.]
8. A Teosofía oriental di que o home ó deixar á súa morte o corpo que levou en vida, pasa ó "plano astral" ou "Kama-loka", onde pasa purgando os seus pecados 200 ou 300 anos, e logo, deixa alí o "corpo astral" como onte deixou o físico ou carnal, e vai ó terceiro mundo, que se chama "plano mental" ou "devakán", onde pasa de 1.000 a 1.500 anos gozando das súas virtudes. Polo tanto, os antigos exipcios, mortos hai 2.000 ou 3.000 anos, deben estar agora no "devakán", e as pantasmas astrais que deixaron no "Kama-loka" xa se desfixeron, como se desfarían os seus corpos de carne que deixaron na terra se non os houberan embalsamado (Vid. A. P. Sinnett, "Esotierė Buddhism"). [Nota no orixinal.]
9. "Prána" (en sánscrito) é o principio de vida dun organismo vivente, o alento, a forza vital. (Vid. A. P. Sinnet, *op. cit*). [Nota no orixinal (na 1ª ed.).]

O doutor Alveiros tivo que cambiar o xuízo que fixera do seu comunicante. Agora vía que era un erudito e un ocultista. Naquela carta había unha cousa que lle chocou: "O que eu quero é devolverlle a un corpo seco e enfaixado, a liberdade de movementos de que gozan os que non foron tratados por tan bárbaro procedemento". E isto, a que viña?

O Alveiros decidiuse a lle tirar da lingua a un dos seus amigos, un anticuario que nin escribía nin case falaba con ninguén, e que vivía preto da vila, nunha finca. E alá foi o Alveiros.

Asomou pola cancela e preguntou á irmá do anticuario, que lle andaba botando millo ás pitas. Levárono ó despacho onde o sabio, sentado á mesa de braseiro, miraba un papiro. O sabio imitábase moito a Monensen, as mesmas guedellas e os mesmos anteollos.

—Séntate, Alveiros... Non sabes o que teño aquí: non hai cousa coma ela no mundo, non hai quen teña outra coma esta. Por ser ti, ensínocha, pero non ha de vela ninguén máis. Vén para aquí, mira este papiro, que che parece? Éche único, é o máis vello que se atopou ata o de hoxe e ademais mira aquí.

No medio do texto xeroglífico, tiña uns garabatos que non eran de ningunha das escrituras coñecidas...

—Ti ves, Alveiros? Unha escritura nova, que ninguén viu nunca e que se imita máis á sumeria arcaica[10] da

10. A lingua sumeria era a fala dos primitivos babilonios non semitas. Era da familia uraliano-altaica e escribíase cun signos dos que se derivou logo a escritura cuaciforme, ou figurando cuñas que empregaron os asirios babilónicos, medos e persas. (Vid. Houmel, *Historia de Babilonia y Asiria*, na Col. Oncken). [Nota na 1ª ed.]

que veñen os cuneiformes que a ningunha das exipcias. Este papiro éche baril[11].

—E vostede descifrouno, mestre?

—Non, filliño, non. Estache moi vello e está nunha fala moi arcaica. Só sei que fala de meigallos... Hache gustar. Aquí tes onde fala dun reescrito, paréceme que para facer que os defuntos se movan.

—A ver, móstremo!

—Mira, mira —e o sabio foi soletreando[12] e traducindo con moito traballo.

—Vale —dixo Alveiros— e o reescrito?

—Ai, ho! Ese é o que vén aquí, pero vénche nesas letras descoñecidas...

—E vostede deixaríamo copiar?

—E para que o queres?

—Xa sabe que ando metido nestes estudos. Prométolle non lla ensinar a ninguén.

—Pero se, ó fin, non a sabes traducir...

—Traducireina cando vostede teña descuberto o significado desas letras.

—Como queiras, ho! Cópiaa pero non me derrames[13] o papiro.

—Perda coidado.

Alveiros calcou as letras nun papel transparente e gardouno.

11. Adxectivo que, normalmente, se emprega para referirse ás persoas. Aquí viría ser algo así como: "Que ten características nobres, que destaca polas súas calidades".
12. Dicir unha por unha as letras dunha palabra.
13. Estragues.

Ó saír, anoitecía. O tranvía non viña e Alveiros deu volta a pé. Íanse acendendo as lámpadas e a estrada, coas súas casas baixas cheas de tabernas, de tendas, tiña unha aparencia fea de bafo e de barullo.

O meu velliño mestre non poderá interpretar esas letras tan fóra do corrente... Todas as linguas veñen dunha lingua soa, a primeira de todas: o sagrado "zenzar[14]". As palabras máxicas que non se poden traducir son anacos fósiles da lingua sagrada... Esta lingua escribíase nunhas letras que eran ó mesmo tempo hierogramas[15], fonemas, números e notación musical. Desta escritura veñen todas as outras en sete brazos: os "quípos" do Perú, os "kua" de Fo-hí, os xeroglíficos de Henues, as cuñas de Oannes, os glifos dos Maias do Iucatán, as "runas" nórdicas" e as "cup-marks" de Gran Bretaña... Entre a primeira escritura chinesa e a numérica arcaica, imítanse tanto que deben vir da mesma fonte. Se xuntamos con raias as "cup-marks" máis vellas, resultan figuras de constelacións, e o conxunto imítase á primitiva escritura chino-sumérica. As figuras esas poden tamén ser "quipos" desenvoltos como os dos glifos maias. Deste xeito as sete clases de escrituras vanse reducindo unhas ás outras... Se agora temos en conta que a escritura do papiro ese ten un pouco de chino-sumérica, un pouco das "cup-marks"

14. "Zenzar", segundo a teosofía oriental é a fala sagrada dos Iniciados na Ciencia Oculta, e que foi onte na Idades de Ouro, a fala de todos os homes. Pódese dicir tamén que foi a que se falou no Paraíso Terreal (V. H. P. Blavatsky, *Isis Unveiled*). [Nota no orixinal.]
15. Palabra derivada do grego que significaría literalmente palabra sagrada. Eran letras ou símbolos que podían usarse tanto como protección, maleficio ou para transferir propiedades sobrenaturais a un obxecto ou lugar.

con raias, e un pouco da nínica, debemos caer na conta de que estamos de diante da escritura máis preto da primeira de todas, se non é ela a primeira de todas que ben pode que sexa... O día que isto se publique, non digo eu a que se vai armar no mundo da ciencia...

Ben, é que? Imos ó noso: se o razoamento vai ben enfiado, o escrito debe estar en "zenzar"... Pero, como vou facer para descifralo, se eu non sei que haxa no mundo quen saiba "zenzar[16]"?

Viña o tranvía toupetante e luminoso. Alveiros pillouno e chegou a casa.

Oito días estivo estudando o reescrito, entre libros de arqueoloxía e de ocultismo. Comparou a escritura aquela coas figuras que fan as estrelas no ceo, cos símbolos alquímicos, cos signos do Zodíaco e dos planetas, cos polígonos regulares, con todos os esquemas que tivo á man. Resolveu mil cuestións de simboloxía. Os problemas do comezo enchíanse de luz no seu miolo, pero non atopaba a tradución: á correspondencia fonética daquelas letras non se podía chegar por ningún camiño. Traballou coa alma... Traballou un día máis que o Creador, pero é que o creador non traballaba por trinta mil pesos...

16. As escrituras de que vai falando para si o doutor Alveiros son as máis vellas que se coñecen. Os peruanos para escribir facían nós nunhas cordas que se chamaban "quipos". O emperador da China Fo-hi inventou un xeito de escribir facendo combinacións con tres raias enteiras e tres partidas ás que se chamou "kua". As "runas" dos escandinavos foron primeiramente guizos pequenos, uns de tres pólas, outras de dúas e de árbores diferentes. As "cup-marks", couponies ou cazoletas, son uns buratiños pouco fondos feitos nas penas que se atoparon en Gran Bretaña, en Francia, en Estremadura e ata na India, e suponse que foi quizais a primeira escritura dos homes (Vid. Rolt Brash, *The Ogam Craobs,* e os artigos de Mr. Rivelt Carnac no *Boletín dela Academia de la Historia*). [Nota na 1ª ed.]

O oitavo día, espapallado[17], non se ergueu do leito.

—Ai, que centella! Malos diaños non me coman! Que besta son! E pode que non faga falla rezar o reescrito: os lamas do Tíbet[18], meten as oracións nun muíño de man e danlle voltas, e cada volta que dan, vale como se dixeran a oración unha vez... E eu sen caer da burra!... Mira o demo!... E botouse a durmir.

Á mañá, descansado, colleu unha estampa cun muíño de oracións, foise a xunto dun carpinteiro e encargoulle un. Logo, copiou as letras en vitela[19] con tinta vermella e púxolle a Dehmel unha carta:

Sr. D. R. Dehmel
Moi señor meu:
Atopei o reescrito que lle cumpría. Agardo o que vostede dispoña.
De Vd. atento S. S. q. ll. b. a. m.
Bieito Alveiros

A resposta chegou deseguida:

Sr. D. Bieito Alveiros
Moi distinto señor meu e amigo:
Agárdoo a vostede na quinta feira 11, na miña casa, San Silvestre 13, 2º esqda. ás sete e media da tarde.

17. Feito papa, frouxo, desfeito.
18. Os "lamas" son os frades ou sacerdotes budistas do Tíbet que obedecen a un papa chamado dalai lama, que pretende ser unha reencarnación do Buda (Vid. Schlaginweith, *Voyage au Thibet*). [Nota na 1ª ed.]
19. Pel de becerra.

Seu affmo. amigo e S. S. q. ll. b. a. m.
R. Dehmel.

O venres ó serán, o Alveiros colleu o seu muíño de oracións co reescrito dentro e foise á cita.

Na tenda de abaixo preguntou;

—O Sr. Dehmel?

—Como di?

—Dehmel.

—Ese señor non lle vive aquí.

—Home! Pois el díxome que aquí, no 2º, á man esquerda.

—Ese piso estalle sen xente.

Unha voz desde a trastenda:

—Ai, miña nai! O señor refírese ó que viviu enriba, ó alemán, non se lembra?

—O alemán morreu, rapaza...

—Morreu? Cando...? Estes días?

—Xa lle vai para cinco anos.

—Como! Hai cinco anos?

A rapaza volveu de novo:

—Non di vostede o Sr. Dehmel, un alemán?

—Un alemán, supoño, Dehmel, no 2º, á man esquerda.

—Pois repare, señor: ese alemán, que era do comercio, viviu onde vostede di; pero morreu, xa vai para cinco anos... Aí deixou os seus bademecos[20], mobles moi bos e ninguén os veu recoller. E o piso non ten moradores; ninguén veu pretendelo. De maneira que alí non hai nada.

20. Carpeta grande para gardar documentos e papeis.

Alveiros era ocultista.

—Pois eu, se me deixan subir, subo.

—Suba, suba, señor, pero xa verá como lle é certo...

O ascensor parou diante dunha porta que inda tiña unha tarxeta posta con chinchetas que dicía: "R. DEHMEL".

O Alveiros tocou o timbre. Ouvíronse pisadas, ouviuse un ferrolllo, unha chave e logo o seguro.

—Faga o favor de pasar e non se quite o sombreiro.

A entrada estaba ás escuras. O home de bata e gorro turco fixo pasar o Alveiros a un despacho moi curiosiño, á americana, cun *bureau* e enriba del unha lámpada con "abat-jour" verde.

—Séntese, faga o favor.

Entón viu o Alveiros que a face daquel señor era unha caveira que o miraba cos seus buratos mouros e a man que lle amosaba o asento era un feixe de ósos da cor dos dentes de elefante. O Sr. Dehmel era un esqueleto.

—Non me estraña que lle impoña o meu tipo —dixo Dehmel ó ver que o Doutor se botaba para atrás— Tenme que dispensar, pero xa ve..., non tiña outro xeito para presentarme.

Os dous calaron.

—Trouxo o reescrito? —dixo logo Dehmel para pegar a conversa.

—Velaquí está— respondeu o Alveiros mostrando o seu muíño de man... Tragou a saliva e comezou a dicirlle ó outro a maneira como pensaba facer para conseguir o efecto que procuraba, e a historia enteira do reescrito.

—Paréceme ben —dixo Dehmel— e agora teño que pólo a vostede en autos... E non sei como hei de facer para preparalo... Téñolle dado mil voltas! Pero, ó conto... Abofé lle digo que vai vostede a se meter nun mundo que non sospeita seguramente a pesar dos seus estudos, por que é que hoxe en día os homes non se teñen ocupado del...? Soamente na Idade Media... Pero a todas estas vostede non sabe con quen está falando; voullo dicir antes de nada, e tamén como fun encargado desta angueira para a que lle xuro que non tiña eu experiencia nin costume. Eu chámome Roberto Dehmel, son de Dusseldorff; hai 15 anos vin aquí representando unha casa de aparatos de óptica; aquí vivín e tiven o meu despacho ata hai cinco anos en que morrín dunha doenza crónica na gorxa, aínda que grazas á miña industria, a miña casa, como ve, atópase como cando a deixei para ir ó camposanto, e así é como podo vir a ela cando me peta e isto veume moi ben para o asunto este... Está a súa disposición... é pobre como foi o dono... logo a verá, pois de aquí a un pedazo imos cear.

—Ai, iso non! —dixo o Alveiros—. Eu voume; tenme que dispensar, señor Dehmel. Estímollo, ben o sabe Deus, pero non podo... Deus llo pague.

—Alto aí! —clamou Dehmel pegando na mesa cos ósos da man— V. ten que pasar a noite na miña compaña. Non lle podo devolver a liberdade ata o romper do día. As ordes que teño non admiten desculpa. Vostede queda ou non leva o premio. Agora, vexa o que lle convén mellor.

—E que eu non sabía isto, meu santo. Repare que eu non podo faltar da casa... Xa ve... Que vai dicir a miña xente?

—Non pase pena. Todo ten compostura neste mundo. E déixese de andrómenas[21], que os trinta mil pesos ben valen que un pase unha mala noite. Non sexa tolo e faga o que eu lle digo... Mire, no xantar non se fixe, que inda que eu non coma senón caviar e pan de glute, para vostede ha de haber do que comen os vivos. E na viaxe tampouco...

—Pero hai unha viaxe? Vostede seica quere acabar comigo!

—Non home, non. Iso non vale nada. O tren non sae ata dar os tres cuartos para as doce. Ás once e media temos que estar na estación. Inda temos tres horas para que eu lle poida falar de todo...

E Dehmel deulle un cigarro ó Alveiros, acendeu el outro e púxose a fumegar por todos os buratos da súa caveira.

—Dicíalle antes que se ía meter vostede nun mundo que os vivos non sospeitan, e élle certo. Pouco ou nada saben os homes do que agarda ó espírito atrás da morte, pero inda menos é o que sabe do que lle ha pasar ó corpo... Vostede vai ser o primeiro que estando vivo vai mirar de fronte a ese misterio, e pódeo crer que o descubrimento que vai facer, se tivese permiso para o publicar, deixaría atrás todas as revelacións de Swedemborg e de Allan Kardee[22]... Porque vostedes preocúpanse

21. Enredos.
22. Fundadores do espiritismo moderno.

soamente da alma, cousa na que un se pode trabucar tanto... Tamén eu fun espiritista no meu tempo e asistín a moitas sesións, e hoxe dáme vergoña ter gastado o tempo naquelas tolerías. Asegúrolle que desde o día da miña morte non me volvín ocupar da miña alma, e inda dubido tela tido... Se cadra, esas ideas ofenden ás conviccióǹs súas neste punto, e ata pode ser que lle fagan perder as esperanzas que quizais puña vostede neste caso que lle está acontecendo. Ben, falando de conciencia, eu non nego a vida do espírito atrás da morte, eu diso non sei nada. Soamente lle quero dicir que o que é iso, a min nin me toca nin me importa, nin a min nin ós que me mandaron falar con vostede. Estamos todos moi conformes de atoparnos libres da escravitude noxenta á que os nosos espíritos nos tiñan suxeitos en vida, e non perdemos xeito de celebrar a nosa liberdade.

—Sabe o que estou pensando, Sr. Dehmel? —replicou o Alveiros— Pois penso que vostede fala igual que os místicos[23] que no mundo dos vivos apelidan pola liberdade das súas almas suxeitas á escravitude da materia... E non será que o corpo e o espírito se non queren ver xuntos? E non virá disto a tristura da vida dos homes?

—Pode ser... Polo tanto, esquézase por unha noite de todo o que ten aprendido tocante á vida de ultratumba, pois eu prometo amosarlle outra vida de ultratumba ben diferente da que vostede ten costume de imaxinar, e esta que eu digo, perfectamente real, material, que se

23. Os que se preocupan da vida espiritual.

ve, que se oe, que se cheira, que se apalpa e que vostede estaba, sen dúbida, ben lonxe de sospeitar...

—Ai, iso pódeo xurar! Non soamente non tiña mente dela senón que inda que V. mo di, eu non lle comprendo nin gota, e prégolle que me faga o favor de dicir como pode ser iso.

—A iso imos. Mire doutor, vostedes non teñen medo de afirmar que a alma segue vivindo logo de se separar do corpo, e en cambio, cren que este, desde o instante en que a alma se vai, está condenado a unha desintegración fatal. Pois non é certo. Eu, como lle dixen nin podo afirmar nin negar ningunha cousa da alma pero o corpo, asegúrolle que segue despois de morto un xeito especial de vida, material, claro está. E se non o quere crer, aquí me ten a min: máis proba, paréceme que non cómpre. Os vivos non saben nada disto, inda que houbo un tempo en que o sospeitaron. O feito real e verdadeiro da Danza Macabra[24] foi coñecido, sen dúbida, por algún visionario da Idade Media e quedou na lenda e na arte, mais como o tomaron nun senso simbólico, as xentes trabucáronse. Senón, houbérannos descuberto, e entón....

Un esqueleto moi ben posto, de frac, cun pano na man, veu dicir que a cea estaba na mesa.

Ergueuse Dehmel e pasou o Alveiros ó comedor.

Mentres xantaban, o esqueleto atopábase alí para servilos, calado.

24. O lector atopará unha magnífica descrición da Danza Macabra polo xeito da concepción da Idade Media, na novela *La sirena negra,* da condesa de Pardo Bazán. [Nota no orixinal.]

—Inda non comprendo —dixo o Alveiros ó cabo dun anaco— como pode ser esa vida especial que levan os corpos dos defuntos. Eu pregaríalle que concretase.

—Élle moi difícil, doutor. A nós, os defuntos interésannos moi pouco a explicación das cousas. Atémonos ós feitos. Ademais, como os meus coñecementos neses asuntos eran xa poucos en vida, non llo podo expoñer como vostede quixera. A min destináronme para esta angueira pola miña experiencia dos negocios, non polo meu saber. Verá do que veu isto: unha das nosas maiores autoridades en coreografía, o libio Chubu, tivo ocasión...

—Déixese diso, por Deus; logo mo contará —repuxo Alveiros— Agora dígame antes de nada como pode vostede vivir...

—Sempre coas cousas transcendentais, coas causas e os efectos ás voltas; sempre o cientifismo, a metafísica! Que se lle vai facer...! Escoite, ho, escoite: o corpo abandonado polo espírito, non colle a verdadeira vida, ata que a súa materia queda reducida á arquitectura ósea, que é o único que cómpre necesariamente para vivir...

—Pero, unha máquina sen motor, como pode...?

—Mire, non me atalle, que se me vai o santo ó ceo... Non ten máis que ver o que fai un neno cando pinta. Un neno é un home que inda ten a súa primeira intuición pura das cousas... Pois vostede colle un rapaciño e dille: píntame un home, e o pequeno fai un redondel para figurar a cabeza, un pau para o corpo, outros paus para os brazos e as pernas; simplifica a figura humana ata imitar moito máis a un esqueleto que a un home vivo...

E que o home só chega á súa perfección no esqueleto... Porque mire: a máquina non precisa motor senón é no mentireiro mundo dos vivos, onde a materia se atopa corrompida pola infusión do espírito que a fai como se dixéramos "levedar[25]" como leveda o pan. A fermentación vital da que vén o fenómeno biolóxico... Pero no mundo da materia morta, no mundo da materia pura, libre de corrupción espiritual, no mundo da materia verdadeiramente material, entérese doutor: unha máquina móvese sen motor, móvese por si mesma, quero dicir pola virtude da lei xeométrica da súa construción. O esqueleto humano é a máis marabillosa síntese xeométrica que se pode pensar. Por iso, o defunto non chega a se mover ben, ben, ata que perdeu todo o que nel se pode corromper. Os homes prehistóricos, os homes daquelas civilizacións insignes que vostedes chaman Idade de Pedra —moito máis civilizados ca vostedes— sabían este segredo, e quitábanlle a carne ós esqueletos antes de enterralos... Inda lle quedan moitas cousas por saber...

E Dehmel quedouse meditando para si.

—Vostede di —observou Alveiros— que se moven pola lei xeométrica da súa construción...

—Digo, si señor. É difícil que vostede se decate ben. No mundo da materia todo é xeometría, como no do espírito todo é música... Pero íalle dicir como me mandaron detrás do reescrito. Referíalle que o libio Chubu, que morreu hai moitos miles de anos, é unha das nosas maiores autoridades en coreografía. Pois a súa sepultura,

25. Fermentar.

que estaba preto dunha aldea da Cirenaica, violárona hai dous anos uns sabios e levárona ó museo de Bulak, onde coñeceu a momia do faraón Thoankhamon. Falaron e Chubu contoulle o que facían os defuntos, e mencionou a Danza Macabra. Entón o exipcio quixo vela...

—Pero, a Danza Macabra? —observou Alveiros.

—Xa lle dixen que non me interrompa. A Danza Macabra é unha realidade, e moi logo vaino comprobar vostede polos seus ollos... Pero vexa: Chubu tivo que levar ás costas o faraón a ver a Danza... porque advírtolle que as momias exipcias —e este é o motivo de telo metido a vostede neste negocio— están impedidas e non poden facer ningún movemento, unha, polo procedemento de pólas a secar, que lles pega a pel ós ósos e outra, porque van envoltas en faixas cheas de reescritos máxicos que teñen moito poder e sen rompelos non poden mover pé nin man.

—Pero, con romper as faixas...

—Non serve de nada, o poder dos reescritos non se desfai con iso.

—Logo, no mundo dos mortos, no mundo da materia pura, a Maxia fai efecto?

—A Maxia ten poder en todos os mundos: no do espírito e no da materia.

—Entón... Pero vostedes non coñecen e non practican a Maxia?

—Algúns sábena, mellor dito, soubérona noutro tempo, pero vana esquecendo pouco a pouco, como todo o que aprenderon en vida. Consérvano mentres persiste nos ósos da cabeza unha impresión que se imita

un pouco á que levan os discos do fonógrafo, pero conforme vai pasando o tempo, vai desaparecendo ata que se vai de todo. Entón é cando o defunto chegou á súa perfección e á perdurabilidade— Se pode facer que a súa sepultura non a remexa ninguén, é, como se dixeramos, inmortal...

—Escoite, e os corpos que se queiman?

—Ai, con eses non hai nada que contar, malpocados!

Calaron un instante, e ó cabo, Dehmel consultou a súa mostra e dixo.

—Podemos ir andando... Son as once e media e o tren sae ás doce. Recolla, Hermann,

O criado esqueleto recolleu a mesa axiña, mentres Dehmel quitaba a bata e o gorro e puña un abrigo de peles e un sombreiro. Deulle ó Alveiros un habano e acendeu el outro.

—Velaí está o coche— dixo Hermann.

—E as maletas? preguntou Dehmel pondo os guantes.

O criado amosoullas xunto á porta.

—Imos, doutor?

Baixaron. Á porta estaba un magnífico Renault que conforme se meteron nel, saíu como unha centella.

—Imos —dixo Dehmel— devolverlle o movemento á momia de Thotanchamon.

—Pero, imos ir a Exipto? Tatexou Alveiros

—Non

—E logo?

—Atoparémolo máis preto,

—El non está no Museo de Bulak?

—Arestora, non.

—Velaí inda non me dixo como os defuntos deixan as súas sepulturas.

—Iso inda lle é xeometría. Fano movéndose nun espazo de máis de tres dimensións. Non lle estou forte nesas cousas.

O automóbil parou. Entraron nun inmensísimo caserón. Ser, era unha estación do camiño de ferro mais non era da vila. Entraban moitos viaxeiros moi envoltos nos seus abrigos, e facíase todo caladamente. Dehmel arrimouse a sacar os boletos e saíron á plataforma.

Unhas plataformas inmensas, pouco alumeadas, silenciosas e un tren moi longo, moi liso e moi negro formado na primeira vía. Dehmel, Alveiros e o criado metéronse nun vagón de primeira que era igual que todos.

De alí a un pouco, sen aviso ningún, o tren botou a andar sen facer ruído. Sentir, sentíase que a velocidade era tola. Os viaxeiros non volveron dar fala.

O tren parou e o criado colleu as malas, mentres Dehmel abría a porta.

—Xa? —preguntou Alveiros.

—Xa —respondeu o outro.

Baixaron. Metéronse nun toco[26] escuro e estreito e andaron un pouco. Ó fin foron dar a un sitio cheo de luz.

Alveiros, que traia os ollos da escuridade, ó principio non se decatou do que vía. Era unha grandísima rotonda, cuberta cunha bóveda de inmensas estalac-

26. Buraco que fan debaixo da terra certos animais para viviren ou refuxiárense nel.

titas onde xogaban as luces de moitos miles de focos dunha nunca vista intensidade. Víase igual que polo centro do día. Á súa beira, Dehmel quitaba o abrigo. Había un rebumbio que non deixaba a un entenderse. A man esquerda, unha chea de esqueletos afinaban os instrumentos, debía ser unha orquestra de máis de 400 profesores. Alveiros distinguía os violíns, as arpas, os violóns, os timbais, os redobrantes, os óboes, as trompas, os fiscornos... No medio rebulían entre a chusma de esqueletos espidos que rían e berraban, uns cantos con vestidos de cores brillantes. Aquilo era bonito de verdade.

Ía Dehmel collelo polo brazo, pero ouviuse petar coa batuta e os esqueletos fuxiron rindo e fóronse meter nos buratos de sombra.

O mestre petou de novo, e a orquestra comezou unha sinfonía fantástica, tan extraordinaria, tan poderosamente suxestiva que deixaba atrás, a canto Alveiros ouvira na súa vida... Comezaron a saír ó círculo, baleiro arestora, esqueletos envoltos en vestidos bordados de ouro e pedras preciosas, con plumeiros altísimos, con espadas e alfanxes[27] damasquinados[28], dos que as follas brillaban como lóstregos nas mans lixeiras dos bailaríns, con gasas transparentes que os cinguían en néboas de cores. Era un baile dunha vistosidade e dunha arte tan meiga que nin as máis estupendas creacións dos danzantes nosos podería ter con el a máis remota comparación... A música,

27. Sabre curto, de folla ancha e curta.

28. Traballado con filamentos de ouro ou prata.

como se fose cousa de fadas, facía tolear, facía rebulir o sangue de tal xeito que o doutor Alveiros sentía proídos nos pés, como se lle entrase o formiguillo... Ó redor do circo, trípodes de oricalco[29] onde cazolas fumegantes queimaban perfumes suavísimos e enlouquecedores...

E aquela era a Danza Macabra dos visionarios medievais? E en que se imitaba aquela prodixiosa festa onde todos os sentidos eran agarimados polas máis doces sensacións de arte de gozo ós terroríficos monicreques de Holbein e mais do vello Breughel? Que tiña que ver aquilo coa estúpida artificiosidade pseudoartística que Saint Saens se atreveu a chamar Danza Macabra...? Razón tivo o vello faraón exipcio para desexar a liberdade rompendo os reescritos que lle impedían tomar parte naquela alegría que reloucaba...

Concluíu aquela tocata, e Dehmel levou o doutor ó sitio onde estaban as momias, dereitas e tristes, no medio da alegría xeral.

Os esqueletos xuntábanse ó redor do Alveiros e preguntábanlle. Nisto achegouse un vestido como un gran sacerdote oriental. Dehmel presentounos:

—O gran Chubu; o doutor Alveiros.

Chubu fixo unha gran zalema[30], e díxolle:

—Ti es o primeiro home vivinte que mirou a Danza da Morte, estás satisfeito?

—Estou que toleo —respondeu Alveiros.

—A Morte ha chegar un día que sexa a Reina do Mundo —segundo o libio— Cando todos os espíritos

29. Metal lendario mencionado, entre outros, por Platón que, segundo parece, existía na Atlántida, a illa mítica que desaparecería baixo o mar.
30. Reverencia ou cortesía humilde en mostra de submisión.

se teñan ido, ata o derradeiro, os defuntos habemos ser os donos da terra e habemos facer nela o que nos dea a gana. Entón a Danza Macabra hase bailar polo día. Gran día de Gloria!

—Seredes a derradeira clase da sociedade en obter as vosas reivindicacións —observou Alveiros.

—Mais obterémola para toda a eternidade— replicoulle o libio— Entón si que non haberá xa tiranías no mundo.

Calaron. Entón Dehmel indicou:

—Chubu, é tempo de que nos poñamos á operación antes de que conclúa o descanso.

Chubu fíxolle un sinal ó doutor e achegáronse onde a momia de Tothankhamon. Alveiros sacou o muíño de oracións, explicou *por brevis et breve*[31] o seu funcionamento, e comezou a lle dar voltas.

A momia comezou a remexer. Víaselle na face a forza que facía ó rebulir entre as faixas. Ó fin, as faixas comezaron a se esgazar[32] e a caer como farrapos desfeitos todo ó longo do corpo. O faraón sacou os brazos para desentumecerse... As momias que estaban preto dos operadores, tamén se ían desempanicando[33]...

Oíuse en todo o recinto como se batesen tarabelas[34] que facían un estrondo de cincuenta mil tronos: eran

31. En latín, de forma breve, concisa.
32. Rachar, romper.
33. Desenvolver o que está atado en panos. Tamén sacar o pano ou atadura que se lle acostumaba pór ó cadáver antes da rixidez para que a boca quedase pechada.
34. Trebello para espantar os paxaros, xeralmente con aspas que baten contra un obxecto metálico, e fan ruído.

os esqueletos que lle aplaudían ó Alveiros. A orquestra comezou unha xigantesca marcha triunfal, e os esqueletos rodearon o doutor, erguéronno no lombo e deron volta á sala no medio dunha ovación delirante.

Ó final pousárono cara ó faraón, que poñéndolle as mans no lombo, deulle un bico na fronte.

—Que Osiris cho pague, meu vello— dixo solemnemente.

Entón veu a danza xeral, delirante, louca, tola, frenética. Os esqueletos brincaban, corrían, botaban un detrás do outro, facían roda como fan as bruxas e daban voltas como os dervixes[35] volteadores, rían, berraban, aturuxaban, facendo un rebumbio que deixaba xordo a un ó que facía acompañamento a orquestra cun "prestissimo" que facía tolear...

Alveiros e o faraón, collidos da man, metéronse no medio do baile e a loucura durou ata que, por riba do inmenso estrondo, ergueuse, como a trompeta do xuízo final...

O CANTO DO GALO

Os esqueletos perderon xa o pouco xuízo que lles quedaba:

—A de Deus!

—Fuxamos!

—Auxilios!

35. Entre os musulmáns, especie de monxes que usan a danza xiratoria, en círculos continuos, como medio para alcanzar a éxtase relixiosa.

—Sálvese quen poida!

—Por aquí!

—Pola porta!

Turraban polo Alveiros, cando dun lado, cando do outro, ninguén entendía nada e de medo, topando uns cos outros, caendo, erguéndose...

Apagáronse todas as luces.

Alveiros sentiu que o empurraban, que o collían, que o levaban arrastro... Logo, no aire...

Logo comezou a sentir un afogo, unha estreitura e un medo que arrepiaba... Sentía que por todos os lados tiña pedra pegada ó corpo, unha pedra mollada que fedía a podre; tiña un frío que se lle metía nos ósos... Botou a man e atopou un esqueleto deitado á beira del. Sacudiuno:

—Señor Dehmel! Ai, señor Dehmel!

O esqueleto non respondía. Aquilo si que era gordo. Alveiros enrabechado e tremendo de medo pegou a berrar e a petar nas pedras e no esqueleto, arrimándolle cada suco que lle descompuxo ós ósos... Suaba, afogaba, porque lle ía fallando o aire, e ó mesmo tempo arreguizábase de frío...

Por fin botouse a chorar...

Ó cabo...

Ó cabo, viña o descanso e a luz...

Alveiros abriu os ollos: estaba na cama, estaba no seu cuarto, entraba o sol.

—Vaia, que che tiven un soño!

A criada abriu a porta e tróuxolle o almorzo e unha carta.

Alveiros agardou un pouco. Logo tomou o chocolate. Despois abriu a carta.

No sobre viña un cheque por valor de 150.000 pesetas, e a seguinte carta:

Señor Dr. D. Bieito Alveiros.

Meu moi distinto amigo:

Con esta vai un cheque por valor de 150.000 pesetas que é o que importa, o premio que fixo anunciar o Faraón Thotankhamon. Tenme que dispensar o moito que o amoquei[36]*, e tamén por telo deixado onte a última hora. A culpa non foi miña. E pódese decatar ben, se se lembra do noxento incidente que deu cabo á nosa festa, e que puido facer que vostede viñera antes de tempo, a xuntarse para sempre connosco. Coa mellor intención do mundo, metérono a vostede nun nicho do camposanto vello. Ó cabo tiven a fortuna de liberalo a tempo.*

Crea na gratitude eterna do Faraón e de todos os exipcios embalsamados que estiman moito o servizo que lles fixo, e tamén no do seu amigo, que desexa agardalo aínda por aquí moito tempo.

R. DEHMEL

36. Amolei, molestei.

O PORCO DE PÉ[1]

Na posguerra, don Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a alcalde. A parenta inflou como o fol[2] da gaita.

Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla[3] e petigrís[4]. Fixeron casa nova e teñen outro automóbil. Aínda podían ter máis.

Vouvos referir a vida de don Celidonio e do seu sogro e principal[5] Baldomero García, aquel que lles berraba ós seus mancebos[6]: "Cando na miña casa entra unha peseta, para que volva saír, cómpre facer un expediente!".

Deste xeito veredes o que vai de tempos a tempos.

1. *O porco de pé*. A Coruña, Pubricacións Galegas e Imprenta, 1928.
2. Parte da gaita en forma de bolsa de coiro, onde se almacena o aire e que se aperta para facer soar o punteiro.
3. Mamífero roedor do que existen diversas especies propias de América do Sur, de pel gris clara, ollos grandes, orellas arredondadas e extremidades desproporcionadas.
4. Variedade de esquío propio que se cría en Siberia cuxa pel é moi apreciada polos peleteiros.
5. O que está á cabeza dun negocio.
6. Mozos que traballan nunha tenda.

De camiño tamén vos hei contar algo do seu antitético antagonista o doutor Alveiros, o libertador da momia de Tutankamon, pois se non pode concibir a unha sen a outra, xa que ademais de todas as outras cousas que aquí se han ver, alquimicamente, con respecto ó diñeiro, o doutor Alveiros é o *solve*, e don Celidonio o *coagula*.

Non ha vir mal unha definición de entelequias[7].

Coagula. Teño eu feita a descuberta da lei do diñeiro, que hoxe á a lei fundamental da economía política. Esta lei é a seguinte:

"O diñeiro atráese un ó outro en razón directa da súa masa, e sen consideración ó cadrado da distancia[8]"

Cando eu expuxen esta lei na mesa do fondo do Café Novelty, ó lado da porta de espelliños viselados por onde un vai ó mexadeiro, díxome Aser das Airas:

—Esa non é descuberta, iso non é máis que a lei da "acumulación da supervalía", de Carlos Marx. Esa lei é a que fai concentrar o capital. E ademais é unha cousa boa, como vostede pode ver no parágrafo 18 do capítulo II do resumo de Bujarín[9], porque soamente mediante a concentración do capital se pode chegar a unha socialización centralizada da produción, e soamente estando a produción centralizada se pode chegar á organización comunista.

A cousa non ten volta: o señor Daniel das Airas fixo os cartos que tiña cos réditos[10], coas hipotecas e cos pau-

7. Cousas, imaxinarias e ideais que non teñen existencia real.
8. A frase é unha parodia da Lei da gravitación universal.
9. Nikolái Ivánovich Bujarin foi un político, filósofo e economista ruso.
10. Beneficios que produce ó cabo de certo tempo, un capital emprestado ou investido.

tos[11] de retro; o seu fillo, o Samuel, fíxoos medrar polo mesmo procedemento; así foi como se fixo coa fábrica e coas minas. O neto, o Aser, é comunista. O pai e mailo avó non fixeron máis que preparar o advenimento[12] do comunismo. Se tarda moito en vir, o Aser seguirá cos preparativos.

Boh! Que máis ten! Para o meu bolso non ha correr endexamais a plusvalía[13], nin co comunismo, nin sen el; a ver se corre para o de don Celidonio, e mais para o de Samuel das Airas.

Solve. Fose Carlos Marx, fose eu, quen descubriu a lei do diñeiro, o que sei é que dar, dáse. Ora tamén, cando ó diñeiro lle pega a forza centrífuga —como lle acontece cando eu xunto unhas cadelas— daquela non hai quen o conte: devala e escoa coma a auga...

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo[14] sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda[15]; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro[16] do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto[17] derretido, as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para abaixo.

11. Suposto pacto feito co demo.
12. Chegada.
13. Segundo a teoría marxista, diferenza entre o custo do salario recibido polo obreiro e o valor dos bens producidos por este, da que se beneficia o capitalista.
14. Parte carnosa e regordecha da cara.
15. Cada un dos pelos fortes e duros de certos animais.
16. Parte sen graxa do xamón.
17. Graxa que envolve os intestinos dos animais, en particular a do porco. Lardo, touciño.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro[18].

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo[19] de don Celidonio. Se lle escachasen a testa[20], que tiña que ser con pauferro[21] e picaraña[22], en lugar dunha sesada habían atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro que por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo as frieiras[23], enzoufado[24] no aceite e no bacallau.

Tamén Baldomero García viñera de Castela, vendendo queixo de pé de mulo polas portas, cunha blusa azul, curta, cirigolas e chapeu como o dos charros[25] de Salamanca. Era pequeno, feito de cordas e sarmentos[26], e tiña a gadoupa engurruñada[27], adoito[28] para apañar as cadelas[29].

18. Estrutura, tradicionalmente de madeira, que se coloca enriba do lume para ir curando e secando alimentos como os chourizos
19. Encéfalo.
20. Fronte.
21. Pau de ferro que se usa para facer panca ou para facer buratos na pedra.
22. Ferramenta que se usa para cavar en sitios duros. Pico.
23. Pequena inflamación da pel que aparece principalmente nas mans, nos pés e nas orellas, a causa do frío.
24. Moi manchado.
25. Aldeáns de Salamanca.
26. Varas das vides.
27. Encollida, encurvada.
28. Afeito.
29. Moedas de pouco valor.

A poder de pasar fame, puxo unha tenda nun buraco cheirento e escuro, alumado con vela de sebo, e durmía na trastenda[30]. Despois gañou e chegou a mercar a casoupa[31] na que vivía. Logo gañou máis, alugou a tenda e mudouse para outra meirande, e trouxo da súa terra a dona Emerenciana, co seu capacho[32] e o seu periquito no cume do peiteado, que metía na praza moeda falsa e rifaba coas regateiras e cos parroquianos, e á Nicasia, a filla, a quen non deixaba medrar a nai, que tiña un xenio como un can adoecido.

Os tres cheiraban a bravío, como as cabras. Mais a forza de fame, aforraban e daban réditos. E chegaron a mercar outra casa na Praza Maior. E despois gañaron máis, e mercaron a casa na que vivían e tiñan a tenda e as rendas dun señor velliño que alí morreu e que lles debía cartos.

E fóronse achinando. A larota[33] era boa, mais o negocio ía para adiante, e por fin arriscáronse a levar a tenda para a Praza Maior, xa que non tiñan que pagar alugueiro. Daquela foi cando trouxeron o Celidonio.

Había na vila comerciantes vellos, de moita fachenda, que andaban no comercio, cun pucho negro de raso de seda e trataban coa xente principal.

Cando o Baldomero ía algún domingo pola rúa, co seu vestido gris, e topaba con aqueles comerciantes tan aseñorados, de bimba[34] e de barba, de sobretodo[35] negro e

30. Cuarto que está detrás da tenda.
31. Casa ruín, de pouca calidade.
32. Cesto.
33. Fame canina.
34. Sombreiro de copa.
35. Abrigo.

botinas de charón, que paseaban ó mellor co Presidente da Audiencia, o Baldomero saudaba moi humilde sacando o chapeu:

—*Usted lo pase bien, don Laureano... Que vaya usted con Dios, don Nicanor...*

Eles acenaban compracentes coa testa, dende o seu señorío, e respondían moi graves:

—*Adiós, Baldomero.*

E seguían para adiante, latricando co Presidente da Audiencia.

Don Laureano crebou, e o seu negocio foi dar ás mans do Baldomero. Don Nicanor morreu, e os familiares meteron empeños para que o Baldomero lles collese o traspaso.

Cando chegou don Celidonio o seu principal non levaba aínda gravata.

Daquela, don Celidonio era un rapaz moi novo, gordo e case bonito. Se non cheirase a queixo fresco e a aceite, e aínda por tempos a gas, aínda, aínda... A filla de Baldomero estaba afeita ó cheiro.

Era máis vella que don Celidonio, máis ancha que alta e non tiña pescozo. Non era tan enrabechada nin tan rabela[36] como a nai. Cortaba tan ben o xabón, cun arame delgadiño, que máis ben daba de menos que de máis.

Aínda que xa ascenderan a ter mostrador de mármore (o que tiñan na outra tenda era de zinc), principal e mancebo levaban a longa blusa azul do seu mester.

36. Retorcida, de malas intencións.

Nela, don Celidonio limpaba as mans e soaba os mocos e o Baldomero sacaba a pinga que lle caía do nariz no inverno.

Por aquel tempo, o Baldomero tiña unha capa con bandas encarnadas e un traxe gris, mercado nunha tenda de roupas feitas. Dona Emerenciana puña mantilla os domingos.

Os domingos ó serán ían o matrimonio, a filla e don Celidonio por unha estrada adiante, case sempre calados. O resto do día, dona Emerenciana empregábao en rifar co home, coa filla, con don Celidonio ou cos veciños.

Un día dona Emerenciana enrabechouse de tal forma porque lle faltaron tres cadelas, que se puxo negra como un condenado, e morreu de xenio, botando lume polos ollos. Como non podía falar, engarabitaba[37] as mans adoecida; a alma volvíaselle raios e centellas, e botouna polo bico, ardendo como unha moxena[38] do inferno.

Foi o modo de poñeren gravata Baldomero e don Celidonio.

E don Celidonio, que se lle fora o medo cerval que lle puña dona Emerenciana, casou coa filla e o pai interesouno no negocio.

Eu non quero de ningunha maneira imaxinar o que sería a noite de vodas, aínda que desde logo había ser cousa digna de ser referida. Debeu ser un idilio, o de don Celidonio con aquela rebola[39], enzoufado, farturento e

37. Curvaba.
38. Partícula con lume ou xa reducida a cinsa que salta dun corpo en chamas.
39. Pau xeralmente curto e cilíndrico, que se usa para rasar medidas.

espeso, que se podería cortar con coitelo como o toucIño, e pesar pola libra galega[40].

Eu quixera cantar estes amores crasos e lardeiros, aquela mestura farta de dúas almas que se derreten a unha na outra como se derrete na tixola a graxa dos roxóns.

Plácidos amores, amansados de tépeda quentura, que abala a alma durmiñenta, que se sente por eles lubrificada, e sente un pracer dondo[41] e lene, como cando lle untan a un o nariz con sebo para curar un constipado, ou a barriga cunha untura de aceite de ruda[42], para sandar unha dor de ventre, cunhas fregas suaves, a gusto e a modiño...

Así como dona Emerenciana morreu do mal xenio, Baldomero García do Comercio desta praza, morreu tamén como vivira: morreu restriñido[43].

Toda a vida fora un raña[44], que non pensou máis que en apertar e apertar e apertar: apertar a bolsa, apertar a gorxa, apertar a barriga, ó final, apertoulle a tripa e xa non andou máis. Morreu aforrando.

O xastre Nogueira fixo de don Celidonio un señor: chaqueta e chaleco negros; pantalón de listas; camisola branca, co colo amidonado[45]; gravata escura, con cra-

40. Medida de peso que variaba segundo os lugares. En Galiza, polo xeral, equivalía a medio quilo.
41. Suave, brando.
42. Planta que despide un cheiro forte e ten propiedades medicinais
43. Oprimido, apertado. Estrinxido.
44. Miserable.
45. Que se lle pasou o ferro con amidón, substancia que contribúe a que as prendas de roupa estean ríxidas.

viño[46] de brillantes, leontina[47] de ouro, delgadiña, nos bolsos de abaixo do chaleco; botinas lustradas, polainas grises; bimba na cabeza, sortellas nos dedos, con pedras finas, guantes de gamuza[48], abrigo de peles, sobretodo con solapa de raso de seda, reloxo de ouro, moedeiro de ouro, carteira de pel de Rusia, caxata[49] de Xava, pipa de ámbar para pito e para puro, pano de seda para os mocos...

Tamén ten traxes de levita, de chaqué[50] e de frac[51].

Desde que meteu os miolos na chistera, don Celidonio fíxose outro. Cando come, aínda fai *clape, clape*, coma os porcos na maseira[52], mais xa non come cos dedos, nin lambe o prato nos convites.

Eu penso que non é que metese a testa na chistera, senón a chistera que se lle meteu na testa, de sorte que hoxe domina toda a súa psicoloxía.

Unha chistera, semella que non ten nada dentro, dádeslla a un deses prestidixitadores ou ilusionistas que fan monicreques nos teatros —mester[53] que precisa protección por parte do Estado, pola transcendencia da súa función social: o ilusionismo enche dabondo a necesida-

46. Pasador, alfinete que se empregaba para suxeitar a gravata á camisa.
47. Cadea do reloxo de peto.
48. Trátase dun tipo de pel de antílope, parecido á cabra.
49. Bastón.
50. Roupa exterior de home a modo de chaqueta, que a partir da cintura ábrese cara atrás, e que se usa como traxe de etiqueta con pantalón raiado.
51. Traxe de cerimonia masculino.
52. Pía de pedra ou madeira onde se lle bota de comer ó gando, en particular ós porcos.
53. Traballo, oficio.

de de sobrenatural, de milagre que pode sentir o público das *varietés*— e principia a tirar dela fitas de cores, ovos, pombas que ceiba e voan, vasos de auga con peixes vivos, bonecos, flores, nenos pequenos, e aínda pode que haxa algún que saque automóbiles, casas e canto se lle meta na súa fantasía de máxico de barracón... Mais iso non vale ren: o que ninguén pensa é que unha chistera tamén leva dentro ideas, e mais leva todas as que enchen os diarios de sesións das cámaras, as actas dos concellos e das deputacións, as revistas académicas, os artigos de fondo, e a Gaceta.

Hai moitos que mentres non a puxeron eran uns calquera, e despois chegaron a ministros.

Ideas foi o que tirou da chistera don Celidonio.

NÓS, OS INADAPTADOS[1]

I

Eu caracterizaría os homes do meu tempo preocupados polas cousas do espírito, dicindo que eramos —e somos— os auténticos *vencidos da vida.* Moito máis vencidos do que Eça e que Ramalho[2]. Insatisfeitos, non conformistas, decote rebeldes. Vencidos da vida por *inadaptados.*

O problema dos inadaptados é un dos grandes problemas das decadencias. Hai neses tempos de economía, de política, unha chea de naturezas extremadamente delicadas e conscientes, depositarias das máis depuradas esencias da cultura, que aínda que non sexan desprezadas nin perseguidas, aínda que se vexan mesmamente agarimadas e axudadas, non se poden sentir solidarias co camiñar histórico do momento. E son os mal contentos, os difíciles de gusto, os desprezativos, os desgustados de

1. Fragmentos de *Nós, os inadaptados.* O ensaio publicouse por vez primeira, en 1933, no número 115 da revista *Nós* (25-VII-1933). Traballamos nesta antoloxía co texto, modificado polo autor, publicado en *Leria* (Galaxia, 1961).
2. Refírese a dous coñecidos escritores, moi amigos entre eles, Jose María Eça de Queirós (1845-1900) e Jose Duarte Ramalho Ortigão (1836-1915).

todo, os que andan á procura das cousas afastadas, estrañas e requintadas[3], os anormais por supernormais.

A nosa cultura de autodidactas, formada como Deus ben quixo, lendo libros e libros conforme nos viñan ás mans, se ben uns turraban[4] polos outros, fíxose principalmente en libros franceses. O francés era daquela, a única lingua estranxeira que coñeciamos ben, aínda que naquel tempo da nosa mocidade, por aquí en Galiza, a máis de moda era o inglés. Nós sabiamos algunhas verbas inglesas para mesturarnos na conversa, por moda, naquel tempo en que a última expresión de elegancia na nosa Terra eran os empregados do Cable de Vigo.

De Inglaterra, liamos, en traducións. Pero xa digo, as nosas lecturas predominantes eran francesas. O noso espírito zugou destas fontes unha ideoloxía vaga, non ben determinada, quizais contraditoria, que entrou en nós fondamente e para sempre, e, pouco a pouco, paseniñamente, foi collendo corpo e determinou o que habíamos de ser, pensar e sentir.

Cultura propia para introvertidos, filosofía de abstractores[5] de quintas esencias, de habitantes das torres de almasí[6]. Efectivamente: introvertidos fomos ata non chegar a nós o galeguismo. Vivimos asolagados no ensoño, moito máis do que no pensamento propiamente filosófico. Así e todo, tiñamos, xa daquela, e temos, unha filosofía, un verdadeiro sistema orgánico e vivente, unha concepción do mundo e da vida.

3. Refinadas, delicadas.
4. Puxaban, tiraban.
5. Illados mentalmente do mundo exterior para concentrar o pensamento en algo.
6. Diamante.

II

Os inadaptados son, por definición, os insatisfeitos do mundo sensible, os inimigos da realidade cotiá, os que procuran fuxir do medio que os rodea. De aquí a concepción da arte como evasión. Pero, enténdase ben: nós non desbotamos o medio natural, non condenabamos a natureza. Pola contra, paseabamos polo campo, procurabamos a aldea, e máis aínda que a aldea, o monte; sentiamos, xa daquela, a intimidade da paisaxe, e atopabámoslle mellor padal canto máis salvaxe, canto menos aparecera profanada pola man do home.

O inimigo estaba noutro lado: non fuxiamos do medio natural, do medio social que nos rodeaba.

Aquí cómpre que nos expliquemos ben, porque hai unha parte da mocidade de agora en franca rebeldía contra a sociedade actual, que naturalmente é mesmamente a mesma do noso tempo. Pero entre a rebeldía deses rapaces e a nosa non hai nada en común; son máis ben rebeldías en sentido contrario. Eses rapaces móvense por un interese social, levan, errada ou non, unha idea de mellora, de pretendida perfección, de reforma da sociedade.

Nós non eramos dese xeito. A nós non nos movía ningún interese social, non desexabamos ningunha reforma, non opúñamos a sociedade actual a ningunha sociedade futura.

A nosa rebeldía consistía en segregármonos espiritualmente da sociedade, desapegármonos das súas tendencias e dos seus problemas, illarnos na nosa altiva

indiferenza dos seus afáns e trafegos[7], das loitas e porfías[8] e a cumprirmos o noso rol sen ledicia e sen pena, e principalmente sen interese ningún.

Para nós, a profesión, o emprego, a angueira, non era nin debía ser máis que unha maneira de sacar un soldo para vivir, non podía ser tomada en serio, e inda era como vergoñento amosala fóra da oficina, do despacho, do taller. Fóra do sitio onde un traballaba, recobraba un a súa enteira personalidade e non tiña cousa ningunha que ver cos xefes, mestres nin compañeiros.

Compañeirismo, solidariedade profesional ou de clase, era como a política, os intereses públicos, a reforma social, a sociedade futura, a revolución, a utopía, preocupación e angueiras propias dos *filisteus*.

O *filisteu* era por definición, o home preocupado da cousa pública e dos seus graves asuntos: da política, do sufraxio universal, dos programas dos partidos, da banda municipal, do periodismo, das formas de goberno, das academias, dos Xogos Florais, da vontade popular, da pavimentación, do alumeado, do problema social, da instrución pública, do capital, do traballo. Todo home dese xeito constituído, fose el conservador ou revolucionario, mitineiro[9] ou cacique, gardador ou perturbador da orde era —e ha ser sempre— un *filisteu*. A súa representación simbólica era a do señor grave, notario, maxistrado, interventor de Facenda, con bimba

7. Traballos.
8. Discusións obstinadas.
9. Afeccionado ós mitins.

e leontina[10] de ouro; pero tamén o obreiro de blusa ou mahón[11] era *filisteu*.

III

Eramos sinxelamente individualistas.

Non hai máis que ver o diferente significado que agora e entón ten e tiña a verba *nós*. Cando un do meu tempo dicía *nós*, non se refería endexamais ós da súa xeración, nin ós da súa clase; referíase decote a un pequeno agrupamento identificado no pensar e no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo[12] —o noso tempo foi o dos cenáculos literarios e artísticos—. En troques, cando un mozo de agora di nós, refírese as máis das veces ós do seu tempo, á súa xeración.

Todo nos estaba permitido non sendo a infidelidade ó propio eu, todo excepto unha traizón á propia personalidade, todo quitando o devecer[13] do propio individuo. A regra suprema era ser o que un é ata o final, ser fiel á interna lei persoal do eu concreto e ceibe, sen concesión a ninguén nin a nada. Era unha moral de soberbios.

Polo tanto, e obedecendo ó axioma[14] "ser diferente é ser existente", cada un de nós puña o seu empeño en

10. Cadea do reloxo de peto.
11. Tea forte e fresca de algodón.
12. Reunión de persoas de ideas semellantes, especialmente de escritores, artistas ou filósofos.
13. Ir a menos, minguar.
14. Afirmación tan evidente e clara que é admitida sen necesidade de demostración.

non se asemellar ós outros en opinións, en gustos, en costumes, en dar a toda a súa vida un rubro[15] persoal e distinto. Non andabamos os uns atrás dos outros, como moitos hoxe fan, non seguiamos a moda, nin sequera no vestido; aínda nisto cada un procuraba levar algo que os outros non levaran. Non admitiamos nada uniforme nin en serie, antes ben procurabamos decote o que nos afastara da multitude, do uso xeral. Tiñamos noxo ó adocenado[16], ó vulgar, ó común, e calquera cousa rara, calquera extravagancia, atopaba en nós, quentura e aplauso.

IV

De aquí viña tamén a procura do exótico.

Non eramos, claro está, internacionalistas nin cosmopolitas. Internacionalismo, cosmopolitismo, desaparición das fronteiras, fraternidade universal, eran ideas que pertencían á bagaxe dos outros, dos *filisteus*. Pero tampouco eramos patriotas. O patriotismo daquela era o patriotismo de percalina[17], que pertencía ó común da xente, ó vulgo profano; aínda o casticismo[18] era unha cousa oficial, académica e filisitea. Nós eramos exotistas, partidarios do arredado, do recuado, do descoñecido. O noso ensoño ía cara ás terras exóticas, onde non

15. Título, rótulo.
16. Ordenado.
17. Tecido de algodón de baixa calidade, brillante por un lado, que se emprega especialmente para forros.
18. Afección ó que é propio e característico dun país ou rexión.

coñeceran as máquinas e os homes non levaran chistera: os recantos aínda case inéditos da India, da África central, do Tíbet "misterioso" ou cara ós tempos antigos de Exipto e Babilonia.

E estivemos peregrinado polas cosmogonías[19] e polas culturas, en demanda do insólito. Non sentiamos o que tiñamos á man, e se respecto de Europa eramos orientalistas, respecto de España eramos europeístas. E cando outros escritores modernistas, que nós criamos que dicían connosco, principiaron co casticismo e cos clásicos, foron por nós condenados ó esquecemento e ó desprezo.

VII

Para obter a revelación suprema da arte, cumpría, segundo nós, posuír un ingrediente psíquico que por non ter outra palabra mellor, chamabamos *espírito*.

Non é cousa doada explicar que é o espírito.

O espírito non é patrimonio de todos os homes. En relación con isto, nós viñamos a clasificar os homes, virtualmente, en tres tipos, que veñen corresponder ós tres tipos en que os diferenciaban os gnósticos e os priscilianistas: *hylicos*, *psíquicos* e *pneumáticos*.

Os homes vulgares, os homes do común, corresponden ós *hylicos* ou materiais; os homes de talento, ou simplemente cerebrais, corresponden ós *psíquicos*; os homes de espírito corresponden ós *pneumáticos*.

19. Teorías de carácter científico ou mítico que explican a formación do Universo.

Toda gran cultura xorde dun estado anterior en que os homes vulgares, os *hylicos*, predominan e fan a historia. E xorde a gran cultura polo aparecemento senón súpeto, polo menos imprevisible e debido a causas descoñecidas, dun fato de almas egrexias[20], supernormais, de homes con espírito, que abesullan[21] senso e crían a protoforma[22] daquela cultura. Aquela cultura medra e ascende polo crecemento progresivo do espírito, ata que chega un punto en que o pulo espiritual, caracterizado pola fe, pola inventiva, pola fantasía, pola ledicia, vai esmorecendo, pouco a pouco, e o talento, caracterizado pola razón racionalizadora, pola crítica fría, pola regra e a medida, vai montado por riba do espírito. Paseniñamente vai medrando a preponderancia social do *filisteu*, mentres a crítica, rillando[23] os fundamentos de todo, minando a base espiritual da cultura e traendo o primado da utilidade, a preocupación económica, preocupación filistea por antonomasia, materializando a vida, vai facendo que esta volva a caer nas mans dos vulgares, dos *hylicos*, que xa non son os vulgares inxenuos do estado primeiro, senón os bárbaros armados das armas da cultura ós que pertence o triunfo final.

É o que está sucedendo precisamente nos nosos días.

20. Ilustres, insignes, preclaras.
21. Escudriñan, observan atentamente.
22. Forma inicial, orixinal.
23. Roendo.

X

Ora o problema é como sendo como eramos e como somos, individualistas, puidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria, como é o nacionalismo galego, que na esencia é a afirmación teimuda e forte da grei[24] galega.

A resposta está dada, moito mellor do que eu puidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na súa novela *Arredor de si*.

Arredor de si, máis que unha novela, é a autobiografía, non dun só home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor ó que eu pertencín tamén. Polo seu mesmo individualismo, polo seu, por min confesado, egocentrismo, o noso agrupamento andou todo o tempo dando voltas arredor de si —e cada un arredor de si mesmo— sen atoparse endexamais de todo. Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas distancias do espazo e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galicia, a nosa Terra, oculta ó noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan extenso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andabamos a procurar por aí adiante.

E a nosa súbita conversión explícase ademais, e tamén a nosa radical e fanática adhesión á fe na nosa

24. Conxunto de persoas que levan a mesma marcha ou ocupación.

terra, porque nós chegamos á alma de Galicia ceibes[25] xa de todo prexuízo, ceibes de toda consideración e de todo respecto á cultura sobreposta, que nos enmascaraba, nos desfiguraba e nos falseaba a nosa Terra.

25. Que non está baixo o dominio de ninguén.

DA MEDIDA DAS COUSAS[1]

Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fora o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sur, do leste para o oeste noutro tanto; poderala volver andar outra vez e máis; non a has dar andado. E de cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos. Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras, e desde logo, moito meirande de como ti a ves. Non din os filósofos que o home é o "microcosmos", o compendio, o resumo do universo todo? Para canto máis unha terra con todos os homes que nela viven, un pobo, que, se cadra, é unha sorte de Adam Kadmon[2]... Do grandor do teu espírito depende todo; canto máis pequeno sexa, máis terra precisará. Se o teu pensar é fondo, a túa terra, para ti, non terá cabo, nela estará o mundo todo con todos os seus climas. Se o teu pensar se detén na codia

1. "Leria XVIII", *Leria* (Galaxia, 1961).
2. Representa o home primordial.

das cousas, non digas tampouco: Galicia é ben pequena: es ti, que endexamais poderás concibir nada grande.

O REI AVARENTO[1]

En certa aldea naceu un neno con moi boa estela, de quen dixo unha naipeira[2] que chegaría a ser dono dunha gran fortuna e que casaría coa filla dun rei.

Pasou El-Rei pola aldea e preguntou se ocorría algunha nova importante. Contestáronlle que acababa de nacer un neno baixo a influencia dunha boa estrela. A nova encheuno de carraxe e díxolles ós pais do neno:

—Dádeme o voso neno, que eu o coidarei.

Os pais non querían, mais El-Rei insistiu e dixéronlle os pais:

—O neno naceu con boa estrela e todo sairá ben.

El-Rei puxo o neno nunha caixa e botouno ó río.

Mais a caixa en vez de afundir nas augas, aboiou; a corrente levouno, levouno ata chegar á canle dun muíño.

1. Vicente Risco, *Tres contos marabillosos* (Galaxia, 2004). Este conto foi publicado por primeira vez en 1921, na Coruña. Bernardino Varela do Campo, membro das Irmandades da Fala pediulle a Risco que redactase contos para nenos e o ourensán escribiu un total de tres; só este viu a luz nos anos 20, pouco tempo despois de que Risco publicase a súa *Teoría do nazonalismo galego*, os outros dous permaneceron no arquivo da familia Varela ata que Galaxia os publicou na colección Árbore, nun volume dirixido a nenos a partir dos oito anos.
2. Muller que bota as cartas para adiviñar o futuro ou con outros fins supersticiosos.

O muiñeiro e a súa muller, que non tiñan fillos, trataron moi ben o rapaciño.

Pasaron uns anos e un día foi El-Rei ó muíño e preguntou ó muiñeiro se aquel rapaz era fillo seu.

—Non, Señor, atopeino no río metido nunha caixa.

El-Rei lembrou que aquel era o neno que nacera con boa estrela.

—Boas xentes —dixo El-Rei— é preciso que este mozo leve unha carta á Raíña.

Na carta dicíalle que mandase matar o dador.

O rapaciño púxose en camiño levando a carta, mais sen decatarse de que perdera o camiño atopouse nun piñeiral moi grande. Ó lonxe viu unha casiña pequecha e case derrubada. Foi camiño dela e atopouse cunha velliña sentada na lareira, que lle preguntou:

—Que ves buscar acó?

—Lévolle unha carta á Raíña, perdinme no camiño e quixera pasar a noite aquí.

—Mira, meu neno, esta casa é de ladróns e se te atoparan nela mataríante.

—Eu non teño medo —dixo o mozo— e ademais estou tan canso que non podo seguir a viaxe.

Deitouse derriba dun tallo[3] e quedou durmido. Cando chegaron os ladróns díxolles a vella:

—Este pobre rapaciño perdeuse no piñeiral; como viña tan canso deume mágoa. Leva unha carta para darlle á Raíña.

Os ladróns colléronlle a carta e leron a orde de lle dar morte ó portador, e o capitán rachouna e trocoulla por

3. Banco pequeno sen respaldo.

outra na que dicía á Raíña que tan axiña como a recibira era preciso que casara a Princesa co dador. O rapaz entregou a carta á Raíña, o casamento fíxose con grandes festas e a filla de El-Rei estaba moi contenta porque o mozo era belido e amable.

Poucos meses despois volveu El-Rei ó seu pazo e viu cumprido o acerto da naipeira. Cheo de carraxe porque lle fora trocada a orde de morte, díxolle ó rapaciño:

—Isto non pode ser así! Vaite. Traerasme tres cabelos do demo e despois poderás vivir coa Princesa.

Ó mandarlle isto, El-Rei coidaba que o rapaz non volvería máis.

—Eu non teño medo a ninguén —dixo o mozo—, atoparei os tres cabelos do demo.

E púxose en camiño. Chegou a unha vila e o seu garda preguntoulle por que a fonte do mercado, que sempre deu viño, tiña secado xa.

—Direicho cando volva.

Anda que andarás, chegou diante doutra vila e o seu garda preguntoulle por que a árbore que daba mazás de ouro tiña secado xa.

—Direicho cando volva.

Moito máis lonxe chegou a un río ancho que tiña que atravesar, e non sabía de que maneira.

De alí a pouco atopou o bateleiro[4] quen lle preguntou se tiña que estar aínda moito tempo pasando xente á outra beira.

4. Home que dirixe un batel, embarcación pequena e a remo con bancadas que serven de asento.

—Agarda un pouco, direicho cando volva.

Na outra banda do río atopou a boca do inferno, que era moi moura.

O demo non estaba no seu pazo, pero si a súa dona das chaves, que facía punto sentada nun asento de ósos.

—Que querías? —preguntoulle.

—Preciso tres cabelos da cabeza do demo.

—Moito pides! —díxolle— Emporiso caíchesme en agradado e axudareite.

E trocando o rapaciño en formiga, acochouno nos rizos do seu vestido.

—Ademais quero saber tres cousas: por que unha fonte que sempre deu viño secou xa, por que unha árbore que daba mazás de ouro secou xa e por que certo bateleiro está aínda na súa barca sen ser relevado.

—Xa escoitarás o que diga o demo cando eu lle arrinque os tres cabelos.

—Aquí cheira a carne humana! —berrou o demo ó entrar no pazo.

—Ti sempre cheiras a carne humana! Boh, acouga e cala.

Axiña que ceou, o demo puxo a testa nos xeonllos da vella e mandoulle que lle catase as pulgas. Non tardou en adormecer, e a vella arrincoulle un cabelo.

—Que fas? —dixo o demo.

—Tiven un mal soño e tireiche dos cabelos.

—E que soñaches? —preguntoulle o demo, que era moi curioso.

—Soñei que a fonte que sempre botou viño, secou xa.

—Si —dixo o demo—, hai un sapo baixo dunha pedra, se o matan volve dar viño.

Adormeceu de novo o demo e a vella arrincoulle o segundo cabelo.

—Abonda xa! Que fas? —berrou o demo encabuxado.

—Soñaba que en certa vila hai unha árbore que daba mazás de ouro e agora non ten nin follas.

—Si —dixo o demo—, hai un rato que roe a raíz, se o matan a árbore dará de novo mazás de ouro.

Adormeceu outra vez e arrincoulle o terceiro cabelo. O demo ergueuse berrando, mais ela burlouno dicíndolle:

—Quen se ve apartado dun mal soño?

—Outra vez soñaches?

—Si, cun bateleiro que se queixa de non ser relevado.

—É un parvo! —dixo o demo— Non ten máis que poñerlle o remo na man ó primeiro que pase o río e o outro ficará de bateleiro eternamente.

Cando o demo marchou do pazo, a vella converteu a formiga no rapaciño do noso conto.

—Aí tes os tres cabelos —díxolle a vella—. Oíches as respostas do demo?

—Non as esquecerei. Grazas!

—Pois non teñas medo, podes volver á túa terra.

Despediuse da vella meiga, cheo de ledicia por ter tan boa sorte.

Ó chegar onde estaba o bateleiro, e despois de pasar á outra beira, díxolle:

—Ó primeiro que veña pasar o río, ponlle o remo na man e quedarás ceibado.

Chegou á vila onde estaba a árbore seca e díxolle ó garda:

—Mata o rato e a árbore dará de novo mazás de ouro.

En agradecemento deulle ó rapaz dous cabalos cargados de onzas[5] de ouro.

Chegou á vila onde secara a fonte e díxolle ó garda:

—Na fonte, baixo da pedra, hai un sapo; matádeo e volverá dar viño.

O garda agasallouno con outros dous cabalos cargados de barras de prata.

O rapaciño chegou ó pazo real e entregoulle a El-Rei os tres cabelos do demo. El-Rei quedou satisfeito vendo que traía catro cabalos cargados de prata e ouro e díxolle:

—A Princesa é túa, podes vivir con ela. E, dime fillo, onde atopaches tanto diñeiro?

—Collino na outra banda do río que pasei.

—E podo coller eu outro tanto? —preguntoulle El-Rei.

—E moito máis —respondeu o rapaz.

O avarento Rei púxose en camiño e chegando ó río chamou o bateleiro para que o pasara. O bateleiro fíxoo entrar, ó chegar á outra banda púxolle o remo na man e saltou fóra. O Rei quedou de bateleiro en castigo da súa ruindade e avaricia e seguirá sendo bateleiro eternamente.

5. Antiga moeda de ouro.

O LABREGO E MAIS O REI[1]

Henrique IV, rei de Navarra e de Francia, foi un dos mellores reis que houbo no mundo. Era el moi falangueiro, moi divertido e moi natural, e igual se daba cos grandes señores como cos paisanos, e a todos falaba con agarimo e cortesía, que é como teñen que facer os fidalgos que sexan de boa caste. Ademais disto, Henrique IV foi sempre tan valente na guerra como prudente e xuizoso para gobernar os seus estados.

Unha vez cóntase que saíu de caza con toda a súa corte, onde ían os máis grandes señores de Francia. Como naquel país case todo é terreo chan, alí hai o costume de cazar a cabalo: botan os cans detrás dos corzos ou as lebres e os cazadores van a cabalo tras dos cans ata teren a peza acosada por todos os lados, de xeito que non pode fuxir. Tamén cazan así os raposos e mais os porcos bravos.

Pois indo aquela vez Henrique IV de caza cos seus cortesáns, aconteceulle que se arredou tanto deles que

1. Vicente Risco, *Tres contos marabillosos*, Galaxia, 2004, pp. 29-36

se perdeu. Por máis voltas que daba non atopaba ánima vivinte por aquelas gándaras[2], e por máis que tocaba o seu corno de caza ninguén respondía.

El tiña mentes de que irían durmir nunha aldea que se chamaba Jury-le-Champenois, pero non sabía o camiño para chegar a ela.

Xa ó sol posto pasou por unha encrucillada e viu un labrego que estaba subido nun peto de ánimas. Entón, Henrique IV preguntoulle:

—E logo, ti que fas aí arriba?

—Eu... —respondeu o labrego— dixéronme que andaba por aquí El-Rei, que seica vai de caza, e estaba a ver se o vía...

—E tes moita gana de velo?

—Teño, si señor.

—Pois logo —dixo Henrique IV— imos facer unha cousas: ti amósame o camiño para ir a Jury-le-Champenois e alí eu lévote onde vexas ben o Rei. Queres?

—Trato feito —respondeu o labrego.

—Pois baixa de aí e monta a cabalo detrás de min.

O labrego baixou, montou a cabalo atrás de Henrique IV e botoulle os brazos arredor da cintura para non caer.

—E dígame, señor —preguntou logo—, entre tantos señores como haberá alí, como hei facer para saber quen é o Rei?

—Mira —dixo Henrique IV—, cando cheguemos onda eles, has ver que todos sacan os chapeus, agás o Rei,

2. Terreo baixo e húmido, onde só medra a maleza.

que fica cuberto. O que vexas que está co chapeu posto, mentres que os outros se descobren, aquel é o Rei.

—Ben está, si señor.

Polo camiño foron de moita conversa e El-Rei ía moi conforme e moi admirado do agudo que era o labrego no seu pensar e mais no seu falar. Mais cando tiveron chegado a Jury-le-Champenois atoparon a todos os señores da corte de El-Rei, que estaban nun eixido[3], deliberando sobre como ían facer para ir buscar o monarca. Mesmo non se atreveran tan sequera a se baixaren dos cabalos ata non saber del.

Ó velo chegar todos sacaron respectuosamente os chapeus, agás Henrique IV e mais o seu compañeiro, que viña con el a estilo de Portugal, dous a cabalo dun animal...

Entón, o Rei volveuse cara ó labrego e preguntoulle:

—E logo, viches o Rei? Cal é de todos estes señores?

E o labrego respondeu:

—Pois... ou é vostede... ou son eu, porque soamente nós os dous estamos co pucho posto...

Aquela noite Henrique IV fixo sentar o labrego á súa mesa, no medio de todos os duques e príncipes de Francia, e logo concedeulle carta de fidalguía e moitos favores e mercés.

3. Terreo de pouca extensión contiguo á casa, onde polo xeral se cultivan hortalizas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO
(1888-1976)

O PURGATORIO DE DON RAMIRO[1]

Meus lectores, vós de fixo non coñecestes a don Ramiro de Queiroás. Xa poucos vellos se lembran del. Pola vosa comenencia dígovos, falando en prata, que se non estades afeitos a andar moito pola noite e non coñecedes o falar dos gatos enxaneirados[2], dos cans ouveantes e dos mouchos, as sombras sen forma dos mosteiros e dos arboredos, nin os farrapos[3] neboentos da estadea[4], é moito mellor que non leades unha liña máis. Advírtolles o mesmo a aqueles que aínda acostuman mirar as cousas deste mundo do xeito que se levaba nas cátedras e nos libros na última porción do século

1. *O purgatorio de don Ramiro*, Ourense, Galaxia, 1926.
2. Dise da gata ou gato en celo.
3. Anacos de tea moi gastados e rotos.
4. A estadea é unha alma en pena que vaga polo mundo procurando o descanso eterno.
   Eladio Rodríguez no seu dicionario afirma que non é o mesmo a Santa Compaña que a estadea. Indica que a Compaña é a procesión de fantasmas ou almas en pena que percorren pola noite os camiños solitarios, mentres que a estadea é un alma soa que rolda os cemiterios e vaga sempre fóra de horas polas corredoiras e camiños. Para algúns a estadea é silenciosa e asexa as casas onde pronto morrerá alguén; para outros, percorre os camiños laiándose de seguido.

XIX. Agora, xa cumprín coa miña consciencia e volvo ó meu conto.

Don Ramiro era tan neboento, tan desacougado, que pasou polo vivir das vilas, das aldeas e dos pazos de Deza e Trasdeza[5] como unha desas figuras que fan as sombras do solpor[6] outonizo e que parecen fidalgos de a cabalo pasando polas congostras[7], ou extasiados[8] personaxes illados no seo dos piñeirais. Endexamais quedou un mes enteiro en ningures. Era rico herdeiro, esguío[9], fantasioso, doente do estómago e buscador dun acougo que non tivo.

Tiña un verme na cabeza que o levaba a procurar non sei que, quizais un vivir quieto, nun pazo farto e tranquilo. Tiña moitos na montaña e na ribeira, de espallados horizontes, de serras e de arreconchegados[10] vales sombríos. Andaba de un en outro e sempre atopaba un inconveniente: a solaina[11] estaba moi ó norte, as cortes cadraban baixo da sala e estorbábanlle os seus pensamentos (sempre pendurados das árbores xenealóxicas e dos brasóns[12]

5. Antiga xurisdición da outrora provincia de Santiago. Correspóndese coa actual Silleda.
6. Hora en que o Sol se pon, e feito de ocultarse este no horizonte.
7. Camiño de carros estreito e profundo, que discorre xeralmente entre valos, cómaros ou outras elevacións do terreo.
8. Referido ó estado de conmoción espiritual no que unha persoa está como fóra de si, sen consciencia do mundo sensible.
9. Esvelto, ben formado, de porte arrogante.
10. Arrimados, xuntos.
11. Corredor ou balcón exterior, con varanda ou galería, orientado de xeito que lle dá o sol gran parte do día.
12. Conxuntos de figuras e adornos que van no escudo como distintivo e emblema dunha familia nobre, dunha cidade etc.

da súa caste[13]) o tranquelear[14] dos bois na comedeira[15] e o recender do estrume[16]. Os paisanos eran raposeiros[17], o viño acedo, o cura demasiado madrugador, o faco[18] non tiña bo penso, o can ouveaba por culpa dun diaño de alcipreste. Total, que fidalgo, faco e can andaban de riola[19], de lugar en lugar, durmindo nas reitorais[20] das parroquias de presentación, procuraban sosego nas vilas que teñen tertulias, señorío e comisionistas[21]. Nelas atopaban o boticario, republicano; a pousadeira, romántica; o pan, mal feito, e volta á peregrinación sen termo de fidalgo pantasma semellante ó cazador holandés das lendas do Norte[22].

Don Ramiro, a forza de comer chourizos crus, figos secos e peixe en latas, sempre estaba fraco e lixeiro, e portábase ben á parte das dentadas miúdas de certo rato que lle roía no estómago. Unha vez foi a Santiago, e alí, na alcoba do pazo que fedía a balor[23] de tanto tempo como levaba pechada, sentiu claramente que non tardaría en

13. Estirpe. Conxunto de individuos da mesma familia.
14. Coxear.
15. Recipiente onde se lles bota de comer ós animais.
16. Vexetación propia do monte como toxos, queiroas, fentos, herba etc., que se aproveita principalmente para estendela no chan da corte.
17. Hábil, astuto.
18. Cabalo ruín e pequeno.
19. Andar de riola é o mesmo que andar de festa, andar de esmorga.
20. Residencia do reitor espiritual ou cura dun lugar.
21. Persoa que se dedica a vender por conta doutra e cobra polas vendas unha comisión ou porcentaxe.
22. Refírese a unha lenda que asegura que hai un barco pantasma navegando polo mar, condenado a non regresar nunca a porto. Coñécese polo nome do Holandés errante ou o Holandés voador.
23. Mofo.

morrer. Con esta seguridade, en canto viu o día, foi en busca dun amigo seu, médico de anteollos e cara comesta dos pelos da barba e da cabeza. Don Ramiro díxolle que despois de que estivese enterrado e podrecido dabondo, desexaba que lle armaran o esqueleto. Tiña medo do escangallamento[24] dos ósos na cova e quería gardar enteira a armadura, porque aínda tiña a esperanza de facer algunha viaxe se acaso non lle viñese ben a sepultura. O médico, que estaba suficientemente tolo, asegurolle que el se encargaba de pórlle aneis en todas as articulacións, montándolle o esqueleto como se fai cos das vitrinas dos museos. Cobrou un pazo e trescentas fanegas[25] de renda, asinou o recibo e regresou ó seu traballo de atopar o principio vital nun fígado alapeado[26] como un roxón[27].

En efecto, don Ramiro morreu. Chorouno o can na sala, e o faco, deixouse caer estarricado[28] despois de sete días de corte, pois só servía para camiñar. Don Ramiro foi enterrado nunha sepultura terrea na porción nova do cemiterio. Na primeira temporada non podía moverse porque, aínda seco como unha palla centea, comezou a podrecer axiña e os cóndilos[29] e cabezas dos ósos saíronse do seu lugar; no medio do montón de esterco, os ósos estaban soltos e non había forma de dar unha volta.

24. Tiña medo de que se botasen a perder.
25. Medida de capacidade ou de superficie cun valor que oscila, segundo os lugares. En calquera caso, don Ramiro pagou moito polo traballo que encargou.
26. Quentado, queimado.
27. Torresmo. Anaco de touciño frixido ou asado.
28. Estirado.
29. Parte saínte e arredondada na extremidade dun óso, que encaixa na cavidade doutro óso e forma unha articulación.

O día en que os vermes se foron en grupo para outra sepultura ó seu carón, don Ramiro xa sospeitaba que o médico lle roubara os honorarios. Pero non. Sentiu andar na terra, remexer nas táboas desfeitas do cadaleito e, á luz dun farol, entraron na tumba a cara e as mans do doutor. Sen dar unha palabra púxolle aneis nas xuntas, pegou e arranxou como el sabía, volveu encher o burato e foise botar catro netos[30] co sepultureiro.

Don Ramiro, estaba farto da tumba, onde non se podía mover e a humidade da terra roxa facíalle dar dente con dente, un ruído que ecoaba[31] no baleiro da caveira e volvíao tolo. Foi así que cando a torre Berenguela deu as dúas da noite, ergueuse do cemiterio; non quixo preguntar ó sereno dos mortos que andaba por alí cun feixe de chaves abrindo ós últimos trasnoitadores, tivo unhas palabras cun estudante que falaba só e quería plantar un chorón na cova da noiva, e finalmente deu coas sepulturas de parede.

Estas, no camposanto, son os barrios burgueses de boas casas de pisos, como as tumbas illadas son os barrios de hoteis e a foxa común, os barrios baixos. Rubiu[32] a unha das máis altas e soleadas, segundo lle pareceu, e demorou nela algún tempo. Os veciños fungaban[33], rosmaban[34] e cantaban. O de arriba, un gordo non podreci-

30. Medida de capacidade equivalente a medio litro.
31. Facía eco.
32. Subiu, valéndose das mans e das pernas.
33. Expulsaban con forza o aire polo nariz.
34. Emitían sons confusos ou palabras incomprensibles como mostra de enfado ou de protesta.

do do todo, caeulle enriba e tivo que aturalo todo un día. Unha veciña de parede por medio, apegábase ó tabique e botaba grosos suspiros de namorada. Ben se lembraba de ver a don Ramiro nas feiras e sabía a fartura do seu maorazgo[35]! Ademais, a sombra das ábsidas da igrexa facía o sitio demasiado tristeiro. Xa incomodado subiu agatuñando polas fiestras góticas e como non tiñan vidros, foille doado descender á igrexa.

As noitébregas[36] chirlaron[37] ó velo. Don Ramiro percorreu o grande templo, alí tiña ben onde escoller, tiña silencio, espazo, admirable compaña de nobres lembranzas dos Altamiras e dos Moscosos. Quedou nunha sepultura brasonada[38] na nave da Epístola. A caixa de pedra debía estar feita para algún disforme feudal (só restaban uns osiños comestos polo tempo e unha espora de ferro) pois o noso morto atopaba o vagantío[39] e o gustoso descanso dun leito de pazo aldeán. O templo de altas bóvedas, era silencioso polo día e pola noite só paseaba algún defunto tan vello que apenas saía de a carón do seu monumento.

Pero don Ramiro, ó pouco tempo, comezou a sentirse como galiña en curro[40] alleo. Había unha calada hostilidade no silencio da igrexa sen culto, nas cabezas de lobo dos brasóns. Por que aquela caveira amarela que

35. Patrimonio.
36. Paxaros ós que lles gusta á noite.
37. Piaron.
38. Con brasón, escudo de armas.
39. Amplitude (dun espazo).
40. Curral.

aínda gardaba por detrás un feixe de cabelos, o miraba tan fixamente pola fenda dunha gran sepultura? Unha noite parou fronte dela. Era unha dona que, polo frío do sitio, sufría de reuma.

—Ti quen es? —dixo a caveira—. Tés liñaxe dabondo para durmir connosco, os fidalgos máis antigos de Galiza? Cales son teus brasóns? Non viñeron arcebispos, nin abades ó teu enterro; chegaches pola noite coma un saqueador. Ou cres que non vexo? Pois sonche igual que cando dende as torres miraba a chegada dos mesnadeiros[41].

Todo foi dito cunha linguaxe e unha sintaxe que don Ramiro só coñecía polas escrituras de foros[42] do século XIV. "Xa estás largándote axiña", replicou a caveira "se non, esperto o meu home, que dorme a carón de min. Sempre foi un pouco nugallán e de poucas falas, mais se sabe que estás aquí, aínda ten xenio para se erguer e escangallarche ese esqueleto de enforcado". Don Ramiro tiña nobreza, testemuñada nos pergameos, pero era unha fidalguía do século XVII. Que pintaban seus avós, homes de lei, vicerreis nas Indias, en comparación dos sangues que tiveron por cronista o Vasco da Ponte[43]".

Ofendido, pero dominado pola voz medieval, saíu polas fiestras da ábsida, gañou o tellado e chegou

41. Grupo de persoas armadas que estaban ó servizo dun rei ou señor.
42. Contrato esencialmente agrario de longa duración ou mesmo perpetuo, polo cal unha persoa ou institución lle cede a outra o uso dun ben a cambio dunha renda e cunhas condicións estipuladas.
43. Vasco da Ponte foi un historiador galego dos séculos XV-XVI, que se especializou en estudar a xenealoxía das diferentes familias nobres de Galicia.

ás torres. Latexaban algunhas estrelas entre desfeitas néboas, viña das hortas un cheiro de terrón[44] mollado, soaba unha serenata na rúa de San Pedro. Nun arrepío de friaxe tocou nas campás; o bronce deu un salaio doente. Ouvearon os cans, e un zapateiro borrachón que viña ós trompicóns por Bonaval, debruzouse co medo. Don Ramiro descendeu como puido e sentou ó pé da porta. Soaron dúas badaladas de reloxo. "Que vou facer?" pensaba. Antes do toque da alba teño que buscar acougo. A noite está demasiado serena. Teño medo de atopar algún coñecido que morrería co medo, seguro. A que se vai armar se me ven polas rúas! Acantazaranme[45] os estudantes escépticos[46]".

Lembrou que quizais non estivesen rematadas as obras da Quintana. Facía tempo que estaban movendo o empedrado, por alí podería coarse e procurar un bo sitio naquel cemiterio de burgueses antigos e respectables. Quizais, furando no chan, podería entrar na catedral. O seu soño de fidalgo era ter unha sepultura fidalga; pode que os arcebispos e os cóengos fosen máis acolledores que os feudais de San Domingos. Botouse a andar moi amodo porque non tiña forzas. Subiu polas Casas Reais. Cando sentía vir xente pegábase a unha parede, na sombra, lonxe dos farois. Un vilego viu un brillo estraño e volveu moi a modiño por outra rúa. Unha criada que viña da botica, quedou sen fala e deixou caer o frasco que escachou no chan. Don Ramiro non se atreveu a cruzar diante das Ánimas e torceu cara a Santo Agostiño.

44. Anaco de terra cuberto de herba.
45. Acantazar é lanzar pedras (tamén chamadas cantos).
46. Incrédulos.

Xa pensaba meterse no convento deserto para pasar o día, cando se atopou co famoso médico que viña murmurando entre dentes. O home deulle unha aperta dicíndolle: "Ou, meu don Ramiro, que tal lle vai? Parece que che fixen un fraco servizo ó articular o teu esqueleto. Anda comigo". E levouno para a casa que estaba pretiño. O médico estaba sen cartos. Uns experimentos gastáranlle moito, os pazos e os foros[47] cobrados ó señor de Queiroás non lle rendían nada porque non sabía entenderse cos caseiros e levadores. Agora ó ver o pobre esqueleto tivo unha idea. Gardouno nun armario entre retortas[48] vellas, e esperou ó mediodía.

Naquela hora entrou un señor moi apersoado[49], co fillo que viña estudar anatomía. O médico recibiuno moi ben, faloulle do ensino e rematou por encalatralo[50] para que mercara un esqueleto completo. "Home, vén ben, aquí teño un todo montado". E vendeulle a don Ramiro por cincuenta pesos.

O esqueleto estivo algún tempo no cuarto do estudante. Este e os seus amigos estudaban os ósos polo día e falaban do carbonato de calcio e doutras cousas que lle facían mal a don Ramiro. As fillas da patroa estaban un

47. Contrato esencialmente agrario de longa duración ou mesmo perpetuo, polo cal unha persoa ou institución lle cede a outra o uso dun ben a cambio dunha renda e cunhas condicións estipuladas.
48. Recipientes para realizar experimentos.
49. Xentil.
50. Seducilo, convencelo con afagos e promesas para que acepte o que se lle propoña.

pouco desacougadas, aínda que non facían caso da criada que dicía oír cantar o esqueleto polas noites, cando o estudante estaba fóra.

O mesmo rapaz estaba un pouco escamado co demo do esqueleto. Parecíalle que, ás veces, rascaba a cabeza e movíase no baúl. Unha noitiña, polo medio do mes, levouno a empeñar, e alí quedou don Ramiro nun cuarto cheo de libros, de traxes, botas e cousas raras. Non se estaba mal. Deitábase enriba de bos cobertores e como sempre fora bastante fantasioso, púñase uniformes bordados e mirábase nun espello moi adornado, que noutro tempo servira a unha dama de moitas campaíñas. Pero logo viñan fondos pensamentos a ameazar o descanso do esqueleto. "Isto non é digno de min", dicíase, "un señor estimado en dezaseis freguesías, de caste de xente tan boa que emparentou coas mellores casas de Santiago, da Ulla, sen falar das de Deza e Tras Deza, con tías abadesas de Santa Clara e nai educada, como as miñas irmás, na Ensinanza[51] que é o Saint-Cyr de Galicia, un fidalgo de pedra de armas (ó pensar neste enchíanselle de coraxe as costelas, lembrando a inxuria[52] dos Moscosos de San Domingos), si, de pedra de armas, foi reducido pola morte e polo seu condenado desexo, ó triste estado de esqueleto vagabundo que anda polas noites dando medo ós vilegos e ás criadas.

Oxalá tivera morto nunha das miñas casas! Estaría nunha sepultura ó pé da vella oliveira, ben soleada e ben

51. Coñecido colexio relixioso de Santiago de Compostela fundado en 1759.
52. Ofensa grave.

abrigada do norte. Os paisanos ó saír da misa falarían de min, dirían que fun amo que endexamais apurou os administradores, e iso que máis de catro se fixeron ricos cos meus bens. Non me faltarían os responsos do abade. E os sobriños, de volta da universidade e ben sentada a cabeza, farían xustiza ó raro do seu tío. O meu pensamento, agora que latexa na friaxe dos ósos cóncavos da caveira, ve ben a gran loucura que fixen ó non casar ou non me meter na política. Ben teño purgado as tristes toladas da miña vida. Polo de agora, só me resta procurar unha boa e nobre sepultura, aquí en Santiago. Don Ramiro de Queiroás, reducido ó estado de cousa pignorable[53], ó igual que un tratado de Anatomía topográfica, un quinqué[54], un xergón metálico ou unha consola[55] de mármore! O estudante non volve por min e calquera día vaime vender o xudeu usureiro para algún instituto de provincias ou para figurar nas comedias de maxia. Hai que largarse".

Entón, vestiuse cun balandrán[56] cheo de balor, meteu tarsos, metatarsos e dedos dos pés, nunhas botas de elásticos sen forma, puxo unha careta vermella suada do último Entroido, calouse un chapeu vello e saíu á rúa.

Nos soportais, o vento metía grandes golpes de auga. Chovía se Deus a tiña. Empardecía. Botou a andar apegado ás paredes: parecía naquela hora de luz cincenta

53. Que se pode dar ou deixar en prenda.
54. Lámpada provista dun depósito de combustible e un tubo de vidro dentro do cal se produce a chama.
55. Mesa estreita, arrimada á parede, sobre a que se colocan obxectos de adorno.
56. Peza de vestir ata os pés, ampla e sen cinguir, que usaban os eclesiásticos.

e mollada, un pobre ecónomo[57] de carreira breve[58]. Os ollos vixiantes dos vellos de Santiago non repararon nel, e se repararon, calaron coa prudencia propia das vilas históricas.

Medio levado polo vento, entrou na catedral polas Praterías. Andaban para cerrar as capelas e as portas. Meteuse nun confesionario para agardar a noite e nel pasou un dos maiores medos da súa estraña vida de morto. A última vella achegouse ó confesionario para descargar o fardel[59] dos seus pecados. Mirou polo enreixado, e non lle debeu parecer cousa boa o cariz do confesor, porque fuxiu ás présas, facendo cruces e tan aparvada, que non atinaría coa saída, se o sancristán non a puxese fóra. Dende entón, a vella non regresou á catedral e confesouse sempre en San Francisco, e pola mañá.

Chegada a noite, deixou a careta, as botas e o balandrán no confesionario e saíu ás naves. Non lle parecía decente ir vestido de eclesiástico na santidade da Basílica. Agardaba ver cousas marabillosas, ver erguerse as lousas das tumbas máis vellas, franquearse os mausoleos barrocos, vir pola porta do claustro a todos os cóengos alí encovados, e organizarse, na noite, a máis marabillosa procesión das mitras[60]: todos os arcebispos, todas as dignidades, cóengos, cregos e ministros que serviron ó longo de dez séculos ó santuario do Apóstolo estarían alí, celebrarían os oficios e o brancor de miles de caveiras, brillaría entre o relucir das xemas, dos bordados, das cruces, das albas bizantinas, románicas, renacentes, barrocas. Seguramente, o propio Xelmírez[61] presidiría a procesión, un esqueleto de alta talla, quizais un pouco cargado como un vello carballo batido das nordesías.

57. Eclesiástico que substitúe a outro nas súas funcións.
58. Con poucos estudos.
59. Saco de pouco tamaño, pequeno.
60. Gorro usado polos bispos, arcebispos e o Papa.

Pero os mortos da catedral debían gozar todos do ceo ou non era aquela noite data de festa maior. As luces das capelas escintilaban[62] debilmente, o silencio pesado da catedral na noite, caía sobre o pobre esqueleto así como se fose esmagalo contra o chan. De súpeto, sentíronse decorrer pasos liviáns e brillaron ollos acesos. Os cans da Basílica, afeitos a non ladrar, botáronse como lobos sobre o esqueleto. Turra de aquí, turra de alí, desarmaron os ósos, esparexéronse polo chan, e a caveira, ceibe por fin do atadallo[63] coa soá[64], caeu a rolos, medoñenta, sobre os fríos mármores.

Ó día seguinte, os cóengos tiveron longas conversas ben cedo, antes das primeiras misas. Decidiron calar o conto. Debía ser unha broma de estudantes. Os ósos como ser eran de cristián, déronlles terra no claustro, baixo unha lousa sen letreiro. Algunha cousa transcendeu á xente, mais fálase tanto e con tan pouco tino!

Deste xeito rematou o purgatorio de don Ramiro.

61. Diego Xelmírez foi o primeiro arcebispo de Santiago de Compostela no século XII, impulsor da construción da catedral. Otero escribiu unha biografía sobre el.
62. Brillar de maneira intermitente, con intensidade e cor variable.
63. Corda.
64. Espiñazo, columna vertebral.

OS CAMIÑOS DA VIDA[1]

Xa había tempo que a Ramonciña tiña chorado todas as bágoas de nena. Agora, illada, lonxe da irmá, á fronte da casa deserta, sentiu medo e noxo. Regresaban da misa ó par dela, algunhas mulleres. "Miña señoritiña, non ten frío con tan pouca roupa?". "Ollade a señorita que pulsos tan fortes ten; podería vencer a un mozo na loita se fose cousa digna do seu nacemento". Ela ben se decataba das intencións das veciñas. Ben sabían que nin cartos para se vestir nin amores para ela tiña no pazo. Unha pobre do fondo da parroquia díxolle con moito misterio, cunha admiración no acento e un pouco de mágoa ou de ironía: "Se vira o fatelo[2] novo que lle veu onte á Bibiana da Burata! Con el, mesmamente vai figurar unha Nosa Señora".

Aquel domingo, a fidalga apenas tiña que comer. Onde estaban as pitas? Como non había porta no portal, fuxían e quen as pillaba! Xa se sabía onde paraban: na

1. *Os camiños da vida.* A Coruña, Nós. Pubricacións Galegas e Imprenta, 1928.
2. Peza de roupa que levaban as mulleres entre a saia e o mandil.

casa da Burata. Levaban o camiño de todas as cousas da casa. As mellores mazás, compostura das lacenas[3], para aló foron. Na gabeta[4] nin un triste chavo[5]. A Ramonciña sentía frío na sala. Baixou á horta para coller unhas legumanzas[6]. Polo menos un caldiño; para ela e para o rapaz das vacas. Pois a criada non aparecera desde nantronte, que saíra co gallo de[7] dar unha volta pola casa. "Xa matinaba eu que son os contos de acolá", cavilaba a señorita. Ó subir da horta, aterecida[8], parou un instantiño na solaina[9]; os orcelos[10] cubrían docemente os poucos balaústres[11] que estaban en pé. Tamén o balcón se esborrallaba[12]. Un consolo a raioliña de sol peneirado polas frías nubes; nin del puido gozar, e iso que o can se achegou a ela dándolle fociñadas[13] agarimosas. A Ramonciña, rañándolle[14] a testa, ficou co ollar desvariado: figurábase o vivir da Rosalía. Agora sairían da misa postas

3. Oco aberto na parede, con portas e estantes, onde se gardaban as cousas nas cociñas tradicionais. Tamén, parte dun moble de cociña ou do mobiliario fixo desta, con portas e estantes interiores, onde se gardan comestibles, cazolas, louza etc.
4. No caixón.
5. Moeda de pouco valor.
6. Conxunto de legumes.
7. Co gallo de, locución preposicional que significa o mesmo que co motivo de.
8. Entumecida a causa do frío.
9. Corredor ou balcón exterior, con varanda ou galería, orientado de xeito que lle dá o sol gran parte do día.
10. Liques. Organismos vivos pertencentes ó mesmo reino que os fungos, compostos pola asociación dunha alga e un fungo en simbiose e moi resistentes á secura, ó frío e á calor
11. Cada unha das pequenas columnas que sosteñen o peitoril ou a varanda dos balcóns, corredores, escaleiras etc.
12. Derrubaba, caía ó chan.
13. Golpe dado cos morros ou recibido neles.
14. Rascándolle.

de manteleta as señoras dos oficiais; agardábaas a casiña limpa; na praza tocaba a música militar. Non lle faltaría agarimo a carón da irmá, pois ela, a Ramonciña, era cariñosa e ben disposta para as angueiras da casa. Matinando nisto lembrouse do sobriño. Aínda non o vira e xa o amaba! De ningunha maneira debería saber, cando medrara, a vida do avó. Pobriño! Entón, cavilando no porvir, unha resolución forte endereitoulle o espírito. O seu deber era estar na casa. Defendela. Gardala para o sobriño. Só así tivo forzas de abondo para escoitar o balbordo que viña da casa da Burata. Mais chegando á pobre mesa, servindo na cociña a cunca de caldo ó rapaz, tremía. Saíu ó curro[15]. Ás vacas podíanselle contar os ósos. "Miña ama!", dicía o pastor, "as chaves da palleira tenas o señor, e os rapaces de acolá pastorean en todos os comareiros[16] da casa!".

Ripou[17] un cabalo pola canella[18] e chegou unha rara figura de home fracote, escanabouzado[19], xordo de comenencia e carrañoso[20] dos ollos. Xa polos camiños se distinguía polo grande capotón que cubría os cadrís do faco[21] deixando só saír a cola. O cabalo, todo envolto en pelaxe, acostumaba a pararse diante de todas as portas. O recadador. Polo portal da Pedreira metíase todo o mundo: as

15. Lugar cercado onde se concentra o gando ceibo do monte, especialmente cabalarías e vacas.
16. Franxa de terreo sen cultivar que bordea unha leira.
17. Levou con violencia.
18. Camiño estreito.
19. Desarranxado, sen garbo.
20. Con lagañas.
21. Cabalo ruín e pequeno.

arroiadas[22], os cans famentos, os labregos, os pedichóns. Unha noite tamén entrou o lobo e meteuse na corte das ovellas. A fidalga recibiu o home cunha cortesía de quen procura cubrir a vergoña íntima. Ben se decataba el da falta de cartos. Naquel tempo a idea de Estado comezaba a facer forza na aldea. Ata entón gobernaban potencias antigas, visibles, presentes. O poder estaba representado por monxes e cregos, por fidalgos cobradores e comedores pero ó tempo cheos de confianza cos paisanos. Moito tardou a idea abstracta do Estado en se sentir nos eidos. Daquela entraba no pazo o Estado na persoa dun novo tipo, nin labrego, nin señor. Co tempo, os recadadores fixéronse señorotes. A Ramonciña serviulle unha xerra de viño na mesa de pernas retorneadas que estaba a carón da fiestra. O home bebeu e dixo que volvería co recargo.

A Ramonciña, para que se fora logo, contoulle unha historia de lobos:

—Din os vellos que endexamais se ouviron tantos. Aquí menos mal, pero nas carballeiras das Campás Abaixo ninguén se atreve a furar nin polo día. Non lle digo nada da Penascada. Alí, como é máis ermo, teñen unha fame rabiosa. Ó noso abade saíronlle hai dúas noites na Ponte dos Frades; recachou as pernas e picou a besta. Inda hoxe ó misar lle tremían as mans.

Fuxiu o home. A Ramonciña, desfeita, sentía xermolar un xenio adoecido. Medraba o balbordo na casa de Acolá. Alí comíase e bebíase emporcallando a vellez e os bens do seu pai.

22. Corrente que se forma coa auga da chuvia cando esta é forte e abundante.

Adormecía o pastor preto dun lume moribundo. Polos barrotes da fiestra, ó cabo do pomar[23] espido, adiviñábase nas tebras o montón da casa de Doncos. "Alí tamén van para abaixo", pensaba a Ramonciña sen consolarse. Con gran traballo acendeu as palletas[24] e a luz do velón[25] botou un alumear ascético[26] por riba da nudez da casa deixada. O peito raso da virxe latexou ó pulo de sufocantes salaios. Que vergoña se a visen chorando...! O retrato da madriña parecía considerala cun longo sorrir. "Se ela vivira; non a coñecín, pero polas contas debía ser muller forte e determinada":

Xa era noite pecha. Viña da Burata un cantar valente de gaita. Non o puido sufrir a Ramonciña. Aquela gaita contaba a toda a parroquia o trunfo da casa da Burata, e para ela, a herdeira, a pobreza. Imaxinou as risadas dos paisanos e daquelas cobras do Doncos! Case que sen pensalo atopouse diante da porta da Bibiana. Saíra como estaba na casa, as trenzas ó ar, envolta nun remendado pano mantón. Fora polo carreiro, mollado sempre, da viña. Ó seu pé estaba o can vello, asombrado e fiel. Petou con autoridade. Cando abriu un rapaz calquera, ela seguiu dereita, sen darlle fala ata a cociña. Un bafo quente de figadeira[27]; vellotes coas monteiras[28] calcadas facían bailar sombras burleiras nas paredes afu-

23. Terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras.
24. Pallas pequenas.
25. Lámpada de metal que funcionaba con aceite.
26. Extremadamente sobrio e austero.
27. Comida que se prepara o día da mata co fígado e outros miúdos do porco e á que se invita ós veciños.
28. Antiga peza de abrigo para a cabeza feita de pano ou la, xeralmente sen viseira.

madas. Arrotos de enchente. Vellas comechonas[29] acocoradas[30]. Don Xosé María, na poltrona[31], quentaba as pernas na lapa, erguendo un xerro pintado. Debruzada riba do ombreiro tiña a Bibliana, roxa, farta, celebrando con risada tola un dito do fidalgo. Don Xosé María, ó ollar a filla, púxose en pé; tremíanlle as pernas e a faciana adquiriu unha súbita dignidade. Figurou esborrallarse[32] o montón de labregos. O don Xosé María, cunha mirada, fixo calar algunhas frases de interese finxido ou de burla para a morgada[33]. Rosmou algunha vella: "Vaia co demo da donicela!". A Ramonciña só falou: "Meu pai, veño a que me dea algo de xantar. Na casa morro coa fame e co frío":

"Pobriña!", dixo algunha muller. A Bibiana, pasmada, remexeu a lingua tatexando algo que non atinou. O fidalgo, volto de costas á xente, envolveu a filla nos pregos do tabardo:

—Vamos, Ramonciña, para a casa! Tes razón. Son horas.

Cando entraron na viña da casa, esvarando na xeada, apegou a súa faciana á faciana da filla e estralou nun salouco. Tan longo, que a Ramonciña tivo medo e pensou espantada: "Veño de matar o meu pai".

29. Refírese a mulleres que comen demasiado e que comen sen orde.
30. Ruído que emiten animais como os porcos ou as galiñas cando teñen as súas crías á beira.
31. Cadeira de brazo, ampla e moi confortable.
32. Derrubarse, derribarse.
33. Vinculeira. Filla que herda os bens que se perpetúan nunha familia.

ARREDOR DE SI[1]

Nos últimos días do mes do San Xoán chamábao unha carta da nai. Don Bernaldo, o tío, estaba a morrer. Adrián espertando como dun soño, aínda tivo, nas poucas horas que se demorou en Madrid, outro espertar de grande importancia para a súa vida.

Na aldea da outra banda tocan as campás. As preocupacións labregas paran por un instante e vai correndo polo val, a nova: don Bernaldo está a morrer. A procesión do viático[2] baixa polas canellas do lugar. O mordomo[3] está enfermo, o señor Pascual, tan vello coma el, vai coa testa núa, cos ollos mollados tocando a campaíña. As salas e os corredores da casa énchense dunha multitude axeonllada. Dona María ten todo dispostiño: brancos panos sobre as mesas, acendidas as lámpadas das imaxes. O día semella máis luminoso, máis fondo e puro o azul do ceo. Cantan os paxariños como aqueles

1. *Arredor de si*. A Coruña, Nós. Pubricacións Galegas e Imprenta, 1930.
2. Comuñón que se lle administra a un enfermo en perigo de morte.
3. Xefe e membro principal da servidume dunha casa, que se encarga da administración ou do goberno económico desta e da súa facenda.

que están engaiolados na dourada capela do Cristo de Ourense[4].

Cando el Señor chegou á alcoba, todas as caras se baixaron ó chan e, no silencio, oíase o tremer dos corazóns: o velliño, desfeito e caducado, tan pretiño da morte, tirouse do leito sen que houbese forzas para retelo; botáronlle por riba un vello manteo[5] e, axeonllado no medio da estancia, cos brazos en cruz, comulgou santamente. Dona María choraba nun recuncho. Logo, don Bernaldo sentiuse mellor. Bendiciu longamente a dona María e o Xacobe. Trazou no aire unha cruz coa man engurrada e serena. Aquela bendición voaba como unha pomba sobre o río e íase pousar na testa murcha da irmá tolleitiña[6]. Cando falou foi para preguntar polo Adrián.

Decorreron cerca de dous días, calados, fondos, atentos ó máis pequeno movemento do doente. Dona María só deixaba a casa para ir un instante bicar a velliña. Contáballe piadosos enganos. Ata lle dixo que don Bernaldo desexaba un dociño de guindas, que había na casa. Dona María fitaba[7], fría e descoñecida, o Xacobe sen lle dicir palabra.

4. O Santo Cristo da catedral de Ourense é, probablemente, unha das imaxes relixiosas máis coñecidas da cidade. Trátase dunha gran talla de madeira que representa un Cristo crucificado con longas melenas e barbas de cor negra. Durante a celebración da novena en honor desta figura, ata non hai moitos anos, os devotos acostumaban encher o lugar de gaiolas con paxaros cantores. Os veciños competían por ver quen levaba o paxaro que cantaba máis e mellor, convertendo a capela nun fermoso espectáculo de chíos e cores.
5. Capa longa que levan os eclesiásticos sobre a sotana.
6. Diminutivo de tolleita. Eivada, impedida.
7. Miraba fixamente.

Anoitecendo o segundo día, chegou Adrián da estación. Viña máis fraco, desfeito da viaxe. A nai, refuxiándose no seu peito, chorou por fin bágoas consoladoras. Fuxía a derradeira inquietude da cara do doente e a súa man acariñaba a testa do sobriño axeonllado. Na noite ficaron sós. Entón, o doente faloulle ó Adrián.

—Meu fillo, vai ó despacho e descolga aquel mapa grande... Quero velo antes de morrer...

O sobriño, coa axuda do señor Pascual, trouxo á alcoba o mapa de Fontán[8]. Pendurárono da parede. Os ollos do enfermo reviviron. A man figuraba sinalar horizontes. Unha pura alegría animaba a cara murchiña e branca. Adrián cunha candea[9] na man, ía alumando os lugares que o vello dicía con voz distante: Corme, Laxe, Camariñas, Niñóns... Adrián non sabía sempre atopar os sitios. O enfermo falaba.

—Non, á dereita, á esquerda, un pouco ó norte.

A candea alumou longamente un nome e o sitio de Compostela. Adrián lía nomes de montes, de ríos, de aldeíñas, de ermidas. A luz ía seguindo os trazados dos camiños.

Naqueles instantes estraños e fondos figuraban lucir no mapa agras[10] marelas de centeo, ermos vestidos de

8. Primeiro mapa científico de Galicia. Elaborado grazas ás coidadosas medicións matemáticas de Domingo Rodríguez Fontán (1788-1866) quen pasou dezasete anos da súa vida, percorrendo toda Galicia cartografando o territorio para lograr unha imaxe real do país. Para Otero Pedrayo, que conservou colgado nas paredes da sala da súa casa un exemplar deste enorme mapa, o Fontán simboliza a imaxe gráfica de Galicia, o país que tanto quixo e defendeu.
9. Obxecto de cera en forma de cilindro longo que serve para alumar.
10. Grandes extensións de terra de cultivo divididas en leiras ou agros que perten-

flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos carreiros ós muíños e ás feiras, reverdeceres de camposantos, fuxir de augas, praias douradas, galgar de ondas nos cons, velas que saen enchendo de ronseis[11] o mar, orballeiras sobre os arboredos mestos[12], rúas de vellas cidades, soidades de esquecidos mosteiros.

Adrián sentíase conmovido ata o máis fondo do seu ser. Treméndolle a man foi alumado todo o camiño de Santiago, a terra de Ourense, as dúas aldeíñas xemelgas do val onde eles estaban, parou un instante como un cirio funeral, no nome da aldea na que morría Don Bernaldo e logo foi recorrendo todo o debuxo das fronteiras e costas de Galicia. Don Bernaldo xa non falaba. Sorría. Grosas bágoas queimaban as fazulas do Adrián. Tivo que saír á sala e liberar os seus saloucos[13] na fiestra, cara á noite. Logo, atendendo os signos do doente púxolle o crucifixo nas mans. Xa non o afastaba dos beizos.

Chegaba dona María co abade. Un feble suspirar fuxía axiña do leito. O crego murmuraba as oracións de agonía. Un rumor como o da derradeira auga dunha fonte que se enxoita[14]. Don Bernaldo morría docemente, e unha negra sombra corría sobre o mapa de Galicia.

cen a distintos donos.

11. O ronsel é o rastro, a marca, que deixa a embarcación que navega pola popa.
12. Que están constituídas por elementos numerosos e moi xuntos entre si.
13. Salaios. Acción de chorar facendo certos ruídos coa gorxa e o nariz, cortando momentaneamente o choro, ou suspirando.
14. Seca.

A SIGNIFICACIÓN ESPIRITUAL DO DÍA DA GALIZA[1]

Miñas donas, meus señores:

Sinto neste momento, ó falarvos, unha grande angustia, que xorde da conciencia da miña responsabilidade e da cativa forza das miñas palabras; pero como na pureza do meu amor á Terra reclamo un posto na vangarda, experimento tamén outro poderoso sentimento de ledicia contemplando este Teatro, que o xenio galego ergueu colmado por todo Vigo. Eu non son quen para expresar a emoción desta festa. Se levados polas ás dun xenio puideramos estar presentes ó mesmo tempo en todas as rexións da Galiza, no abrente[2] do día de Santiago Apóstolo, ouviriamos e abrangueriamos a marabilla dunha mañá única. Todas as torres galegas tocan as campás hoxe dun xeito novo. Igual as espadanas[3] sinxelas

1. "A siñificación espiritoal do Día de Galiza", *Nós* 80, 15-VIII-1930. O fragmento recolle as palabras do autor nun mitín pronunciado no teatro García Barbón de Vigo o 25 de xullo de 1930.
2. Alba, primeira luz do día.
3. Campanario dunha soa parede, que se eleva xeralmente sobre a fachada principal e ten un ou máis vans.

das ermidas da montaña, que as torres barrocas, floridas e pimpantes[4] da beiramar; que a prodixiosa Berenguela[5] compostelán, a máis fermosa antena de espírito que se ergue no chan de Europa.

Quen puidera formular o sentimento galego dos altos chans lucenses, idealizados pola brancura dos bosques de bidueiros[6], das serras esgrevias nutricias das augas dos vales, dos ribeiros acougados[7] nos que a misteriosa alquimia do sol no verán vai criando a esencia do viño, das costas bordadas pola escuma tecedora dunha orla de encaixes de Camariñas arredor da figura de Galiza!

Quen puidera describir o alegre sentir das cidades, das vilas e das aldeas, na festa do Patrón! As campás tamén tocan noutras festas agarimosas; nas dedicadas ós santiños das parroquias, na mañá do día de San Paio e de San Martiño, o fundador, e da Santa Mariña, a perla do mar, e de San Bieito, o mestre dos monxes, e de tantos outros viventes na lenda inmorredoira á parte. Pero ó prestixio desta mañá do 25 de xullo non alcanza nin a do San Xoán, cando as rapazas aldeás van na alba dubidosa procurar a flor da auga nas fontenlas puras, aínda soantes a un misterio da noite e non bicadas polo sol. (Aplausos)

4. Que está satisfeito de si mesmo e presume do seu porte e da súa elegancia. Dise tamén daquel ou daquilo que ten garbo, elegancia e un aspecto saudable
5. Torre barroca de 72 metros de altura que preside a praza do Obradoiro. Comezouse a construír no século XIV. Para Otero Pedrayo simboliza o triunfo da arte barroca e, con frecuencia, a regularidade das badaladas do seu reloxo, evocarán neste escritor o ritmo do paso do tempo.
6. Árbore de cortiza branca que se atopa á beira dos ríos.
7. Calmados.

O GALEGUISMO E O APÓSTOLO

A historia de Galiza é unha gran historia vivente. A nosa festa podería inspirarse noutros feitos e noutros nomes. Poderíase escolmar a memoria dun poeta simbólico e aquí o nome de Pondal, vén ós beizos, pois el, criado na soidade dobre do seu pensamento esgrevio[8] e na soidade das gándaras[9] e da costa bergantiñán, soubo flotar por riba dos tempos e non dubidou endexamais dos destinos galegos. Poderíase escolmar a data da inauguración do Pórtico da Gloria, porque nel o espírito da nova Europa soubo falar en pedra e alma galegas, atopando unha expresión nova por primeira vez desde a arte grega. Poderíase buscar un feito guerreiro: a batalla de Ponte Sampaio, na que os labregos nosos, armados con armas de cazadores, ceibaron a Galiza das aguias de Napoleón, sen reis, sen xefes, sen organización oficial; eles sós, co peito diante do invasor. Non! Era preciso algo que no seu alto simbolismo abranguese o pasado e o presente, que estivese inzado no pobo e tivese unha significación universal.

Señoras e señores: ó apóstolo Santiago temos, os galegos, que consideralo dun xeito diferente e superior ós demais apóstolos, dito sexa con todo o respecto e amor debidos ós portadores das palabras de Cristo. Santiago, o fillo de Zebedeo, é noso, é un galego. Porque o feito do nacemento non depende da vontade. E o feito

8. Abrupto, áspero.
9. Terreo húmido e improdutivo.

de escoller para a tumba á unha terra é un feito de libre arbitrio[10], pero o que dá elección da patria.

Santiago, pescador nas augas mornas do mar de Galilea, vivía naquela terra santa, aínda emocionada e marabillada de sentir o pasar livián dos pés divinos de Xesús e de escoitar as palabras da Redención. Pero el soñaba co mundo occidental, coas beiras do mar descoñecido, co mundo de noite que pechaba en si un mundo de historia futura e veu polo mar, e veu morto para ser galego e autorizar, coa súa lembranza, o gran Patriarcado de Occidente. (Aplausos)

A CORAL DOS POBOS EN CAMIÑO

A Galiza hai que sentila e enxergala en si mesma, no seu cerne, pero tamén en función do mundo. Mirade para o Ceo. Os antigos, cun sentido xeométrico poboaron a esfera de constelacións dun matemático estatismo; son heroes, son símbolos, son deuses, precisos, fermosos, fríos, luminosos de luz individual. Pero o que non fixo a Antigüidade, fíxoo o tempo creador, e a Idade Media, trazando o Camiño de Santiago. Acertou cun símbolo non estático, dinámico; non individual, colectivo, non fixo, senón camiñante. O camiño sempre foi a mellor propedéutica[11] do espírito. O camiño purifica, ergue, cría posibilidades. Todo tende á riqueza da diversificación, camiñando. E a Galaxia é iso: unha multitude de luciñas en camiñar, coma se cada unha fose unha alma e todas elas xuntas a multitude de cristiandade, en procura da nova santa terra. Os antigos ouvían a música das esferas; os séculos do románico ouviron a coral da Galaxia, coral de pobos en camiño. (Aplausos)

10. Vontade, albedrío. Facultade humana de decidir libremente.
11. Ensino que serve de introdución a unha disciplina ou a estudos máis profundos.

O POBO SEMPRE SOUBO O SEU DEBER

É natural, señoras e señores, que as miñas primeiras palabras foran dedicadas á aldea. Sempre, na Galiza, calquera manifestación vital ten que vir dela. Apenas fai falta explicar o porqué. O pobo labrego e mariñeiro soubo sempre o seu deber; mentres os homes da cultura, ou os que se chaman tales, esquecían a terra e procuraban un vivir de imitación, o pobo gardábase fiel ó espírito. Traballando de sol a sol, aldraxado[12] e servo, non perdeu a confianza. Cangado sobre pobres leiras de centeo, cantaba as cantigas antigas, cada mañá novas de novo orballo; e pola noite, ó redor dun pobre lume de garamata[13], en cada fogar latexaba a lenda, a imaxinación, a arte dos celtas inspirados. Neste día, a nosa primeira admiración para o pobo. Pois moitos homes da cultura foron culpables do pecado que non se perdoa, do pecado contra o espírito que só Deus, quizais, querería dispensar.

12. Maltratado moralmente, de palabra ou obra.
13. Ramas secas.

Eu non sei, señores, se o pobo terá razón. Se será certa a estadea das almas. O pobo, a min, ofreceume polo menos tanta confianza como as universidades máis empiringotadas. Pois se hai Compañas[14], a noite do folión[15] en Santiago non van as almas cantando tristeiras arredor das covas dos cemiterios recendentes ó mol terrón das sepulturas. Van ledas, sorrindo, latexando as campás da alegría galega. E diante da procesión temerosa, vai unha gran pantasma, que leva un pendón como levou na vida o fantasma de don Diego Xelmírez. (Aplausos)

LEMBRANZA DOS MORTOS

Hoxe temos tamén que nos lembrar dos nosos mortos, imposibles de esquecer. Nos países celtas o sentimento sempre presente da morte é unha garantía do valor da inmortalidade. Eles, os mortos amados, nos guían co seu exemplo. E os nomes de Leonardo Rodríguez, do Arcebispo Lago, de Lois Porteiro, de Losada Diéguez, o conselleiro sen igual, o altísimo carácter de Amado Carballo, de Manuel Antonio... Están nos beizos de todos os galegos.

14. Refírese á Santa Compaña. Procesión de almas en pena que vagan polas noites alumeadas con ósos de mortos. Buscan persoas que as acompañen e tradicionalmente, críase que anunciaban a morte de alguén na casa que frecuentaban.
15. Festa que se celebraba en determinadas festividades como o Entroido ou o San Xoán.

A FORZA DUN XURAMENTO

Señores: Eu non quero alongar máis a vosa espera. Os fillos da Galiza que van falar[16] e o significado deste día merecían outro prólogo que este que eu me empeño facer. Pero quero dicirvos que a festa da Galiza ten a forza e a formidable conciencia dun xuramento, que todos facemos, non sobre un libro de leis, senón sobre o futuro, sobre o berce do porvir. Estamos no momento creador, plasmando a futura e ceibe Galiza. Quedamos, coa Festa de hoxe, obrigados a traer cada un o seu esforzo.

E para rematar só vos prego que berredes todos comigo, erguendo os corazóns: Viva Galiza!

16. Refírese a Castelao e Valentín Paz-Andrade, que tomarán a palabra tras el.

O FIDALGO[1]

Unha mañá houbo un grande escándalo na rúa silenciosa, parsimoniosa, como poboada de avaros e de costumes ríxidos. Era unha mañá de primavera. Polo aire tépedo de enriba dos tellados, os únicos que gozaban da ledicia do sol endexamais coñecido polo zapateiro do soportal, nin polas laxes do chan, trazaban círculos atolados de chíos as roldas dos avións. Unha gran figura de home rexo e vello apareceu na galería dun pisiño último, unha disforme escopeta apuntou ó ceo, e pum, pum!!, os tiros fortes, sonoros, bravos como no monte, fixeron tremer os pobres vidros lixados dos pisos, o enfermo de parálise na súa poltrona, as señoras de clases pasivas, os funcionarios diante do chocolate, a vella e a súa calceta, a nena lectora de novelas, os gatos aburguesados e as criadas xubiladas que van á novena[2] e viven dun legado dos amos mortos hai moito tempo. Medo, estrañeza, rebumbio, fantasías. Total, un xuízo de faltas e unha

1. *Contos do camiño e da rúa.* Editorial Nós, Santiago de Compostela, 1932.
2. Serie de actos relixiosos que se fan durante nove días seguidos.

gran desconfianza no vecindario cando o fidalgo se afeitaba ó sol na súa galería.

Imos lembrar, en cadriños pequeneiros, feitos segundo informacións dignas de confianza, a historia daquel señor. Ela xustificará, dentro da súa lóxica, para el a única co seu finar tráxico cumprido, co finar do século XIX. Sen xuízo nin crítica, sen interpretación nin esexese[3]. Vaian por diante dúas notas psicolóxicas: só unha vez soubo o que era unha doenza; endexamais fixo un razoamento. E ninguén dubida que foi un gran señor.

1835. Escena: gran bodega do Ribeiro. Pipas[4] centenarias xa cando o da francesada. Frades cobrando as rendas. O gran sol outonizo rende preitesía[5] na porta ó viño poderoso, novo, pechado nas barrigas sen forma[6]. Un fidalgo de brancas barbas e ollos ledos ten no colo un neno xa crecido. Cachicáns[7], xornaleiros, un capelán da casa, fan círculo respectuoso arredor. O fidalgo foi colexial en Fonseca, tivo grandes dúbidas, demorouse moito nos clásicos, turráballe moito a caste[8]. E por todo iso non se quixo ordenar. "Domine, non sum dignus[9]". Maorazgo[10], gardou

3. Explicación dun texto difícil ou sobre o que non hai consenso, fundamentalmente das Sagradas Escrituras.
4. Barril, cuba, bocoi.
5. Mostra reverente de cortesía.
6. No orixinal lemos "panzas disformes". Cremos que se refire ás cubas de viño.
7. Capataces, persoas que administran as propiedades agrarias.
8. Estirpe, liñaxe.
9. Frase de orixe relixiosa que en galego poderiamos traducir como 'Pai, non son digno'.
10. Fillo que herda os bens dunha familia.

unha metódica claustral no pazo de inverno, no pazo de verán, no pazo do outono, no pazo da primavera. Xuntaba sete lugares, presentaba sete parroquias. Pazo na rúa Nova. Irmás en Santa Clara. Capitán das xentes dun val na Independencia. Soá[11] ergueita —por caste e por estudos— non foi cortesán nin con Fernando, nin polo amor ó escano das súas sete cociñas e o pasear suave polas salas resoantes non foi coronel na guerra dos Andes. Casado tarde, cando xa os parentes afiaban a dentadura para a farta herdanza, mimaba o filliño cun amor de vello. Con el nos brazos só tiña un medo: a doenza ou a revolución. Para as doenzas tiña os rescritos[12] dos frades de San Francisco, para a Revolución, armaría unha tropa de fieis montañeses. Os do Vocelo, os de Friol. Non encetados como a cerna[13] dos carballos. Agora asiste á trasfega[14] do viño. Da pipa maior, xorde unha fonte vermella, recendente: mans lixeiras levan as olas[15], e as olas van caendo na boca sen dentes doutras cubas. Enche a bodega e o serán[16], o rumor de dous ríos en camiño.

O neno, por raro caso, está quieto. O pai goza con esta atención do rapaz. Mira o neno con pracer o correr da poderosa espita[17]. Un xogo. Un decorrer que aquece a inquedanza infantil. Logo o cano vai abrandándose,

11. Columna vertebral.
12. Amuleto en forma de escapulario que contiña un conxuro. Acostumaban colgarse no colo das persoas pero tamén se lles puñan ó gando para protexelo.
13. O corazón, o núcleo.
14. Faena ou traballo realizado con apuro.
15. Recipiente para líquidos que leva, polo xeral, 16 litros.
16. Parte do día que vai desde que comeza a pórse o sol ata que se fai noite.
17. Pequeno cilindro de madeira que tapa o respiradoiro dunha pipa.

xa non fai aquel arco forte, cor de lume, xa se creba e devece[18]. Enseguida para. Entón o neno estala en choros. El quere ollar sempre aquela cousa fermosa que foxe. Se fora grande colleríaa coas mans como unha serpe esvaradía. O pai treme, inquire, logo se decata e manda autoritario:

—Abride todas as espitas —os homes, asombrados, temendo o castigo divino—, dubidan se obedecer: non hai outras pipas dispostas. O señor manda anoxado. Todos coñecen o imperio da voz terrible do amo. Coas mans trementes, facendo ás agachadas o sinal da cruz —eles non son responsables—, abren as pipas. A gran palabra do fidalgo resoa na bodega.

—Que meu fillo, meu herdeiro, a flor da miña caste, goce.

E corren as pipas, as do branco, as do tinto, as da Encosta, as do Bacelar, as da Teixugueira, como corrían as fontes de Versalles no Gran Século. Un ruxir de Dioivo[19] na bodega, unha colleita antiga polo chan de sábrego[20] facendo un lago de naumaquia[21] ofrecida á crueldade inconsciente dun Nerón neniño. O viño figura sangue bañado no asombro do sol, emborracha o ambiente da bodega, os homes, o capelán, refucen[22] os pantalóns, tínguelles o viño as pernas. Pernas de perdiz. O neno ri, berra, bate as mans de gozo. Canso, dorme nos brazos

18. Mingua, vai a menos.
19. Choiva moi, moi abundante.
20. Terra areosa.
21. Combate naval que os romanos organizaban en estanques ou lagos.
22. Remangan.

do pai cando o enorme suspirar da cuba baleira enche a bodega do sentimento dunha fatalidade. Os homes, coa noite e co remordemento, van para a cociña, camiñan para os lugares dicindo:

—Que gran cabaleiro é don Fulano.

A exclamación na voz do pobo e na envexa do señorío, vai dicindo moitas leguas á redonda.

—Que gran cabaleiro, que gran cabaleiro...

1845. Pola cheminea baixa fungando e salferindo[23] as brasas o aire invernizo na luzada[24]. O capelán quenta as mans, pasea inquedo, ás veces asómase á porta da alcoba. Rodeado de curmáns e irmáns, o fidalgo loita coa morte no gran leito. A brancura da barba mestúrase coa brancura das sabas. Os ollos fixos no crucifixo, pero tamén, ás veces, cruzado por unha impaciencia e unha dor. A de todos. O capelán —un frade exclaustrado— sobe a quentarse na cheminea e a ollar polos vidros. Penosamente, a mañá fría nace nunha paisaxe de cotos[25] brancos. Saíron moitos propios[26] a procuralo. E vén o día, e vén a morte, e don Xoán, só el, non vén.

Todo está amañado nos bufetes e no despacho: os pergameos, os títulos, o testamento. El Señor con gran concurso de fieis visitou solemnemente o pazo. Había panos de encaixe en todas as mesas, altariños dourados e mangados de flores, por milagre no corazón do inver-

23. Usado co significado de salpicando.
24. Primeira luz do día, cando sae o sol.
25. Cima, cume.
26. Persoa á que se lle confía unha encomenda ou unha encarga.

no e da montaña. Na cociña, os caseiros nin se atreven a falar. O fidalgo, nun pulo que ningunha forza puido dominar, ó chegar El Señor, botouse do leito, el tan sen forzas, e comungou axeonllado no chan, cos brazos en cruz, como un rei cristián. E o fillo non chegaba, o derradeiro cáliz de amargura na agonía do fidalgo. Pola media mañá, os pasos mainos da morte cruzaron a sala de volta da alcoba, cando xa fixera a súa angueira[27]. Unha vella mangoleta[28] ollouna, á Morte, de carranchapernas[29] na solaina para baixar ó xardín e proseguir a xeira[30] gadañadora[31].

Están chamados os cregos de tres arciprestados[32], o señorío de sete xurisdicións, e virán os pobres de vinte parroquias. Os rosarios enchen o pazo como unha marea suplicante. Coa noite afírmase a chama dos grandes cirios. Como as portas non se pechan, ninguén sente chegar o novo señor. O capelán quérelle rifar, pero cala diante da lanzal figura do mozo. Chega de botas altas, tabardo[33] montesío[34], cun fato de cans que ouvean a coro á morte. O fidalgo reparte chicotazos[35] ós cans, manda que aten-

27. Labor, quefacer.
28. Adxectivo que designa a persoa que fai os recados. Por extensión, a palabra úsase co significado de lingoreteira, a que anda levando contos dun lugar a outro.
29. Coas pernas abertas.
30. Xornada de traballo.
31. Refírese á xornada de traballo coa gadaña, segando.
32. Territorio eclesiástico, constituído por varias parroquias, baixo a xurisdición do arcipreste.
33. Peza de abrigo semellante a un chaquetón.
34. Propio do monte ou das zonas de alta montaña.
35. Golpes dados co chicote, é dicir, cun anaco de corda.

dan o cabalo na corte e con xesto de gran señor, ispe a cabeza e axeónllase para bicar as manciñas do morto. O capelán lembra a data: "Feira en Monteseixo", e ollando para o fidalgo: "Facies pecaminosa[36]". Toda a noite vela, rexo, silencioso, erguido. Polas once cantan o enterro setenta cregos, un pobo de xente bole nos patios, non collen as bestas nos presebes nin o señorío nas salas. Don Xoán recibe os pésames con triste e sosegada dignidade. Hai nas caras unha seguridade despois da terrible visita da morte, pois o don Xoán será bo seguidor da caste...

O poñente, empuxado pola noite, foxe de seguida, cando aínda había xente nas mesas. Trepan mulas e cabalos de cregos e señores, polos camiños da montaña. As linguas, ó partir, son outra volta algareiras[37] e bravas. É preciso cruzar chairas temerosas de lobos, antes de acougar no lume dos pazos. A noite, como rosario de pobres enfiados polos atallos da serra. Todos sen erguer as mesas, déitanse cedo no pazo.

Pero o fidalgo non dorme. Tampouco pensa. Un instante chora, pensando máis que na man do pai, na man do amigo que se puña no ombreiro confiada. Logo, oe remexer na cámara onde morreu seu pai. Érguese e mira desde o escuro da porta. Aínda se queiman cabos de cirios. Unha rapaza, boa agradecida á casa, filla de caseiros, cos brazos nus, un pouco asustada, levanta as roupas do leito, arranxa o cuarto. O fidalgo entra como un falcón botándose sobre a caza. Ela, estrañada, non conci-

36. Cara pecaminosa, en latín.
37. Alborotadoras.

bindo o sacrilexio, nin se atreve a loitar. Don Xoán, sen escoitar a acusación das pregarias acuguladas na estancia, con gula feudal, sobre o leito aínda gardador da forma dun corpo.

1855. No salón etiqueteiro[38] da Rúa Nova algunhas donas agardan impacientes. O coro das señoras maiores tamén agarda pero don Xoán non aparece. Pola porta só entran señoritas coñecidas. As de sempre. Noutro "sarao"[39], a elegancia montesía de don Xoán deixou sementadas flores de esperanza polo xardín das vidas femininas. Don Xoán deita onzas e onzas na mesa de xogos ata a mañá. Ouros borbónicos, do tempo das Indias, ouros constitucionais, ouros de cuño estraño. Dous séculos de historia española poden ilustrarse coas redondas pezas de ouro. O seu reflexo fai medrar o afiado dos perfís, sensibiliza as mans pálidas, afunde as meixelas, atiza a lapa dos ollos. Só don Xoán fica impasible, sereno, ledo como un cazador no monte. Leva bebidas moitas xerras de viño pois el despreza os licores finos e as bebidas da cidade. Os parasitos extreman a súa admiración. Don Xoán, gardando unha superioridade sen decatarse diso, vai botando na mesa, en onzas como soles, centos de tegas[40] de centeo, parellas de bois, adorno dos feirais e pasmo dos labregos, sementeiras, nabeiras, toradas de vello carballo dos que rexistran como arquivos nos fermosos circos do seu tronco o maino e

38. Elegante
39. Reunión nocturna de persoas para divertirse con música ou baile.
40. Medida de capacidade para grans, legumes, sementes.

seguro decorrer das sazóns[41], moios[42] de viño, dereitos de señorío. De súpeto, un home forte, valente de Sar, pousa a garra na morea das onzas e pasea a ameaza dun pistolón sobre os peitos dos xogadores. Sangue callado[43] nos corpos. O home ten historial de mortes, é seguro como unha navallada xitana, a súa historia anda nos carteis dos cegos. Desprezou o señorito, el só estima os homes do oficio. Limpamente don Xoán, agárrao polo pescozo, aparta o pistolón e o tiro ridículo vaise cravar nunha viga do teito. De seguida, a media ducia de pancadas[44] de ritual. O valente está no chan e ten mirada de súplica. Moitos pensan acudir á xustiza. Única ocasión para collelo! Hai berros.

—Á cadea, á forca.

O brazo de don Xoán debuxa un grande ademán protector:

—Non se toque un pelo do home derrubado, está baixo o meu poder.

Logo dille:

—Anda, serás o meu criado. Boa paga e festa. Pero honradez, e coidadiño con roubar unha moeda nin levar unha navalla. Se non, xa sabes quen é don Xoán.

O fidalgo ten lenda en Santiago. Vive cos estudantes. Polo día, artificioso[45], pasea polos arcos, dá o brazo a

41. Tempo oportuno para a colleita ou para calquera outra cousa.
42. Un moio son 128 litros.
43. Coagulado.
44. Golpes dados coas mans.
45. Pouco natural

vellas misias[46] moi sabedoras de elegancias que lle gaban o tipo e o maorazgo e lle falan de xenealoxías, rubindo as escaleiras das Praterías. Ten mesa farta, bodega franca, bolsa aberta. Polos atallos da serra, filas de mulas lévanlle en pelellos[47] os seus viños, os mellores da Avia. No baixo da casa organízanse as festas e as tunas, as xoguetas e as falcatruadas contra o sosegado comercio da cidade. O mesmo lle afunde a chistera a un vello canonista[48] que volve da novena, ou dirixe a Van Spen nos soportais, que se senta na mesa dos títulos e desenvurulla as pólas das árbores xenealóxicas.

No piso da casa hai cuartos reservados; nelas estarrícase como unha cobra vermella ó quente da cheminea sobre as alfombras e peles de luxo, a crioula das Antillas, preguizosa e sensual, queimada por furiosas esperas que don Xoán rebrandece cun bico. Roubouna ó seu pai, vello tratante de carne humana en Cuba[49]. A crioula ten todos os antollos; cando comesta dos celos rompe unha cristalería, ó día seguinte loce na cámara outra máis fermosa. Para ela hai criados que buscan nas vilas as cousas de máis prezo e traen polo aire, as flores e os froitos mimosos de Portugal. Algún día o pai pasaralle a conta. Don Xoán pagaralla, se non lle fende a testa dun tiro. El é así e ninguén o discute.

46. Señora. É unha contracción de "miña señora".
47. Recipiente feito coa pel dun animal.
48. Persoa especializada en Dereito canónico
49. O pai da amante de don Xoán, era negreiro; isto é, comerciaba con escravos negros.

1865. Un medo no coro dos parasitos e no bufón antigo curial[50] de vila que na borracheira dos máis —a don Xoán non hai viño que se lle suba á cabeza— parodia a todas as eminencias de Santiago, desde o cardeal ata a bruxa da Tafona[51], un medo no avogado e nos administradores. Don Xoán toma estado. As vodas son de rumbo endexamais ouvido. Don Xoán namorou dela unha mañá ó entrar na pequena igrexa das freiras para facer algunha barbaridade, desde que a viu, sinxeliña e fermosa, tan modestiña e composta, don Xoán impuxo silencio ós seus sicarios e só pensou en servila. Ela tiña medo del. Na primeira conversa, conquistouna. Non, todo eran calumnias das malas linguas!

Dona Rosiña vive e goberna no pazo da beiramar. Algúns pazos foran gastados, enteiriños, por don Xoán. Mais el sempre se reserva os mobles, e da montaña e da ribeira, dos pazos vendidos a disbarate[52], chegan retablos dourados de capelas, leitos taraceados[53], arcaces[54] de fino labor, armas antigas, retratos de frades estáticos, de terribles señores, de donas de opulenta beleza como marmelos outonizos. No pazo de beiramar converxen todos os ríos da ascendencia de don Xoán, e don Xoán no medio dos preciosos mobles cre ser dono de todos os pazos herdados.

50. Alguén que intervén impartindo xustiza, avogado, procurador...
51. Forno, panadaría.
52. Vender algo moi barato.
53. Técnica para traballar a madeira que consiste en ir facendo debuxos, algúns moi complexos, empregando pequenas láminas ou chapas de madeira de distintas cores.
54. Arcóns grandes de madeira nos que normalmente se gardaba a roupa das camas.

A finais do ano, a carón da cheminea, dona Rosina dá peito ó primeiro filliño. Xa os criados e as doncelas están no leito. A quen se lle asemella o rapaz? A aquel xeneral da sala? Ó mociño lindo que leva un uniforme de dragón da Independencia e afirma as manciñas de doncela sobre un pesado sabre? Dona Rosina vai percorrendo todos os retratos da liñaxe para se distraer; fóra, a virazón[55] abanea[56] os piñeirais e vai arrincar o cedro do xardín, que eles trouxeran da súa viaxe de noivos. E don Xoán non chega. Sempre está de caza. Ninguén coma el coñece os montes da Galiza. Conta historias arrepiantes de lobos, de porcos bravos, historias ledas de perdices polas costas esvaradías de penica[57]. O crego vello de Fontefera, en terras de Lugo, gábase[58] de ter morto cincuenta lobos. Don Xoán, en poucos invernos sufrindo as inclemencias nivosas[59], gañoulle o partido matando sesenta e sete. Cabezas de lobo para o seu brasón como os de Moscoso.

Morre o lume e entra silandeiro don Xoán. Vén pálido, pero determinado. Que lle pasará? Sen bicar o fillo, don Xoán pon á altura dos ollos da dona asombrada unha cousa que trae agarimada no pasamontañas: un neniño, lindo, rosado, branco como un anxiño, empanado en pobres roupiñas lixadas. Don Xoán di sen vacilación:

55. Vento do mar.
56. Move, fai oscilar.
57. Arume, folla do piñeiro.
58. Presume.
59. Con moita neve.

—Rosina, é meu fillo. A nai morreu. Entrégocho para que fagas del o que queiras!

Os dous nenos figuran sorrir un ó outro. Diante da espantada faciana da señora, don Xoán franquea a fiestra á noite negra:

—Aí tes o patio. Están os cans famentos. Se tes corazón, lánzao embaixo.

A señora, sen unha fala, axiña, como cómpre, ispe o outro peito e os dous nenos beben, tranquilos, ditosos, do mesmo leito.

Ó día seguinte, don Xoán con cabalgada de criados vai á feira de Pontevedra. Ó regresar, pola noitiña, vai chamando nas portas dos lugares e deixando nos regazos das doces labreguiñas de ollar rendido, das bravas pescantinas de falas mimosas, ducias de panos de seda, dengues[60] de veludo, corais e pratas barrocas para os fermosos colos e para as lindas orelliñas, duros á mancheas para liberar as terras hipotecadas polos patróns, para pagar as medicinas das avoas tolleitas.

1875. A xente segue dicindo:

Que gran cabaleiro!

Medra cada día a admiración dos cabaleiros e dos cregos, a envexa dos señores da vila, a fame dos curiais[61] e dos prestamistas. Por todas as estradas, as que soben entrenzadas arredor dos montes, as espalladas no vagan-

60. Especie de pano que as mulleres poñen polas costas. Teñen unhas puntas longas que se cruzaban polo peito e anoábanse detrás.
61. Avogados, procuradores e demais funcionarios que interveñen na administración da xustiza.

tío[62] das chairas postas ó sol, as que, namoradas da fermosura das rías, van seguindo o encaixe da costa, salpican alegrías gozosas os coches de don Xoán. Séntense de lonxe rompendo, ben de mañá, o soño dos piñeirais. Levan catro, seis, oito cabalos, mercados nas feiras de Zafra, de Sevilla, de Xerez. Non collen polas rúas de Santiago e ó entrar nas prazas das vilas espállase un aire de festa. Moitas veces vai só don Xoán guiando a xubilosa tropa dos cabalos: leva no pescante a escopeta e unha boa moza, pimpante[63] e orgullosa, ó seu carón.

Nas mesas dos cregos, sentado entre os arciprestes e priores, mantén o ritmo dos muelles debullando, con método probado e con fidalga limpeza, desde a sopa, densa, condensación sabia de cousas boas, ata a longa conclusión das sobremesas. A gran sinxeleza da alma de don Xoán transparéntase no falar, no enxuizar simple e claro das cousas, collendo sempre polo camiño do medio e lucindo mestría en temas de caza, de viños e de trato social, unha mestría completa. Unha boca que nunca dixo palabras de dúbida e un corazón tan recto que os abades severos, moitas veces escandalizados pola sementeira de pecados que don Xoán facía seguido nas parroquias, non podían menos que dicir:

—Don Xoán peca coa sinxeleza dun neno e de fixo non acouga o mal na súa alma de neno.

Gran neno mimado pola fortuna, polas mulleres, pola saúde. Ningunha emoción, ningún problema.

62. Amplitude dun lugar.
63. Elegante.

Mellor que cos homes, fala sen palabras nun diálogo de miradas e xestos, co can das perdices. Os animais, os pobres e coitados animais, senten por don Xoán un amor particular. O seu asubío e a súa voz poden máis nos cans que o asubío e a voz dos criados. Fixo unha viaxe longa, no medio do inverno, por ver nun pazo da montaña o pobre "Soult", can de palleiro, bo servidor, leal amigo, que estaba a morrer. Deitado no estrume dunha corte, nin tiña azos para se achegar a un consolo de sol que lucía na porta. Cando sentiu trepar o cabalo e percibiu ese olor particular, quizais feito de volátiles esencias de carácter que os cans poden percibir nos homes, de don Xoán, Soult, erguendo as pobres orellas muchadas, meneando un anaco do rabo, chegouse á porta con lentitude, sentíndose outra volta cachorro, ouvindo unha harmonía de noites estrelecidas baixo a fiestra do amo, maxinando doces soños, ós seus pés na alfombra da sala. Don Xoán non se afastaba do can, os ollos prisioneiros dos seus nun diálogo non maxinado por ninguén. Caendo a noite e o frío, os caseiros respectuosos, trouxeron lume, e don Xoán debeu decatarse dunha súplica nos ollos do can, pois, sen dubidar, meteulle na cabeza un tiro certeiro.

Gran cabaleiro! —murmuraban os labregos sospeitando en don Xoán unha dignidade superior, cando vían o gando dos lameiros parar de pacer e ficar cos ollos extasiados, húmidos da tenrura que noutrora inspiraban os grandes xefes pastores, ou as pombas envolvendo en agarimos alados a figura do fidalgo, na solaina, co primeiro sol churrusqueiro da mañá, ou os bois baixándolle a poderosa

cabeza serva para apañarlle na man as roibas espigas, ou pavo real facéndolle a roda maxestosa de cortesía.

Don Xoán percorre no seu coche as estradas da beiramar. Non soamente por folgar[64]. Agora son outros os tempos. Don Xoán, que nunca soubera o que tiña nin contaba as voltas dos cartos, fíxose home de negocios. El de por si non se mete en nada. Ten servidores listos, algúns señoritos da vila, que traballan todo o negocio das contratas de camiños. Don Xoán admira eses homes de empresa, calculadores, que saben trazar as curvas, e cimentar as pontes, e engaiolar os enxeñeiros, e entenden das fianzas e dos prazos. Don Xoán, sempre preparado para marabillarse, sorrí e paga. Ás veces, as cousas non marchan ben. Ó mellor hai que variar un trazado, hai que mercar a conciencia dun funcionario, pódese perder, non se sabe ben por que, o importe dunha fianza. Os conselleiros do asunto son agora os seus amigos. Algúns, con moitos fillos e poucos ingresos, andan mal de fondos. Don Xoán, con delicadeza, para non ofendelos, failles chegar ós bolsos, rolos de billetes.

Moita xente ten envexa dos compañeiros de don Xoán, levan gabáns novos, trepan con autoridade antes descoñecida neles, algúns erguen casiñas novas, outros, máis humildes, póñenlles tendas ós seus familiares. Un serán, por caso raro, don Xoán demora na casa. Está ó fresco con dona Rosina, os rapaces pequenos enredan no xardín. Á maior pronto haberá que mandala a un internado na capital. Dona Rosina fala de algo que lle

64. Descansar.

roe no peito; ela quixera aproveitar aquela presenza do seu home na casa.

—Desculpa o que che digo, non me gusta esa xente coa que andas. Non me teñen boa pinta. Ti, para que buscas negocios? Non estariamos máis descansados coidando das terras? Teño medo a que con tantas preocupacións enfermes. Tes unhas canas no pelo!

Don Xoán escoita, en silencio. E sorrí. Non, os seus amigos son todos boas persoas, homes para matarse por eles, é preciso que os cartos se movan polo mundo, hoxe xa non se vive, como antes, nos pazos. Don Xoán vai expoñendo as súas razóns, sen gran fe nelas, e sorpréndese cun recordo estraño. Non hai moito, estivera coa Bibiana, muller xa madura, boa moza no seu tempo, a quen don Xoán sacara, con namoros, de sachar leiras e agora, grosa e coidada, rexía un grupo de mozas da vida na cidade. A Bibiana gardáballe a mellor lei ó fidalgo. E dixéralle máis claramente, o mesmo pensamento da señora.

—Eses amigos teus son unha tripulación de ladróns. Fartan a fame á conta túa. Se segues tan parvo deixarante máis pelado que unha pelica[65] vella. E logo non ves como engordan? Ti es señor, vive do teu e déixate de manter samesugas[66] e de negocios.

Estraña confluencia de opinións. Chega o mordomo a falarlle ó señor, mañá hai feira de Soutoledo. A mellor para mercar a parella de bois. Fan moita falla. Don Xoán bota man á carteira. Logo, escudriña nas

65. Peza de roupa feita con peles finas.

66. Persoa que se aproveita doutras vivindo á conta delas ou quitándolles o diñeiro pouco a pouco.

gabetas e nos caixóns. Por primeira vez na súa vida non ten diñeiro. O sol, onza de ouro como as que el sementou ás mancheas, vaise poñer na lomba dos montes. O fidalgo cazador sempre mira para o ceo, como o mariñeiro para o mar. No ceo vibra quieto, feroz, dominador, un miñato. O rei no solpor. Adivíñase un medo pechado no branco pombal. Don Xoán agarra a escopeta e baixa polos eidos[67] de millo medrado. Está agora o miñato riba dos grandes piñeiros mansos. O fidalgo admírao un instante. Está tan fermoso! Logo tira. Cae o paxaro dando voltas un anaco para nunha póla[68], derrúbase, pesado, no chan. Os ollos, o pico, as farpas[69]. Don Xoán, ó regresar para casa vai pensando por primeira vez: "Quizais logo haxa grandes pagos dalgunha obra". Terá que acceder as falas melosas do Estornelo sobre hipotecar a casa de Santiago?

1885. Unha oficina pola tarde. Chovía nos vidros lixados. Fedor de cabichas. Traballo extraordinario. Medo á chegada dun novo xefe. Cabezas enriba das mesas. Don Xoán na súa. Como fidalgo é moi dado. Nin lle parece mal que un antigo zapateiro, que lle fixo nun tempo moi boas botas de caza, lle fale desde a mesa veciña:

—Ola Juan.

Don Xoán tiña unha serra de expedientes riba da mesa. O badulaque[70] vai estralar como as fitas dun corsé

67. Terreos cultivados.
68. Rama.
69. Gadoupas, garras.
70. Mequetrefe.

de moza posto en corpo de muller grosa. Don Xoán non sabe por onde comezar. Quizais pensa: "Vivirá o Leandro, o meu caseiro de Ribacova? Casaría a Florinda? Xa debe ter vinte anos". Soña no corpo de palla de centeo da nai da Florinda e no lume, mantido coas leñas de don Xoán, do seu fogar. Tempo das resacas. "Como estará a bodega do Ribeiro? O novo amo desfaría aquela pipa vella, de carballo. Bo serán para pasala co destilador[71]". Trémanlle diante dos ollos as partidas dun reparto. Ben. Inda hai cigarros. Agora os seráns do outono son máis longos que antes.

Don Xoán, saíndo da oficina, non quere mirar un grupo de rapazas que pasan. El ben coñece a figura da súa filla, a máis elegante. Leva ó seu carón un noivo. Un empregado de almacén. A don Xoán, cruzando diante do casino, por pouco o collen os cabalos dun coche. O cocheiro para, baixa, dille:

—Señorito, dispense.

Foi servidor de don Xoán. Dentro do coche a figura do prestamista parece unha sardiña en lata. Fai que non ve a don Xoán. Ten medo dunha labazada.

—Bo, o caso é que teño pazo fidalgo con escaleira de corte e escudos, en Compostela —pensa acochándose como un raposo.

Don Xoán, con dous retirados, pasea baixo os arcos da rúa. Horas sen remate. Mais el parece non decatarse. As fillas estarán cosendo e non convén estorbalas. Na

71. Persoa que ía de casa en casa, destilando; é dicir, obtendo augardente do bagazo.

hora da cea, todos están contentos arredor da mesa limpiña. Dona Rosina ten os cabelos brancos. Dille ó seu home:

—Ti figuras un mozo ó meu lado.

As rapazas reciben un recado urxente: cómpre rematar os volantes e as mangas dun vestido, para o baile, antes das once. E sen probar migalla de queixo, póñense a coser. Don Xoán non pode ser dono de contar unha tristura. Non é nada de particular. Na xerriña, só fican dous dedos de viño da taberna. No comedorciño hai un oco. Alí estaba o fermoso tallo[72] taraceado[73]. Agora non está. Don Xoán e dona Rosina fálanse cos ollos. Ela ponlle na man un cartucho de pesos. Don Xoán, asomado á fiestra, considera as luces da cidade na noite. A rúa escura fai unha curva. Máis aló hai un calello[74] e no calello unha taberna soada polos bos callos que prepara. A taberneira foi e aínda é moito de don Xoán. Hai pouco, mandáralle unha empanadiña de peixe. Tamén ten para el outros peperetes. Hai un demo de portuguesiña que dá xenio vela. Cansou de servir. Don Xoán sofre cavilando.

—Terei que ir pola outra rúa e rubir polas escaleiras... Non se pode chamar a atención nestas rúas de xente devota.

Don Xoán é moi franco. Xamais ocultou nada do seu vivir. Quen regresase ós abertos camiños da aldea!

72. Banco pequeno, de tres ou catro patas e sen respaldo, que serve de asento para unha persoa.
73. Forma de traballar a madeira que consiste en empregar pequenos anacos de chapa de madeira, en distintas cores, para formar debuxos.
74. Rúa ou camiño moi estreito.

Colle o gran chambergo[75] para saír. Dona Rosina, ó despedilo na escaleira, dille baixiño:

—Lémbrate que mañá hai que pagar os réditos do Estornelo.

Dentro, as fillas cantan, traballando ó son da Singer. Don Xoán, di:

—Tes razón, está a noite moi fría. Voume deitar.

1900. Todos estaban admirados da resistencia física e do señorío de don Xoán. Había cazadores elegantes, políticos, xente de Madrid. Don Xoán, no monte e na mesa, parecía ser el o que convidaba. Os seus tiros precisos estraban de perdices as follas de piñeiro das costas. Os cans facíanlle festas atoladas. Os labregos —xa ningún había do seu tempo— pensaban: "Que gran cabaleiro!". O seu vello tabardo impuña un ton na antesala. Estaban nun pazo arranxado e repintado á moda. O amo non sabía ler os escudos. Don Xoán descifrounos e contou historias da casa.

—Por aquí —dicíalle ó amo— estaba o segredo.

A forza de rebulir nas paredes dun cuarto escuro, don Xoán puido facer que unha pedra se movese. Grande emoción na compañía. Saíu un vapor de vello. Pero non había tesouro. Había un mollo de pergameos e un gran tarro cheo de mel. Don Xoán colleuno con respecto e levouno ó comedor. O símbolo dos bos tempos, a honradez, a tradición, o tesouro da casa, o mel suave das avoas, das abellas que zugan nos xardíns antigos e

75. Sombreiro de aba ancha.

locen como pintas azadas de ouro no fondo de gules[76] dos escudos!

Don Xoán comeu e bebeu como un prior guerreiro. Toda a historia dun século, as liñaxes e as parroquias, as colleitas, as fames, a carlistada[77] e a Revolución, os estudantes clásicos, as xoldas épicas, as belezas dos salóns elegantes, os comezos dos políticos, os bandidos e os aforcados, Pepa a Loba[78] e Xan Quinto[79], as frotas a vela e as cacerías feudais, pasou pola súa charla. Algúns que ben o sabían, picábano para que fixera outras confesións. Pero o fidalgo non tivo unha palabra para os falsos amigos, nin para os rapineiros[80] vestidos cos anacos do seu manto de señor. Cunha ledicia vagamente outoniza figuraba don Xoán unha torre antiga e lanzal onde aniñaran os paxaros da campía.

Nas sobremesas un mozo preguntoulle polo tempo romántico. Sería poeta? Non. Coñecera moitos poetas e moitas musas. Pero só sabía unha poesía.

—É a miña favorita —e recitouna—. "Y en triste adiós mi juventud perdida/ mandaba a mis cabellos/ pensando que ya nunca volverían/ hermosas manos a

76. No escudo de armas, a cor vermella.
77. Nome que se lle deu en Galicia ás guerras carlistas, e en especial ás escaramuzas illadas que xurdiron en varias comarcas.
78. Bandoleira galega que, no século XIX, dirixía unha banda de bandoleiros que percorría os camiños roubando ós ricos e poderosos.
79. Bandoleiro galego que roubaba ós ricos e se mostraba xeneroso e nobre cos pobres.
80. Os que rouban cousas de pouco valor.

jugar con ellos[81] —e todos estaban emocionados, e ninguén pensou en rir da cursilería".

A finais de ano don Xoán fai unha tremenda descuberta: tamén o seu corpo está suxeito á dor. Un dente de rato róelle no estómago. Hai dous días que sente dores feroces na vexiga. Non sabe que cara lle pór ó médico. Só coñeceu os médicos en sociedade. Don Xoán só aguanta dous días no leito. Unha néboa inverniza enterra a cidade doente, nunha masa de algodón hidrófilo. Dona Rosina non se arreda[82] do leito. Unha mañá don Xoán está descansado e parece reflexionar. Dona Rosina vai a misa. Cando volve hai xente na escaleira, as fillas berran e choran como tolas, hai un fedor de pólvora no pobre pisiño. Don Xoán fixera o primeiro e o derradeiro razoamento sobre si: estaba doente, non podía pensar na dor e pegouse sinxelamente un tiro como fixera moitas veces cos cans vellos ou enfermos. Sen remordemento, sen vaidade, sen pecado.

No cemiterio, a lousa humilde de don Xoán, modesto funcionario xubilado, está asombrada polo monumento de mármore do prestamista. En sete parroquias da Galiza aínda o sol do serán bica ó morrer sete alciprestes que de neno don Xoán axudara a plantar.

81. Fragmento de *El diablo mundo*, de José Espronceda.
82. Afasta, aparta.

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO
(1886-1950)

UN OLLO DE VIDRO. MEMORIAS DUN ESQUELETE[1]

O conto foi que un día collín o camiño do cemiterio e atopei o enterrador un pouquiño non sei como, e despois de falarmos moito, díxome que tiña que contarme, en segredo, unha cousa, sempre que eu fose home de ben e amigo leal. Eu quedei un pouco parado polo medo á sorpresa descoñecida e despois de collerme polo ombreiro e achegarme os seus beizos podres á miña orella, díxome paseniñamente:

—Atopei uns papeis nunha caixa!... Nunha caixa que non sei de quen sería. O esqueleto tiña na caveira un ollo de vidro que me miraba con xenreira.

E o enterrador sacou, do lado da pel, uns papeis engurrados. O enterrador non sabía ler e deumos a min para que os lese. Eran cachos de periódico, papeis de fumar..., todos numerados e, no primeiro, campaban[2] estas verbas: "Memorias dun esqueleto".

1. *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete.* Ferrol, Céltiga, 1922.
2. Distinguíanse.

Aquela letra era traballosa de ler e estaba feita cun garabullo[3].

Cando rematei a lectura xa comezara o entre lusco e fusco e o enterrador, moi amoucado[4], xurou que se non fose por Deus, íase ó esqueleto e escacháballe a caveira cun sacho.

Despedinme del e cando xa ía pola estrada camiño da cidade, oín que me chamaba desde a porta do cemiterio.

—Oia, veña acó!

E despois quediño e moi solermiñamente[5] díxome ó ouvido:

—Vostede, é médico, non sabería onde mercan ollos de vidro?

E por catro cartos, fíxenme dono dun ollo de vidro e das memorias.

As memorias do esqueleto é o que ides ler. Escoitade, pois, a un home do outro mundo, pregándovos por adiantado que non me fagades solidario das súas ideas.

[...] Desde hai tempo veño reparando en que un home de carne e óso sae dunha cova, gabea[6] pola parede do cemiterio e foxe cara á cidade. De alí a dúas ou tres horas regresa para o cemiterio ensumíndose[7] nun dicir amén, debaixo da terra. A primeira vez que reparei nel

3. Pau delgado e pequeno.
4. Triste, apagado.
5. Suavemente.
6. Agatuña, sobe empregando as mans e os pés.
7. Desaparecendo.

non quería dar creto ó meu ollo; pero o caso repetiuse moitas veces arreo[8].

Unha noite, púxenme ó axexo[9] agardando que xurdise da terra e fun detrás del. Correr, corría o condenado, pero eu, escorréndome polas sombras dos muros, non saquei o ollo de enriba del. Chegou ó burgo[10] máis pobre da cidade e parou diante dunha choza, entrando despois nela por unha fenda da porta. Eu rubín[11] ó tellado e saltei á horta que daba detrás da casoupa e por un buraquiño puiden fitar[12] a escena máis arrepiante que puidera imaxinarse. Unha lampadiña de aceite alumeaba mornamente[13] a cariña fraca e cadavérica dunha rapaza que durmía nun leito misérrimo. A pantasma achegouse a ela e estivo unha chea de tempo cos beizos pousados no pescozo da rapaza.

Cando se ergueu, tiña a boca bordeada de vermello, mentres no pescozo da rapaza corría un fío de sangue e na pel da súa cariña fraca, arrufiaba[14] a brancura da morte.

Aquela pantasma era un vampiro.

No seguinte día, a pantasma chuchou[15] o derradeiro sangue que podía dar a pobre rapaza. Cando aínda estaba quente a última badalada das doce horas no

8. Ininterrompidamente.
9. Espreitar, mirar vixiando.
10. Barrio.
11. Subir empregando as mans e os pés.
12. Mirar fixamente.
13. Lixeiramente.
14. Arrefriaba.
15. Zugou, succionou.

campanario da igrexa, ouvearon os cans ventando[16] a morte.

O vampiro seguiu chuchando o sangue de máis vítimas que ían morrendo como as lámpadas de aceite chuchadas polos morcegos.

Quixen saber quen fora o vampiro no mundo dos homes e fun ler o seu nome de bronce no rico mármore da campa[17]. O nome só abondou: Fora un canalla que roubaba para dar regalía ó seu bandullo de porco; dono da xustiza, roubaba desde a súa confortable casa. Para que dicir máis? Era... Era un cacique!

Eu quería atopar a maneira de darlle morte ó vampiro. Busca por aquí, cachea por acolá..., non puiden abranguer[18] nos currunchos da imaxinación, unha boa forma para matalo e quixen falar co esqueleto que trouxo unha biblioteca na cabeza, para ver se me daba luces a súa conversa.

—No vampirismo cren moitos pobos e hai moitas probas xudiciais de aparicións de fantasmas que chuchaban sangue de persoas; pero eu creo que non debe dárselle creto a semellantes contos. Fuxiron os tempos en que o verdugo queimaba os cadáveres sospeitosos de vampirismo e hoxe, non se permitiría en ningures, espetar unha estaca no corazón dun cadáver.

O meu amigo, cheo de ciencia oficial, moqueábase[19] das xentes sinxelas que cren nos vampiros. Eu gardei o

16. Presentindo.
17. Lápida.
18. Acadar, atinxir.
19. Mofábase, burlábase.

meu segredo para non pasar por parvo e seguín preguntando solermiñamente.

—E hai sabios no mundo que cren no vampirismo?

—Hainos. A fundadora da Teosofía[20] fala diso e conta moitos feitos. Se mal non me lembro acolle a explicación do fenómeno por causas físicas. Cando un morto aparente estivo moi apegado á materia e foi, na vida, un malvado, o corpo astral envolto no dobre etéreo, sae da sepultura co obxecto de manter o corpo físico con sangue que zuga nas persoas vivas e desta maneira, perpetúase o estado cataléptico do soterrado. O corpo astral comunica o sangue dun xeito aínda descoñecido, pero agardan que calquera día sexa explicado polas ciencias psicolóxicas.

—E vostede nin tan sequera ten dúbida?

—Eu, que son home ben asisado, non creo; aínda que, certamente, hai certas cousas que me fan cavilar, como son as mortes aparentes e o feito de térense atopado cadáveres que aínda tiñan as carnes brandas, e os ollos abertos, a pel sonrosada, a boca e o nariz cheos de sangue fresco, que tamén xurdía das feridas que por asasinato ou por axustizamento, lles produciran a morte. Iso é o que contan os vellos documentos.

—E de que maneira podería dárselle morte ó vampiro?

20. Refírese a Helena Blavatsky. A Teosofía é unha doutrina relixiosa e mística que cre estar iluminada pola divindade e intimamente unida a ela. Os teosofistas defenderon que todas as relixións do mundo, comparten un tronco común. Vicente Risco, Primitivo Rodríguez Sanjurjo e outros membros do cenáculo ourensán, interesáronse na súa mocidade polas ensinanzas de Blavatsky.

—Pois... para arredar o corpo astral do físico non hai outro remedio que queimar o cadáver.

Non quixen saber máis. Afasteime da miña biblioteca e fun pensando para os meus adentros: Vampiros hainos; pois logo, polo si ou polo non, debían queimarse a todos os caciques. Os caciques son capaces de facerse os mortos para seguir vivindo a conta dos malpocados.

O GALEGUISMO NA ARTE[1]

A ARTE AVANZANDO, Ó APARECER OS GALEGUISTAS

Miñas donas e meus señores:

A nosa tradición artística durmía o soño da morte, co coitelo da traizón espetado no peito, e as arañas arrepiantes do esquecemento fiáballe, solermiñas[2], a tea da súa mortalla[3]. Mais algunhas almas boas do século pasado deron co sartego da nosa tradición e fixérona revivir. Con todo, quedábanos a nós, ós novecentistas[4], a misión de animar unha arte que fose a expresión do sentido da vida galega e das ideas do noso tempo.

1. "O galeguismo na arte", *Nós* 80, 15-VIII-1930: 155-158. O discurso foi pronunciado no Teatro García Barbón, de Vigo, o 25 de xullo de 1930. Con idéntico título, incluíuse tamén no folleto *Discursos pronunciados o Día da Galiza no mitin celebrado no Teatro García Barbón de Vigo*, Vigo, Edicións do Grupo Autonomista Galego & Nós, Pubricacións Galegas e Imprenta.
2. Acariciadoras, tenras.
3. Peza de tea ou vestidura coa que se envolve ou viste un cadáver para enterralo.
4. Referido ó movemento cultural e artístico que xurdiu no primeiro terzo do século XX.

Cando os galeguistas aparecemos na loita, querendo engadir á vella tradición esquecida unha nova tradición, xurdía no mundo enteiro, un desexo de anovamento; e o novo espírito, en pleno balbordo revolucionario, propuña xa un gran problema de liberdade para as individualidades étnicas. Reparade como eran diferentes as arelas colectivas na arte avanzada:

En Italia, o futurismo significaba un desexo de progreso material cando o presente vivía esmagado pola máis longa e gloriosa historia da arte. En París, o cubismo significaba un desexo de método e disciplina ó quedaren esgotadas de todo as posibilidades do anarquismo artístico dos derradeiros tempos. O expresionismo dos alemáns significaba un retorno á espiritualidade cando se decataron de que a mesma ciencia, orixinariamente espiritual, ía camiño de trocarse en simple servidora da técnica. A arte rusa, en fin, tan popular e tan nova, significou e significa aínda, un renacemento da cultura propia en contra das culturas alleas, que tiñan asoballada toda posibilidade de creación artística, orixinal e xenuína.

Na España, o movemento de renovación manifestouse no terreo da política porque foi o Estado quen aferrollou[5] a liberdade dos pobos; pero no fondo de todo, aquí coma en todas partes do mundo, non hai máis que un desexo: o de liberar o espírito. E eu dígovos que o movemento libertador terá remate cando a liberdade sexa acadada.

É de balde dicir que por un esforzo común terá de chegarse, eliminado o individual, a un estilo colectivo

5. Pechar pasando o ferrollo, o pasador.

que traspase as estremas da nación, pois as arelas de anovamento artístico non poden resolverse con unisonancias senón máis ben con acordes maxestosos e complicados. Por outra banda, o cuño de orixe, a orixinalidade, nin pode minguar a universalidade da arte nin pode fanarlle[6], tampouco, a súa función social.

O UNIVERSALISMO

A cantos rifan connosco por razóns de universalismo é ben dicirlles que endexamais ollamos a ningún paxaro tropezar en ningunha fronteira. E se non tropezan os paxaros, como podían tropezar os nosos sentimentos e as nosas ideas...? (Aplausos.)

O que queremos é desatrancar o camiño da Europa; aquel camiño branco que unía Galiza co resto do mundo civilizado, no tempo afastado dos Cancioneiros e do Pórtico da Gloria. (Aplausos.)

Por arte, que vén ser o mesmo que por humanidade e que quer dicir algo máis que por patriotismo, cómpre aguilloar[7] a conciencia adormecida da personalidade galega; porque nós, os fillos de Breogán; os homes que aínda conservamos no espírito "as calidades afectivas dese xenio celta, que foi o noso *fiat* xenésico", temos obriga de levar sentimentos novos e orixinais e xenerosos á corrente da vida humana. Hai que poñer a producir

6. Amputarlle, mutilarlle.
7. Estimular, esporear.

todas as posibilidades dun pobo diferenciado en ben, principalmente, da riqueza espiritual da humanidade! (Aplausos.)

O porvir da arte galega non está en traer de fóra un estilo novo senón en crear, nós mesmos, o noso novo estilo. E todos cantos preferimos ser escravos da Natureza a ser escravos das leis dos homes, proclamamos a necesidade de que os sentimentos galeguistas sexan zume da terra e celme[8] da tradición, non entendendo por tradición a serie de actualidades superpostas, senón o eterno que vive acochado no instinto popular.

DEFENSA DA NATUREZA

Falei de Natureza, verba sospeitosa para algúns intelectuais que xa non queren escribila con maiúscula; mais eu escribiría con maiúscula todas as letras da palabra Natureza, aínda que me chamasen panteísta[9]... E agora permitídeme que faga unha lene[10] defensa da Natureza, en ton humorístico para que non me chamena afectado.

Non sei se Deus lle puxo rabo ós cabalos soamente para que tivesen con que tornar[11] as moscas, e menos podo dicir, que nos dese nariz para cabalgar os anteollos e orellas para trabar as rendas das lentes. Pero hai homes

8. A esencia.
9. Os que practican a doutrina filosófica e teolóxica que identifica a Deus co mundo, coa totalidade do Universo.
10. Suave.
11. Espantar.

de libros que aseguran acotío[12] que o pararraios significa un triunfo do home contra a Natureza, cando de certo é unha defensa que a boa natureza nos deu para que nos defendésemos dos lóstregos, pois se ela quixese os lóstregos enfiarían as cabezas dos homes e non as puntas metálicas. (Aplausos.)

O home pode envaidecerse[13] de ter inventado o paraugas contra a choiva, e bo é. (Risas e aplausos.)

O ARTISTA E A SÚA OBRA

Pero aínda hai homes que pensan que fan fillos e din que fan fillos coa mesma seguridade con que un zoqueiro pode dicir que fai zocos. A esta caste de homes, estupidamente parvos e vans, pertencen moitos artistas que aseguran ser creadores, en absoluto, das súas obras de arte... Non! O primeiro sorprendido diante dunha obra de arte é o seu propio autor, da mesma maneira que un pai diante da fermosura dun fillo acabado de nacer.

O artista é pai das súas obras de arte, aínda que isto non priva de que sexa creador das súas obras ruíns e perecedeiras.

Os que renegan da Natureza para seren creadores, semellan ciclistas costa arriba, ciclistas escravos da bicicleta, unha caste de cabaleiros que levan o cabalo ó lombo. Pensan que a arte está nos miolos e espremen a

12. A diario.
13. Volverse vaidoso.

cabeza coma quen aperta un tubo de pintura. (Risas e aplausos)

É a flagrante[14] vaidade dos homes que, moitas veces, pretende ensinarlle xeometría a quen fixo as leis por que se rexe o movemento dos mundos.

A ESPERANZA CELTA

Di Lamennais[15], o atormentado bretón, que cando a serpe chantou os seus ollos na grea[16] dos homes, tremeron; que logo lles falou ó ouvido, e que cando os homes escoitaron a serpe comezaron a dicir que eran reis. E foi entón, cando naceu o medo.

E eu dígovos que cómpre non tremer diante dos ollos da serpe, nin darlle creto ás súas palabras agarimosas, porque temos que traballar sen medo, seguros de que xa non hai morte que poida matarnos.

A esperanza celta, manifestada en lendas de circia[17] significación poética, é un símbolo vivente da nosa nacionalidade, e amosa unha indómita confianza nos nosos destinos. Todos os pobos celtas teñen as súas lendas de esperanza: uns agardan polo rei que desapareceu na poeira dunha batalla lendaria; outros confían na resurrección das cidades fabulosas que dormen, enteiras, no fondo das

14. Evidente.
15. Félicité Robert de Lamennais foi un filósofo, político e teólogo católico liberal.
16. Conxunto, fato.
17. Xusta, asisada, íntegra.

augas; outros, de máis forte imaxinación, esperan que un novo cataclismo devolva ó mundo a Atlántida asolagada. E eu penso que todas as formas da esperanza celta non significan máis que unha cousa: a confianza no triunfo da nosa civilización de paz, de paz que pon por riba de todas as riquezas materiais a imponderable riqueza do espírito. Porque nós, os celtas, amamos de tal maneira o espiritual, que se non existise a alma, seríamos capaces de creala, a forza de desexos; e se non existise o Ceo, seríamos capaces de inventalo, para os nosos mortos. (Aplausos)

A FORZA SIMPÁTICA DA ARTE

Sen querer marchei por vieiros de sentimentalismo, cousa natural nun artista que aínda é de abondo romántico. Deixádeme evocar un intre da miña recente peregrinación por Bretaña[18].

Fai por este tempo un ano, atopeime unha tarde, no Gran Beyde Saint-Malo, onde Chateaubriand[19] dorme o seu soño derradeiro ó xeito dos antigos druídas[20].

18. Tras a morte do seu único fillo, Castelao e Virxinia Pereira, a súa muller, viaxaron por esta rexión francesa entre a primavera e o verán de 1929. Foi posible grazas á axuda económica da Xunta de Ampliación de Estudios. Froito desta viaxe será o volume *As cruces de pedra na Bretaña* que o Seminario de Estudos Galegos publicará en 1930.
19. François-René de Chateaubriand foi un escritor e político francés, considerado o pai do romanticismo en Francia. Otero Pedrayo foi un grande amante deste escritor cuxa obra afirmaba coñecer desde neno.
20. Sacerdote da civilización celta encargado de celebrar o culto, de educar a xuventude e de administrar a xustiza.

Leváballe lembranzas dos románticos galegos, de Otero Pedrayo, de Lousada Diéguez... Alí queixeime de que se quixese soterrar o romanticismo, e xuraría que o espírito de Chateaubriand quixo consolarme.

Sentei ó pé da súa campa, chantei os ollos ó lonxe do mar do poñente e escoitei: "Ti estiveches en Fisterra, na punta do Raz[21], onde o Atlántico bate feramente. Pois ben; cando dorme o mar todos son ollos para admirar a forma dos rochedos; cando o mar esperta, todos son ollos para admirar a súa forza. Certo é que o mar necesita dos cons[22] para non morrer parvamente nun areal; pero cómpre non esquecer que de cada loita que o mar sostén coa pedra, xorden os rochedos cunha nova forma. Aí a arte. A arte é un gran corazón, que para latexar e contar o tempo que pasa, necesita dúas forzas contrarias: cando a un corazón se lle corta o nervio frénico, o corazón tolea; cando se lle corta o nervio simpático, o corazón quédase. Estas dúas forzas existiron e existirán sempre na arte, e nun intre determinado da historia puideron chamarse romanticismo e clasicismo. Palabras... Sabes? O certo é que o romanticismo representa o predominio da forza simpática da arte. Que o enterren, se é que poden. Ti non lles digas nada; pero eu dígoche que o que enterran non é un cadáver, que é unha semente". (Aplausos.)

Dende aquela tarde bretoa xa non teño dúbidas. Sei que o romanticismo dos nosos pais vai indo vello, e que moitas formas, luxadas polo uso, que foron ricos adobíos da literatura romántica, deben morrer axiña; pero a forza simpática da arte é outra cousa: esa é a alma toda do Occidente, que aínda está para enxendrar moitos romanticismos novos. E nós, os habitantes das *Fisterras*, os celtas do Atlántico, representamos o cerne mesmo desa forza creadora.

21. Raz é un cabo da costa atlántica, no departamento de Finistére, no extremo occidental de Bretaña, Francia.
22. Pedra de gran tamaño nas proximidades da costa.

O QUE DEBEMOS Ó CENTRALISMO

As aspiracións permanentes do pobo galego, os seus desexos fondos, os seus instintos profundos, son combatidos polos patrioteiros de *chin-chin*, que moitas veces falan orgullosamente en nome dun progreso imaxinario; mais é tempo de dicirlles que o progreso non vai cara á uniformidade senón cara á harmonía. E se o progreso fose cara a esa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por enriba do progreso está a perfección; e nós, por un desexo de perfección e por unha dignidade que xa vai sendo dignidade persoal, non queremos que na fala dos nosos avós, que na lingua dos Cancioneiros, se siga expresando, soamente, a incultura e a pobreza, que, por outra parte, lle debemos ó centralismo. (Aplausos.)

Que sigan chamándonos separatistas os ananuxos[23] da política centralista. Nós seguiremos traballando ledamente, cantando; seguros de que no vello tronco hispánico nacerá unha nova póla florecida. Ouh aqueles versos de Pondal

23. Diminutivo de anano, usado con finalidade despectiva.

Non cantes tan tristemente,
Probe e desolada nai;
Non lle cantes cantos brandos.
Pra adormecer o rapaz,
Onde está a cova do sono,
No céltico carballal.
Cántalle cantos ousados,
Que esforzado o peito fan.
Cántalle o que xa cantara
O nobre bardo Gundar.
A luz virá para a caduca Iberia
dos fillos de Breogán!

Dixen

COUSAS[1]



Dende a fiestra da torre a condesiña ten os ollos chorosos enfiados na derradeira revolta do camiño, por onde un día fuxiu a súa ledicia de namorada. Co verme dos celos rillándolle o corazón a condesiña vai morrendo pouquiño a pouco na fiestra da torre.

1. O relato publicouse por primeira vez *El Pueblo Gallego*, o 12 de decembro de 1926, case un ano despois de imprentarse a primeira edición de *Cousas* que segundo se pode ler no colofón "saíu do prelo o día vintetrés de saneiro do MCMXXVI", en Lar.

E pasan días e meses e anos, esculcando no camiño a volta do seu amor. E nun serán de pensamentos velaíños, relembrando aquel bico que se deron a furto, a condesiña belida morreuse de amor.

Así contan as xentes a morte da namorada.

Esa tomba encerra dende fai centos de anos as cinzas da malfadada condesiña, e a lenda que se conta de vellos e mozos colleu pulo sentimental no monumento de pedra, hucha misteriosa para todos os espíritos románticos.

Unha vez foi aberta polos "intelectuais" da Vila e dentro atoparon ósos, retrincos de lenzo, po e..., carabuñas de cereixas para encher dúas cuncas.

Por certo que o médico, home de moitos anteollos e de moita caspa na chaqueta, díxolle ó boticario.

—A condesiña do que morreu foi dunha enchente de cereixas...

Hai homes que non saben calar.

COUSAS

Todos cantos sabían algo da historia da vila en que eu nacín, xa repousan debaixo dos terróns[1].

A siña Sinforosa era unha velliña que todos os días pasaba o mar porque era mandadeira[2] de oficio, como xa

1. Anaco de terra cuberto de herba.
2. Persoa que fai recados, recadeiro.

fora súa nai, súa avoa e quizais todas as súas devanceiras, desde que os da banda de acá tiveron comercio cos da banda de alá. Era honrada ou parecía selo, pois vivía da súa sona de muller de ben. Gaioleira[3] e faladora con todos, tiña sempre, para a xente fidalga, un caravel na súa boca chuchada[4]. A siña Sinforosa sabía todas as traxedias do mar naquela travesía.

Nos días de tempo ruín, cando funga[5] o vento nas cordas e os salseiros[6] varren a cuberta do barco, a siña Sinforosa metíase en si e rezaba pola súa alma.

Nos días mainos a siña Sinforosa rezaba polos afogados. O barco ía andando cara á banda de alá e a mandadeira ía rezando sempre.

—Un *painosiño*[7] polo Xan de Codeso, que morreu afogado un día da Candeloria[8].

—Unha salve por dona Rosa Faxardo, que se botou a afogar na punta da Falcoeira[9].

—Un *painosiño*, unha salve e unha avemaría polas catro fillas do Belurico, que morreron de volta do mercado.

3. Dise de quen, coas súas accións, procura atraer coa súa simpatía, co seu encanto etc.
4. Delgada, vida a menos.
5. Zoar. Ruído que fai o vento cando sopra e produce un ruído xordo e continuo.
6. Auga en pingas moi miúdas ou escuma que producen as ondas do mar ó bater contra as rochas ou contra unha embarcación.
7. Diminutivo da oración que coñecemos co nome de noso pai.
8. En moitas parroquias de Galicia o día 2 de febreiro celébrase o día da Candeloria; unha festa relixiosa de orixe pagá, relacionada coa fertilidade e os ciclos da natureza. Na misa, o cura, bendice ***velas*** que logo se levan para casa porque se lle atribúen propiedades como iluminar o camiño das almas no máis alá ou a facultade de calmar as treboadas.
9. Na Costa da Morte, preto de Malpica.

—Unha salve por Ramón Collazo, que o levou un cóngaro[10] e nunca máis apareceu.

Así seguía rezando, rezando sempre, por todos cantos morreron naquel camiño do mar. A vella mandadeira gardaba na memoria os nomes dos afogados e as datas das traxedias.

Un día reparei que a siña Sinforosa rezou por "un rapaciño que morreu en Tronco[11]", e pregunteille:

—Quen foi o rapaciño que morreu en Tronco, siña Sinforosa?

E ela respondeume:

—Non o sei, meu amantiño; ese afogado non é do meu tempo pois xa rezaba por el a defunta de miña avoa, que no Ceo estea.

A siña Sinforosa morreu xa, e de tantas traxedias non quedan máis que tres ou catro cruces de madeira chantadas[12] nas pedras de beiramar. A vella mandadeira levou ó Alén a historia de todos os afogados da vila en que eu nacín.

Unha vez que atravesei o mar, sentín dentro do meu peito o baleiro de tanto esquecemento e en nome de todos os afogados preguei:

—Un *painosiño* pola siña Sinforosa,

10. Congro ou anguía de mar.
11. A praia de Tronco está próxima a Rianxo.
12. Espetadas, cravadas.

COUSAS

Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trae unha mona, un papagaio, un fonógrafo[1]...

O negriño foi medrando na aldea, onde aprendeu a falar con enxebreza[2], a puntear[3] muiñeiras, a botar aturuxos abouxadores[4].

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gañar o pan. Co tempo fíxose mozo cumprido, sen máis chatas[5] que a súa cor... Aínda que era negro coma o pote, tiña graza dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, cun caravel enriba da orella e unha pola de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

1. Antigo aparello que servía para rexistrar e reproducir as vibracións de calquera son. Empregábase para escoitar música.
2. Coa calidade do que é característico e propio dun país ou dunha rexión e que non está falseado, deformado ou mesturado con nada alleo.
3. Executar os pasos dun baile tradicional, neste caso a muiñeira, cruzando os pés e apoiando coa punta o que está adiantado.
4. Que mete un ruído enxordecedor.
5. Defecto, falta.

Unha noite de estrelas xurdiu na súa imaxinación a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sentiu, como todos os mozos da aldea, os anhelos de emigrar. E unha mañá de moita tristura gabeou polas escaleiras dun transatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban[6] no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando[7]:

—Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou pobre e débil; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e máis un traxe branco...

6. Observaban con atención.
7. Salaiando. É dicir, choraba facendo ruídos coa gorxa e o nariz, cortando momentaneamente o choro, ou suspirando.

O RETRATO[1]

Por amainar a conciencia guindei[2] co meu título de médico no fondo dunha gabeta[3] e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licenza oficial; pero unha noite foron requiridos os meus servizos.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Deume as boas noites e rompeu a chorar e por entre os saloucos saíanlle as verbas tan estrulladas[4] que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.

O pobre pai turraba por min e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. Despois de todo eu era médico titulado e non podía negarme! E tiven tan fortes desexos de compracelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran ciencia...

1. "O retrato", *Retrincos*. Santiago de Compostela, Nós, 1934.
2. Lanzar algo a certa distancia.
3. Caixón.
4. Esmagadas. Apertadas con forza.

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme[5] das súas mans, e con finxido apoucamento confeseille que sabía pouco da carreira...

—Repara que hai moitos anos que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

—O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; váiseme e non teño ningún retrato seu!

Ai, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme libre de xeira[6] tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor ca un deseño, asegureille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razoamentos logrei que Melchor largase de min á cata[7] dun fotógrafo. A cousa quedaba arrombada[8], e funme durmir, con mil ideas ensarilladas[9] na cabeza.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

—Os fotógrafos din que non teñen magnesio[10]!

5. O verbo arriar significa facer descender pouco a pouco, unha bandeira, unha vela dun barco... Aquí está usado en sentido figurado, quere dicir soltarse o que está ben collido.
6. Xornada de traballo.
7. Á busca.
8. Ordenada.
9. Enleadas, feitas unha maraña.
10. Elemento químico que empregaban os fotógrafos porque ó arder desprende unha luz moi brillante que lles permitía iluminar as fotografías. Era o antecedente do flash.

E díxomo tremendo de angustia. A cara de cor branca e os ollos coma dous tetos[11] de carne vermella de tanto chorar.

Endexamais vin un home tan desfeito pola dor.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba[12] por min, e o malpocado dicía cousas que me rachaban as entrañas:

—Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. Non me deixe na escuridade, señor!

Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lapis e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban[13] a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir nada sentei a debuxar o que vían os meus ollos de terra e soamente ó cabo dalgún tempo conseguín afacerme ó drama que miraba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervoado, coma un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto, a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feriume con estas verbas:

11. Cada unha das mamilas do ubre dalgúns mamíferos como a vaca.
12. Puxaba, tiraba.
13. Facían intuír.

—Pola alma dos seus defuntos, non mo retrate así. Non lle poña esa cara tan cadavérica e tan triste!

Confeso que ó volver á realidade non souben que facer, e púxenme a repasar as liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado[14] novamente por Melchor:

—Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo rindo.

De súpeto naceu en min unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín[15] o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retablo barroco, a sorrir.

Entreguei o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñer o pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora Melchor consólase mirando a miña obra que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di, coa mellor fe do mundo:

—Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velaí está o retrato que non mente.

14. Roto.
15. Recolleuse, sumiuse na súa intimidade.

COUSAS DA VIDA

Eu non quería morrer alá, sabe miña nai



Que me dás se son teu mozo?
—Eu? Douche unha labazada

A ti no te pusieron nada los Reyes, porque tu papá es republicano, sabes?



—Ese muchacho dicen que sabe muchismo.
—Si, pero tiene un acento tan gallego

En Galiza non se pide nada. Emígrase.

ACTIVIDADES

EXERCICIOS VARIADOS

Busca nesta grella a resposta correcta para as seguintes preguntas.

- Segunda palabra do partido político fundado no Nadal de 1931.
- Importante obra de Otero Pedrayo, protagonizada por *Adrián Solovio*.
- Primeira palabra da institución cultural galega creada en 1923.
- Apelido do autor de *O porco de pé*.
- Autor da biblia do galeguismo.
- Título da obra anterior.
- Nome do doutor que protagoniza o primeiro relato escrito por Vicente Risco.
- Revista fundada en 1917 por Noguerol Buján e Vicente Risco.
- Apelido do último editor da revista Nós.
- Apelidos de dous irmáns fundadores das Irmandades da Fala.
- Ensaio de Vicente Risco que se considera un relato autobiográfico da súa xeración.
- Apelidos do ourensán deputado ás Cortes da República.
- Primeiro apelido do mestre ourensán que influíu na formación galeguista dos membros da Xeración Nós.
- Cidade americana onde faleceu Castelao.
- Pronome plural que caracteriza a esta xeración.
- Título dun dos libros de narracións breves de Castelao.

A	S	E	N	O	S	O	S	I	N	A	D	A	P	T	A	D	O	S	T	M	O	E	K	E
N	E	T	R	V	A	R	S	O	R	I	E	V	L	A	A	M	X	O	R	M	A	D	O	M
M	A	N	R	T	V	R	L	L	S	U	T	Y	O	Q	Z	M	X	T	U	A	D	E	J	K
K	U	O	D	G	A	E	A	T	A	A	T	O	C	W	I	B	O	E	R	T	G	S	L	O
S	N	P	T	F	L	L	C	O	A	U	R	E	S	Q	L	X	U	R	A	R	B	S	I	L
H	M	R	T	O	L	E	E	U	L	E	I	A	T	X	A	O	A	O	H	I	N	E	L	W
S	E	A	G	D	S	T	N	B	P	S	A	T	A	R	G	L	E	P	L	I	H	W	O	A
A	E	L	T	E	A	O	T	G	B	U	T	A	A	A	N	I	A	E	U	A	T	S	I	Z
Y	I	L	S	D	W	L	U	E	E	R	G	E	S	R	E	B	T	D	I	M	Y	L	O	E
R	L	I	B	F	E	V	R	A	F	A	A	U	I	I	E	G	I	R	L	Y	H	S	M	R
G	O	V	H	B	R	L	I	S	S	E	H	S	O	X	R	H	E	A	H	N	O	W	O	T
Z	O	L	A	S	A	C	A	A	T	A	R	E	S	I	P	U	A	Y	N	O	D	S	N	T
X	U	R	U	V	A	L	M	E	E	S	U	L	Ñ	E	M	O	S	O	L	O	S	A	D	A
A	A	G	R	B	S	L	B	V	I	T	I	E	L	X	E	I	I	R	N	H	H	W	U	B
A	R	R	E	D	O	R	D	E	S	1	H	U	S	R	S	O	U	R	S	B	G	S	H	O
T	S	I	S	T	I	A	N	L	V	S	S	T	D	O	E	O	H	U	U	V	S	Y	W	T	S
S	R	U	J	H	E	C	A	T	R	E	G	T	I	R	A	J	A	R	F	A	U	S	G	A
I	S	H	S	G	S	C	F	L	O	M	R	Y	A	X	L	O	A	X	E	S	T	O	X	I
U	V	N	N	E	G	E	H	T	C	I	D	I	U	E	E	K	V	S	V	U	R	W	G	R
G	C	K	O	R	S	O	E	L	S	N	F	G	U	U	T	V	A	A	E	O	O	X	E	E
E	A	S	N	R	H	R	O	H	M	A	R	S	H	C	S	U	E	O	F	C	S	O	N	S
L	U	N	O	G	A	C	L	O	M	R	E	G	G	R	A	V	R	X	H	X	D	A	E	U
A	T	L	M	D	G	A	S	B	N	I	S	H	T	X	C	L	S	E	G	A	A	E	R	S
G	N	K	F	I	H	V	E	A	E	O	R	I	S	C	O	L	O	X	O	S	O	W	T	U
←	A	O	H	I	B	B	S	A	N	A	M	J	O	X	E	A	A	F	N	U	A	E	U	Y

TEST CULTURAL

Sinala a resposta (ou respostas) correcta.

1. Quen é o autor d'*O porco de pé*?

- ☐ Ramón Otero Pedrayo
- ☐ Vicente Risco
- ☐ Florentino López Cuevillas

2. En que ano se comezou a publicar a revista Nós? En que ano se deixou de publicar?

- ☐ 1916-1936
- ☐ 1920-1939
- ☐ 1920-1936

3. Cales destas características non define a xeración Nós?

- ☐ europeísmo
- ☐ renovación da prosa galega, publican ensaio e novela
- ☐ escritores culturalmente moi formados
- ☐ todos nacen no século XX

4. En que cidade morreu Castelao?

- ☐ Rianxo
- ☐ Santiago de Chile
- ☐ Buenos Aires

5. Cal destes escritores non pertence ó cenáculo ourensán?

- ☐ Risco
- ☐ Florentino L. Cuevillas
- ☐ Castelao
- ☐ Otero Pedrayo

6. Cal destas obras non retrata a xeración Nós?

- ☐ *Nós, os inadaptados*
- ☐ *Arredor de si*
- ☐ *Sempre en Galiza*
- ☐ *Dos nosos tempos*

7. Quen é o autor d'*Os camiños da vida*?

- ☐ Ramón Otero Pedrayo
- ☐ Vicente Risco
- ☐ Florentino López Cuevillas

8. Cal destes títulos non o escribiu Castelao?

- ☐ *Sempre en Galiza*
- ☐ *Os dous de sempre*
- ☐ *A lagarada*
- ☐ *Retrincos*
- ☐ *Os vellos non deben de namorarse*
- ☐ *Cousas*

9. Que partido político se fundou no Nadal de 1931?

- ☐ O Partido Galeguista
- ☐ O Partido Nacionalista
- ☐ O Partido Popular

10. Cal destas cousas non defendían os membros das Irmandades da Fala?

- ☐ A importancia dun teatro feito en lingua galega.
- ☐ A lingua galega debía estar no ensino
- ☐ Había que ler as obras dos autores europeos en francés

11. Cal destes escritores non colaborou na revista *Nós*?

- ☐ Risco
- ☐ Cuevillas
- ☐ Castelao
- ☐ Otero Pedrayo
- ☐ Rosalía

12. Cal destas obras non escribiu Vicente Risco?

- ☐ *Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros*
- ☐ *A trabe de ouro e a trabe de alcatrán*
- ☐ *Mitteleuropa*
- ☐ *O señorito da Reboraina*

13. Como se titulaba a revista que crearon os membros do cenáculo ourensán antes de ingresar no galeguismo e comezar a publicar a revista *Nós*?

- ☐ *A Nosa Terra*
- ☐ *Alfar*
- ☐ *La Centuria*
- ☐ *Ronsel*
- ☐ *Viva Galicia!*

14. Cal destes títulos non está ambientado no mundo de ultratumba e non ten como protagonista un morto?

- ☐ *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*
- ☐ "Do estraño caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros."
- ☐ *O purgatorio de don Ramiro*
- ☐ "A trabe de ouro e a trabe de alcatrán."

15. Quen foi o primeiro director da revista *Nós*?

- ☐ Risco
- ☐ Cuevillas
- ☐ Castelao
- ☐ Otero Pedrayo
- ☐ Losada Diéguez

16. E o responsable artístico?

- ☐ Risco
- ☐ Cuevillas
- ☐ Castelao
- ☐ Otero Pedrayo
- ☐ Losada Diéguez

17. A que profesor ourensán se lle atribúe o mérito de ter animado a algúns membros do cenáculo ourensán para que participasen no proxecto da revista *Nós* e se interesasen polo galeguismo?

- ☐ Risco
- ☐ Cuevillas
- ☐ Castelao
- ☐ Otero Pedrayo
- ☐ Losada Diéguez

18. Que organización nacionalista galega pode considerarse o precedente inmediato da xeración Nós?

- ☐ o Partido Galeguista
- ☐ o Seminario de Estudos Galegos
- ☐ as Irmandades da Fala
- ☐ o Rexurdimento
- ☐ o Instituto Padre Sarmiento

19. Que institución creada en 1923 por un feixe de mozos galeguistas, estudou e divulgou o patrimonio cultural galego?

- ☐ o Partido Galeguista
- ☐ o Seminario de Estudos Galegos
- ☐ as Irmandades da Fala
- ☐ o Rexurdimento
- ☐ o Instituto Padre Sarmiento

20. Como se chamaba o impresor a quen debemos boa parte dos números desta senlleira publicación?

- ☐ Ánxel Casal
- ☐ Filgueira Valverde
- ☐ Arturo Noguerol
- ☐ Losada Diéguez

21. Por que non viu a luz o número 139-144 que estaba xa listo para distribuírse a comezos do verán de 1936?

- ☐ Porque Risco tivo medo e decidiu que era mellor que non chegase á xente
- ☐ Porque os sublevados entraron na imprenta e destruíron todos os exemplares menos dous
- ☐ Non chegou a imprentarse, estaba preparado pero comezou a guerra e non se fixo

22. Cal destes temas non atoparás nas páxinas de *Nós*?

- ☐ Deportes
- ☐ Literatura
- ☐ Etnografía
- ☐ Arqueoloxía
- ☐ Literatura
- ☐ Televisión

23. En cal destas vilas nunca se imprentou a revista *Nós*?

- ☐ Lugo
- ☐ Ourense
- ☐ Pontevedra
- ☐ A Coruña
- ☐ Santiago de Compostela

24. Cantos anos hai que viu a luz esta importante publicación?

- ☐ 50
- ☐ 101
- ☐ 102
- ☐ 90
- ☐ 150
- ☐ 100

SOPA DE LETRAS

Procura nesta sopa de letras o nome de dez personaxes literarios que aparecen nesta antoloxía. Asocia cada un dos personaxes á obra e ó autor que corresponda.

M	A	R	A	U	I	C	A	S	R	I	S	C	A	I	O	P	O	N	E
D	S	A	C	O	T	E	R	U	I	P	C	V	B	U	N	I	O	M	P
R	Ó	R	R	A	M	I	R	O	D	E	Q	U	E	I	R	O	A	S	A
R	R	U	L	O	I	D	D	S	A	R	T	B	U	I	A	O	B	A	N
A	Q	V	T	S	A	R	E	L	E	R	I	S	N	M	O	D	O	D	R
M	F	I	S	O	I	P	H	O	T	P	R	E	E	D	N	D	D	R	U
O	N	C	U	B	R	E	M	U	L	V	M	B	L	A	O	C	E	I	P
N	I	E	P	E	H	A	E	A	A	B	A	A	S	N	X	E	L	A	E
M	S	B	O	R	C	F	L	R	D	N	N	B	C	E	Z	L	N	N	R
E	A	R	R	T	E	R	S	V	S	R	E	E	R	Ñ	A	C	E	S	T
R	Ñ	T	C	I	H	E	A	E	E	R	L	T	T	L	H	Z	L	O	R
C	I	A	A	F	S	O	S	B	S	I	B	I	R	I	X	B	X	L	E
U	S	S	I	A	Ñ	I	N	A	D	S	R	A	T	M	N	I	O	O	A
R	S	N	F	S	L	O	A	O	A	T	R	O	C	B	U	N	I	V	S
I	A	O	I	E	D	V	N	U	Q	A	U	T	S	V	B	U	J	I	R
O	R	P	O	R	A	I	D	E	F	G	U	I	O	P	A	T	R	O	I
A	A	P	A	C	O	N	D	E	S	I	Ñ	A	R	I	H	C	N	A	P
B	I	B	I	A	N	A	D	A	B	U	R	A	T	A	P	A	N	C	H

Ordena na liña do tempo os seguintes datos:

Fundación do Seminario de Estudos Galegos, derradeiro número da revista *Nós*, primeira reunión da Real Academia Galega, fundación do Partido Galeguista, perda das últimas colonias españolas, Asemblea Nacionalista de Lugo, primeiro número da revista *Nós*, sublevación militar contra a República española, creación das Irmandades da Fala, Vicente Risco e Arturo Noguerol fundan en Ourense a revista literaria e "neosófica" *La Centuria*

1898	1906
1916	1917
1918	1920
1923	1931
1936	1936

Indica en cada cela o inicio e o remate da Primeira Guerra Mundial, inicio da Revolución Bolxevique e o inicio e remate da segunda República Española

Nas seguintes series, hai un intruso. Es quen de sinalalo? Indica o motivo.

- Características dos membros do Grupo Nós: extracción social acomodada, sólida formación cultural, crean a prosa galega moderna, están interesados no esotérico
- Fundadores do Grupo Nós: Xosé Lesta Meis, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas
- Membros do Seminario de Estudos Galegos: Fermín Bouza Brey, Filgueira Valverde, Lois Tobio, Francisca Herrera Garrido, Ramón Otero Pedrayo
- Naceu en Ourense: Ramón Otero Pedrayo, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas
- Autorretrato do Grupo Nós: *Arredor de si, Encol da literatura, Nós, os inadaptados, Dos nosos tempos*

Clasifica os seguintes títulos no recadro que consideres conveniente:

A lagarada
Os camiños da vida
Dos arquivos do trasno
Arredor de si
Teoría do nacionalismo galego
Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete
Os vellos non deben de namorarse
O porco de pé
Sempre en Galiza
Retrincos
Ensaio histórico sobre a cultura galega
As cruces de pedra na Bretaña
O bufón d'El Rei
Teatro de máscaras
Os dous de sempre
A fiestra valdeira
Diario de 1921
"Dos nosos tempos"

ENSAIO	
NARRATIVA	
TEATRO	
LÍRICA	

Por certo, sabes quen é o autor destas obras? Podes ordenalas atendendo á data da súa publicación?

Completa cada unha das definicións co título literario que mellor lle acaia. Ten en conta que todos os textos son ensaios:

Diario 1921, O libro dos amigos, Sempre en Galiza, Pelerinaxes I, "Nós, os inadaptados", Mitteleuropa, Guía de Galicia

- Obra nacida da viaxe que Castelao realiza no primeiro cuarto do século XX para estudar a pintura europea.
- Colectánea de ensaios escritos en distintas épocas e por diferentes motivos. Castelao publicou esta magna obra no ano 1944 na cidade de Buenos Aires.

- Libro que reúne un conxunto de biografías de amigos do autor. Algúns foron profesores do autor, outros amigos, familiares ou coñecidos. Todos estaban mortos cando se publicou o libro en 1953.
- Ensaio no que Vicente Risco estuda a evolución ideolóxica do seu grupo xeracional. Nesta obra o autor expón como chegaron ao compromiso coa terra desde o máis radical dos individualismos. Na obra trátanse temas como o cosmopolitismo e o decadentismo finisecular.
- Vicente Risco escribiu esta obra para recoller as súas impresións do centro de Europa froito dunha viaxe de estudos que o autor fixera en 1930. A obra comezou a publicarse por entregas na revista *Nós*.
- Famoso libro de divulgación que pretende dar a coñecer os lugares máis fermosos e significativos de Galicia. Naceu coa vontade de axudar os viaxeiros, turistas e simples excursionistas.
- Relato da viaxe a pé a Santo Andrés de Teixido emprendida en setembro de 1929 por Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Xosé Ramón Fernández-Oxea.

EXERCICIOS DA ESCOLMA DE TEXTOS

PRIMEIRAS VERBAS

1. **"Os colaboradores de *Nós* poden ser o que lles pete". Que cres que quere dicir esta expresión? Une cada termo da esquerda coa súa definición da dereita.**

individualistas	• Cre que os axentes naturais conservan a saúde e tratan enfermidades
socialistas	• A súa base é a omnipotencia e independencia da razón humana
pasatistas	• Cre na igualdade política, social e económica de todos os seres humanos
futuristas	• Tende a pensar e a obrar con independencia dos demais
intuicionistas	• Concédelle un papel principal á intuición como fonte de coñecemento
racionalistas	• Interésase polos estudos filolóxicos e clásicos
naturistas	• Expresa artisticamente os avances da técnica
humanistas	• Aférrase ós costumes do pasado

2. **Busca fragmentos do texto onde se defenda a importancia de…**

Aquilo que é propio da cultura galega, que non está deformado con nada alleo

A necesidade de comunicar a nosa cultura coa cultura europea, sen intermediarios

Asumir que a xeración ten a obriga de modificar o curso da nosa historia

O sentimento optimista que envolve as persoas que botan a andar a publicación

3. **Esta é a portada da revista *Nós*. Que cres que quixo representar Castelao co cáliz que debuxou na parte superior? Que relación garda este obxecto coa poesía de Ramón Cabanillas? E coa ideoloxía de Vicente Risco? Ten algo que ver co actual escudo de Galicia?**

4. **Fíxate que no texto aparecen escritas con maiúsculas as palabras Raza e Terra. A que cres que é debido?**

Outra palabra que tamén aparece en maiúsculas é "Enxebrismo". Podes definir en que consiste?

5. **Indaga que pasou coa revista *Nós* en 1936. Imaxina que es un colaborador da publicación e que debes escribirlle unha carta a Castelao, que está no exilio, explicándolle que sucedeu co último número da publicación.**

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
(1884-1929)

"CONTO SINXELO"

1. Une as palabras e expresións da columna da esquerda co significado que teñen no texto:

serán	• nó que forman as articulacións dos dedos ao se dobraren
xenreira	• adxectivo que fai referencia a algo que é suave
calumniar	• seguido, sen deixar nada atrás e sen escoller
maimiño	• expresión que significa, literalmente, fóra de combate
knock-out	• facer acusacións falsas contra alguén para danar a súa reputación
cotelo	• mala disposición de ánimo en contra de alguén
a eito	• parte do día que vai desde que comeza a pórse o sol ata que se fai noite

Agora fai unha oración empregando con propiedade cada un dos termos da columna da esquerda.

2. Busca no texto termos que lle acaian ás seguintes definicións:

Resplandor intenso e momentáneo, producido polo raio

_____

Proporcionar refuxio, defensa ou protección contra aquilo que o pode danar

_____

Acción de provocar a alguén a unha pelexa ou competición

_____

Axitarse con movementos repetidos e non voluntarios

_____

Adxectivo que designa algo que atrae, que resulta difícil resistirse

_____

Agora emprega eses termos en oracións e demostra que coñeces o que significan.

3. Rodea V (verdadeiro) ou F (falso) segundo consideres. Volve escribir os enunciados que consideres falsos, corrixíndoos:

V F Samuel Kupper tiña unha granxa en California
V F Un dos amigos de Samuel Kupper era un crego que lía a Biblia
V F Jelfries Jonhson é un boxeador ruso que desafía a Samuel Kupper
V F Alexis Karbin derrotou a Samuel Kupper
V F Samuel Kupper é máis forte que Alexis Karbin
V F Os dous boxeadores enfróntanse en Oregon
V F Samuel Kupper namorou da mociña que petara na porta da súa casa
V F Alexis Karbin gañou o combate porque era máis forte que Kupper

4. Une as palabras da columna da dereita coa que creas que corresponde da columna da esquerda de maneira que formes parellas de sinónimos e antónimos. A seguir, clasifica as parellas segundo corresponda e rodea os adxectivos:

amigo	derrotado
magoar	mallar
forte	desesperación
ben	mal
vencedor	inimigo
esperanza	débil
bater	ferir

ANTÓNIMOS: _____

SINÓNIMOS: _____

5. Busca no texto palabras textuais que apoien as seguintes afirmacións

O conto transcorre nos Estados Unidos
O protagonista deste relato é un home novo
Samuel Kupper puido gañar o combate contra Alexis Karbin
Samuel Kupper preferiu unha vida tranquila, en familia, ó éxito

6. Repara nestas series de palabras e procura un termo ou expresión que as defina e sirva como hiperónimo. Lembra que un hiperónimo é unha palabra de significado máis xeral que as outras

cotelos, puños, peito, meixelas, ollos
granxa, labregos, vento, herbas, flores
desafío, boxeador, campionato, pesos medios, ring, loita

Agora busca no texto, termos (hipónimos) que poidas incluír nos seguintes hipernónimos

Partes do día:
Verbos da terceira conxugación:
Palabras graves que non leven acento gráfico:
Palabras que conteñan un ditongo decrecente:

"CONTO"

1. Se ordenas correctamente as sílabas das palabras que aparecen ao final deste exercicio, poderás ler os termos ós que se refiren as definicións. Ten en conta que todos están tomados da lectura.

- Facer descender pouco a pouco unha vela, unha bandeira etc.
- Falaba moito e polo xeral de cousas sen importancia
- Figuradamente, que atrae, que enfeitiza...
- Moveu os remos para impulsar a embarcación
- Peza de madeira ou ferro que vai de proa a popa por debaixo da embarcación e serve de apoio ó resto da construción
- Que resulta agradable polo seu carácter, polo que di etc.
- Saltaban por enriba de algo ou alguén
- Sucesos ou accións interesantes que se integran nun conxunto
- Vento forte do norte

RRUS-QUEI-CHU-RO
AR-RRI-A
LA-PA-BA-RO
GA-MEI
GOU-VO
CES-LAN
DA-TA-NOR
LLA-QUI
BAN-VAN-A-TA

2. Indica a quen lle acaen as seguintes afirmacións:

Era moi bo nadador
Era un rapaz churrusqueiro e finiño
Era moi bailadora e tiña os ollos mouros
Pensou "tamén os fortes dan compaixón ás veces"
Chegaban a Ons e moitas veces a Fisterra
Coidaron que ían morrer mollados e amoreados de frío
Esforzouse por manter a esperanza dos seus compañeiros
Salvou nove homes

3. Asocia as letras do bloque superior cos números do inferior para formar enunciados lóxicos referidos ao texto:

A. Un incidente entre dous rapaces que rifan...
B. Carmela namorou primeiro de....
C. Segundo o narrador, ás veces os fortes...
D. Chuco botouse ao mar...
E. Os homes que quedaron no barco tras o temporal...
F. A historia transcorre no pasado...

---

1. confiado e sorrindo, en busca de axuda
2. fai que o narrador lembre a vida de Chuco
3. confiaban en que Chuco os salvaría
4. Chuco. Deuse conta o día que foron pescar
5. inspiran compaixón
6. cando as artes da traíña non se estilaban

4. Sinala a resposta —ou respostas— correctas:

a. Onde está a aldea onde transcorre o relato?
- ☐ preto da Coruña
- ☐ preto de Lisboa
- ☐ preto de Vigo
- ☐ preto de Marín

b. Por que naufragou o barco onde pescaban Chuco e Manuel?
- ☐ Estaba moi vello
- ☐ Golpearon a quilla contra unhas pedras do fondo do mar
- ☐ Porque se levantou un vento moi forte

c. Cantos homes embarcaron antes do accidente?
- ☐ doce
- ☐ oito
- ☐ dez
- ☐ seis
- ☐ cinco

d. Quen foi despedir os mariñeiros cando saían do porto?
- ☐ Os vellos
- ☐ Os nenos
- ☐ Carmeliña
- ☐ Os mozos
- ☐ A nai de Manuel

e. Cando se produciu o salvamento dos mariñeiros?
- ☐ O sábado despois de comer
- ☐ Á mañá seguinte cando unha motora atopou o barco
- ☐ Pouco despois do accidente
- ☐ Cando Chuco chegou ao porto e avisou do que pasara

5. Repara na seguinte listaxe de palabras e clasifícaas no recadro que corresponda:

VOGAR, RÍA, NORDESTE, QUILLA, BARCOS, MOTORA, VELA, MAR CALMO, TRAÍÑA, REMO, BEIRAMAR, XEITEIRO, NORTADA, ARRIAR, ILLA, PESCAR

TIPOS DE EMBARCACIÓN	
PARTES DA EMBARCACIÓN	
TEMPO ATMOSFÉRICO	
XEOGRAFÍA COSTEIRA	
ACCIÓNS DOS MARIÑEIROS	

"ENCOL DA PROSA GALEGA"

1. Lembra que Losada Diéguez ten pasado á historia da literatura galega como o mestre que lles desvela ós máis novos -Risco, Otero, Castelao, entre eles- a existencia de Galicia. Unha Terra que tiñan esquecida, pois andaban ensimesmados en actitudes de evasión intelectual, cosmopolitas e individualistas. Losada, leu o texto co que estamos traballando, o día que ingresou no Seminario de Estudos Galegos, unha institución que se preocupaba pola formación dos mozos galegos. Procura información sobre ela e responde empregando un máximo de cinco palabras.

1	En que ano se fundou o Seminario de Estudos Galegos?	
2	Onde?	
3	Quen foi o seu primeiro presidente?	
4	E o último presidente?	
5	Que procuraba esta institución?	
6	O Seminario estaba dividido en 14...	
7	Grazas ó Seminario, o galego usouse por primeira vez como...	
8	No Seminario traballaban...	
9	A sede do SEG estaba...	
10	Que provocou a desaparición do SEG?	

2. Le con calma o texto e completa as seguintes afirmacións.

a) O autor, defende que a lingua galega é válida para... _____

b) Unha lingua única pode ser moi útil para... _____

c) Na historia da literatura galega, hai moita poesía pero pouca... _____

d) Cando a lingua galega quedou relegada por causa dos poderes políticos, refuxiouse... _____

e) Antes que unha ferramenta para entendernos, a lingua é, por riba de todo... _____

f) O máis importante dunha lingua non é o vocabulario, as palabras, son... _____

3. Relaciona os períodos históricos da esquerda coas persoas ou entidades que aparecen citadas no texto

	Crónica Geral
Literatura medieval	*Sete Partidas* de Afonso X
Ilustración	Martín Sarmiento
	Editorial Céltiga
Irmandades da Fala	Benito Feijoo
	A Nosa Terra

Agora, ordena nesta liña do tempo os elementos da columna da dereita.

LITERATURA MEDIEVAL	
ILUSTRACIÓN	
IRMANDADES DA FALA	

4. Explica que queren dicir estes enunciados tomados do ensaio que vés de ler:

Se é verdade a pobreza da nosa fala no terreo científico, non se pode dicir que teña unha orixe na pobreza de pensamento.

Galicia estaba desamparada e economicamente era un asento cativo, para unha actividade que, inda que semelle paradoxal, trae aparelladas riquezas a eito.

Por moito que un pobo se afeccione a unha cultura, se esta ten que ser traballada por unha fala allea seguindo os usos do tempo, como no caso do latín, non é difícil decatarse do atraso que levará o desenvolvemento da fala propia.

Unha lingua é antes de nada un instrumento para a acción, é unha expresión do pensamento.

5. Procura información sobre a vida e a obra de Losada Diéguez e resolve este encrucillado.

1 Nome do concello, próximo ó Carballiño, onde naceu Losada Diéguez
2 Materia que impartía sendo profesor no instituto
3 Título da revista, anterior a *Nós*, que editaban en Ourense, os membros do cenáculo ourensán mentres Losada Diéguez viviu alí
4 Movemento reivindicativo que procuraba a redención dos foros no que Losada participou con entusiasmo
5 Cidade á que se trasladou Losada ó abandonar Ourense
6 Ó revés, nome do sabio profesor de Oratoria co que cadrou en Ourense que influiría moito na vida de Ramón Otero Pedrayo



FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS
(1886-1958)

"DOS NOSOS TEMPOS"

1. Florentino López Cuevillas sinala dous acontecementos históricos moi importantes na transformación da súa xeración. Por unha banda, a I Guerra Mundial (1914-1918), que serviu para facelos abandonar a súa torre de marfil e, por outra, a Revolución Rusa (1917) que percibiron como un perigo. Con cal destes dous sucesos relaciona o noso autor os seguintes feitos?

	I GUERRA MUNDIAL	REVOLUCIÓN RUSA
Instaurou o réxime socialista		
Provocou anguria, matanzas e horror		
Fixo que moitos intelectuais espertasen do aletargamento en que vivían		
Interrompeu o internacionalismo e a paz		
Impuxo o traballo obrigatorio		
Desatou o imperialismo		
Derrocou o réxime tsarista		

2. Como sabes, este artigo forma parte dun conxunto de textos onde os propios integrantes do Grupo Nós tentan explicar a súa evolución. Cuevillas quere describirnos como el e os seus compañeiros pasaron dunha xuventude caracterizada pola evasión esteticista; isto é, unha época na que lles interesaba a beleza das obras literarias e artísticas fronte a calquera outra cuestión, ata chegar a unha madurez marcada polo compromiso intelectual, que os levaría a traballar pola realidade e as necesidades da súa terra, Galicia.

Procura relacionar os aspectos incluídos na primeira táboa coas expresións sacadas do texto que aparecen na segunda. Emprega as letras que aparecen á dereita das afirmacións incluídas na primeira táboa.

A	Eran mozos cunha sólida formación intelectual que lían autores europeos
B	Non lles interesaba demasiado a política
C	Gustábanlles o pasado e as culturas exóticas e arredadas
D	Rexeitaban o medio social en que vivían
E	Mantiñan posturas individualistas
F	Elitismo. Consideraban que os intelectuais se apartaban do común

	"afastamento despectivo de todas as orientacións políticas"
	"ameazaban non soamente as nosas ideas de liberdade pública, senón a nosa liberdade individual"
	"os despectivos, os alleos á realidade, os refuxiados nos tempos pasados"
	"as fortes torres dos donos da industria e dos donos da terra non é de supoñer que faga moito aprecio das nosas pobres torres de marfil"
	"ben acochados no himatión dos gregos, no albornoz dos árabes"
	"na afastada Rusia, que nós admirabamos tanto, pola súa literatura"
	"o vulgo máis ou menos ilustrado dos enxeñeiros, os catedráticos e os académicos"
	"sentiamos un noxo fondo e forte por todos os problemas"
	"vivimos pensando no que xa pasou"
	"os nosos ídolos, os homes cume de Francia, de Inglaterra e de Alemaña"

3. "Dos nosos tempos" foi publicado en 1920, no primeiro número da revista *Nós*. Sinala cales destas afirmacións, referidas á senlleira publicacións, son verdadeiras e cales falsas. Corrixe o que sexa falso:

AFIRMACIÓN	VERDADE	FALSO
O primeiro número de *Nós* apareceu en Ourense en novembro de 1920		
Vicente Risco era o director de *Nós*		
Ramón Otero Pedrayo era o xerente		
Castelao foi o director artístico da publicación		
Leandro Carré Aldao editou a revista		
Publicáronse un total de 144 números		
O último número da revista non se distribuíu porque o impediu a Guerra Civil		

4. Aínda que non se sabe exactamente por que decidiron chamarlle *Nós* á publicación, sabemos que esa mesma palabra serviu para nomear unha editorial que dirixiu Ánxel Casal e un álbum de debuxos de Castelao. Ademais, entre 1917 e 1918, *El Noroeste*, un xornal coruñés, publicou un suplemento cultural que se titulaba precisamente *Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*, e que tiña unha cabeceira que deseñara Castelao. Algúns estudosos puxeron este nome en relación coa revista italiana *NOI: Rivista d'Arte Futurista* ou co Sinn Féin, "Nós mesmos", organización política irlandesa que fora quen de lograr a independencia de Irlanda, xusto nos mesmos anos en que comezaban a súa andaina as Irmandades da Fala.

Se te fixas, o texto co que estamos traballando inclúe no seu título o posesivo "nosos". A quen cres que se refería Cuevillas cando titulou o seu texto "Dos nosos tempos"?

Imaxina que es Vicente Risco e escríbelle unha carta a Florentino López Cuevillas, amigo teu desde a infancia, felicitándoo polo seu artigo e explicándolle porque se escolleu o nome de *Nós* para a revista. Procura facer mención a esa idea de conxunto, de colectividade, de pobo que animou o labor dos homes do grupo xeracional que estamos estudando. Mínimo 15 liñas.

5. Relaciona as definicións da esquerda coas palabras da dereita. Fíxate no seu significado no texto:

Doutrina económica, política e social, que procura a mellora das clases menos favorecidas, tendendo a unha maior igualdade entre ricos e pobres, mediante a modificación ou supresión do sistema capitalista.	MARXISMO
Doutrina económica, política e social que aspira á eliminación do sistema capitalista e á superación da loita de clases, propugnando a propiedade colectiva dos medios de produción e a xustiza social.	SOCIALISMO
Réxime económico no que o capital e os medios de produción pertencen a sectores privados e non do Estado.	COMUNISMO
Doutrina filosófica, social e económica elaborada por Karl Marx, Friedrich Engels e os seus seguidores, baseada no materialismo histórico e dialéctico.	IMPERIALISMO
Doutrina e sistema político que pretende a extensión do dominio territorial, económico etc., dunha nación sobre outras.	PANXERMANISMO
Doutrina política, económica e social que propugna a unión do pobo xermánico.	CAPITALISMO

VICENTE RISCO
(1884-1963)

DO CASO QUE LLE ACONTECEU Ó DOUTOR ALVEIROS

1. Reconstrúe estas oracións tomadas do texto e referidas ao doutor Alveiros:

HOME	E	ERA	DUN	CACHAZA	ESCEPTICISMO	FORTE	MOITA	DE

E	NON	HONRADO	O	HOME	PILLABA	UN	SUSTO	UN	ERA

SÚA	CLARIDADE	HABÍA	NA	CABEZA	E	LÓXICA

2. Resolve o seguinte encrucillado. Tes todas as respostas na lectura.

HORIZONTAIS

1. Rúa onde vive o esqueleto alemán que visita o doutor Alveiros
2. Medio de transporte no que viaxan Alveiros e o seu misterioso acompañante
3. País do que proceden as momias
4. Obxecto que manda construír Alveiros para poder ler o reescrito.
5. Apelido do alemán que contrata os servizos de Alveiros
6. Nome propio do doutor que protagoniza este relato
7. Baile que observa Alveiros e que segundo Chubu é o primeiro humano en observar

VERTICAIS

1. Hora na que Alveiros se cita con Dehmel
2. Comercio en que Alveiros pregunta por Dehmel
3. Marca do automóbil que transporta o doutor e o seu anfitrión
4. Condición dos músicos que tocan no baile



4. Escolle o vocábulo que corresponde a cada definición.

Actitude crítica baseada na dúbida

AGNOSTICISMO - ESCEPTICISMO - MISTICISMO

Moi antigo, que está en desuso

ARCAÍCO - BARIL - ANTICUARIO

Ciencia que estuda as civilizacións e culturas antigas

ARQUEOLOXÍA - OCULTISMO - TEOSOFÍA

Preparar un cadáver para evitar que se corrompa.

EMBALSAMAR - CACHAZA - ENFAIXAR

Escritura que usa signos que representan ideas

CUNEIFORME - DEVAXÁNICO - XEROGLÍFICA

5. Sinala a resposta ou respostas correctas.

Cando Dehmel lle abre a porta a Alveiros vai vestido…

☐ cunha bata e un gorro turco
☐ con gravata e frac
☐ vai espido

Cidade onde vivía Roberto Dehmel

☐ París ☐ Londres
☐ Dusseldorff ☐ Berlín

Alimento que toma o señor Dehmel

☐ paté ☐ salchichón
☐ chocolate ☐ caviar

Nome do criado de Roberto Dehmel

☐ Chubu ☐ Osiris
☐ Hermann ☐ Adolf

De que lugar é orixinario Chubu?

☐ Libia ☐ Exipto
☐ Asiría ☐ Alemaña

Que interrompeu o baile dos esqueletos?

☐ o demo ☐ o sol
☐ o canto do galo ☐ foise a luz

Que alimento tomou Alveiros a mañá que recibiu a carta no seu cuarto?

☐ paté ☐ salchichón
☐ chocolate ☐ caviar

Con que relato de Otero Pedrayo podes asociar este de Risco?

☐ *O purgatorio de don Ramiro*
☐ *Arredor de si*
☐ *Os camiños da vida*
☐ "O fidalgo"

O PORCO DE PÉ

1. Repara nesta listaxe de adxectivos e asóciaos ós personaxes do fragmento que acabas de ler.

GORDA, ENRABECHADA, INTELECTUAL, GORDO, CALVO, AVARENTO, PEQUENO, AFORRADOR, ESTAFADORA, SUCIO, ARTRÍTICO, INCULTO, MATERIALISTA, IDEALISTA

Don Celidonio	
Baldomero García	
Doutor Alveiros	
Dona Emerenciana	
Nicasia	

2. Resolve coa axuda das definicións, despois, fai unha oración con cada unha das palabras

Cargo político que chegou a ocupar don Celidonio

A	A	E	L	D	C	L

Profesión de don Laureano e don Nicanor

R	S	A	E	T	I	D	S	N

Lugar de onde saíron as ideas de don Celidonio

I	S	T	C	R	A	H	E

Profesión de Nogueira

E	S	X	T	R	A

Obxecto que trouxo dona Emerenciana da súa terra

C	C	O	H	P	A	A

3. Responde con brevidade:

- Cando ó comezo da novela, lemos "na posguerra", a que guerra se refire?
- Quen narra a historia?
- Ademais de tendeiro, que outra ocupación ten don Celidonio?
- Quen é o antagonista de don Celidonio?
- Onde transcorre a acción?
- En que outra obra de Vicente Risco aparece o doutor Alveiros?
- Indaga se o personaxe de Alveiros chegou a aparecer en máis libros de Risco.
- Quen é o "porco de pé"? Explica o título da novela.

4. Velaquí tes algunhas das características desta novela. Podes buscar un exemplo de cada un dos apartados no texto?

Enumeracións	
Esaxeracións	
Neoloxismos	
Sarcasmo caricaturesco	
Crítica e burla social	
Parodia da linguaxe culta da ciencia, da política...	
Contrastes e paradoxos	

5. Partindo do recadro sinalado cun triángulo e seguindo os movementos do cabalo de xadrez, tenta descubrir o nome e os apelidos de don Celidonio.

△	TAS	CE
LI	JE	NIO
LA	DON	TI
NA	DO	RO

"NÓS, OS INADAPTADOS"

1. Procura nesta sopa de letras as respostas ás seguintes cuestións.

- Educación dos homes de *Nós* na súa mocidade, realizada de maneira autónoma, sen profesores
- Lingua na que máis lían sendo mozos
- Maneira (despectiva) de lle chamar ó home preocupado pola política, polas cousas públicas
- Vontade de ser un mesmo e non se asemellar ós demais
- Gustáballes o que estaba afastado, o descoñecido, o...
- Eran os difíciles de gusto, os desprezativos, os desgustados de todo, os...

I	N	D	I	V	I	D	U	A	L	I	S	M	O
R	A	R	E	R	C	E	S	S	R	N	A	F	Y
A	E	U	B	R	I	S	C	O	O	A	T	S	A
S	X	C	M	N	V	A	O	D	D	M	C	A	R
F	R	A	N	C	E	S	U	A	R	I	A	L	D
I	V	P	C	T	X	I	R	T	I	P	D	L	E
L	C	O	E	O	O	M	E	P	G	O	I	I	P
I	A	L	R	I	T	O	N	A	U	L	D	V	O
S	E	I	R	P	I	G	S	D	E	B	O	E	R
T	W	U	E	U	C	U	E	A	Z	A	T	U	E
E	T	B	U	E	O	L	L	N	A	P	U	C	T
U	V	I	C	E	N	T	E	I	S	E	A	T	O

Na sopa de letras podes atopar ademais, o nome dos tres principais membros do cenáculo ourensán e o nome da cidade onde vivían.

2. Explica que queren dicir os seguintes enunciados sacados do texto:

Ser diferente é ser existente

Se respecto de Europa eramos orientalistas, respecto a España eramos europeístas

A concepción da arte como evasión

3. Corrixe se é preciso os erros destes enunciados. Apoia, sempre que poidas, as correccións sacadas do texto.

- Risco e os seus compañeiros de xeración dividían os homes segundo lles interesase o material, o cerebral ou o espírito. Eles considerábanse a si mesmo homes cerebrais.
- Non estaban interesados nos lugares afastados, exóticos onde estivese vivo o misterioso.
- Cando usaban a palabra nós referíanse á súa xeración.
- Consideraban que a arte, o estudo, era un bo método para evadirse de todo.
- O traballo, a profesión, eran moi importantes para estes mozos.

4. Le con atención estes fragmentos de ensaio e asocia as ideas que conteñen ó que expón Vicente Risco neste texto onde nos explica a conversión dos membros da súa xeración ó galeguismo.

Se Galiza, deixa de ser galega, perde ipso facto tódolos seus dereitos como pobo: xa non terá dereito nin á prosperidade económica, nin á autonomía nin á cultura.

VICENTE RISCO, *Teoría do nacionalismo galego*

Renegando da lingua terá que avergoñarse sempre de si mesmo. Creando valores na lingua propia, axiña seremos universais

A. VILLAR PONTE, *Pensamento e sementeira*

O problema do idioma de Galiza é, pois, un problema de dignidade e de liberdade, pero máis que nada é un problema de cultura. Estamos fartos desa cultura esterilizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta.

CASTELAO, *Sempre en Galiza*

"O REI AVARENTO"

1. Responde con brevidade:

a. Que lugares visita o protagonista ao longo de todo o relato?

b. A quen axuda o mozo?

b. Cales son, ó teu xuízo, as virtudes do mozo protagonista deste conto?

c. Cales cres que son os principais defectos do rei?

d. Quen fixo a profecía que se cumpriu ó final do relato?

e. Que argumento utilizaron os pais do neno para tranquilizarse cando lle tiñan que entregar o neno ó rei?

2. Procura nesta sopa de letras algúns dos obxectos e persoas que son importantes para o protagonista desta historia. As definicións daranche unha pista do que procuras

- Muller que anunciou a boa estrela do neno
- Onde meteu o rei ó neno antes de botalo ó río
- Oficio do matrimonio que recolleu e criou o protagonista deste conto
- Entregoulla o rei ó mozo para que lla dese á raíña...
- Oficio das persoas que mudan o obxecto que o rapaz lle levaba á raíña....
- Animal que impide que a fonte siga botando viño....
- Animal que roe as raíces da árbore que daba mazás de ouro...
- Obxecto que debe soltar o bateeiro para ser sunstituído no seu posto...
- Que lle quita a vella dona das chaves ó demo...
- Animais que cargan as riquezas do mozo cando regresa ó pazo real

N	A	I	P	E	I	R	A	S	R
I	N	B	A	S	E	X	O	A	S
T	C	R	S	X	V	R	U	E	O
E	L	A	Q	N	I	M	I	M	L
R	P	L	R	E	O	A	E	E	L
O	L	S	Ñ	T	B	R	O	T	O
T	I	I	A	R	A	R	D	I	P
H	U	R	X	S	V	T	I	A	E
M	O	L	I	C	A	I	L	S	L
C	U	R	A	S	N	Y	I	M	O
A	S	E	C	A	B	A	L	O	S

3. Constrúe oracións onde demostres coñecer o significado das seguintes palabras:

aboiar:
tallo:
carraxe:
acougar:
ceibar:

4. Agora, ordena cronoloxicamente os seguintes sucesos relatados en "O rei avarento".

	O rei ocupa o lugar do bateleiro
	O rei pídelle ó rapaz que busque os tres cabelos do demo
	Un muiñeiro atopa o neno e críao como se fose o seu fillo
	O rapaz mata o sapo
	O rapaz chega onde a fonte que sempre dera viño e agora está seca
	Os ladróns len a carta do rei e cambian o contido do escrito
	O rapaz chega onde a árbore das mazás de ouro
	O rei bota o neno acabado de nacer ao río

"O LABREGO E MAIS O REI"

1. Le con atención o relato e busca nestas series de palabras o termo que sobre. Explica por que consideras que esa palabra sobra na serie:

1	FALANGUEIRO, DIVERTIDO, NATURAL, CAPRICHOSO, VALENTE, PRUDENTE, XUIZOSO
2	CORZOS, LEBRES, PITAS DO MONTE, RAPOSOS, PORCO BRAVO,
3	NAVARRA, JURY-LE-CHAPENOIS, SANTIAGO DE COMPOSTELA, FRANCIA
4	BURGUESES, PAISÁNS, CORTESANOS, REI, SEÑORES, DUQUES, PRÍNCIPES
5	CAMIÑO, ALDEA, ENCRUCILLADA, CRUCEIRO, PETO DE ÁNIMAS,
6	CORNO DE CAZA, CABALOS, ARCOS, CANS

2. Repara neste fragmento de "Nós, os inadaptados", o ensaio onde Risco se esforza en definir os membros da súa xeración.

> Nós tiñamos un concepto hierárquico dos homes, como queda indicado nas devanditas alusións ó vulgo profano e ós filisteos. E tampouco desbotamos de todo as distincións sociais, cando elas tiñan unha orixe superior ó *consensus*, como é o caso da nobreza de sangue e nas diferenzas de educación [...] De tal xeito que algúns de nós, fidalguiños de non moi alta categoría, andabamos preocupados coa nosa árbore xenealóxica procurando entronques e antigüidade.

- Podes asociar as distincións sociais ás que alude Risco neste fragmento co conto que acabas de ler?
- Que define o Rei? Cres que é un bo monarca?
- Elabora un pequeno comentario sobre a desigualdade social descrita no texto. Repara en que o labrego, intelixente pero inocente, non ten nome propio. Cres que este é un dato relevante? Que logra o labrego cando chega á Corte? Cales son os seus méritos para logralo?

- Investiga que era unha carta de fidalguía e asóciao á afirmación de Vicente Risco cando di que algúns dos seus compañeiros eran "fidalguiños de non moi alta categoría" e que andaban preocupados pola súa ascendencia familiar e árbore xenealóxica.

3. Os principais protagonistas deste relato son o rei Henrique IV e o labrego. Asocia estes cualificativos a quen mellor lle acaian e procura no texto unha frase ou expresión que avalen a túa escolla.

- Intelixente:
- Perspicaz:
- Sagaz:
- Poderoso:
- Inocente:

4. Con este conto, Vicente Risco convértese nun dos pioneiros na creación de Literatura infantil na nosa lingua. Responde brevemente a este cuestionario, sen volver ler o relato, e redacta un breve escrito onde xustifiques o carácter infantil da narración:

Cando transcorre a historia?	
Onde?	
Que fórmula introduce un narrador anónimo e afastado no tempo?	
Cal é a lección que se desprende do conto?	
Que premia o rei no labrego?	
Que cousas resultan "pouco cribles"?	
A preocupación dos cortesáns do rei cando este desaparece, indica...	

5. Repara nestes termos tirados do texto e úneos cos significados que aparecen na columna da dereita. A continuación, constrúe unha oración con cada unha das palabras ou expresións da columna da dereita onde demostres coñecer o seu significado.

	• Perseguida sen descanso
caste	• Terreo areento, húmido e improdutivo, onde só medra a maleza
acosada	• Peza de vestir para a cabeza, sen viseira, e xeralmente ten aba.
gándara	• Construción de cantaría situada nos camiños na que se representan escenas do purgatorio e que ten na base un peto para as esmolas
mercés	• Terreo de pouca extensión contiguo á casa, onde se cultivan hortalizas
peto de ánimas	• Aquilo que un rei ou unha institución dotada de autoridade concede a alguén como un favor especial
eixido	• Individuos que posúen características comúns que permiten distinguilos doutros individuos da mesma especie
pucho	

RAMÓN OTERO PEDRAYO
(1888-1976)

O PURGATORIO DE DON RAMIRO

1. No recadro, podes ver os principais escenarios do relato. Tenta asociar os seguintes epígrafes a un dos ocos da táboa.

- O esqueleto disfrázase con uniformes e mírase no espello
- Don Ramiro refúxiase nun confesionario
- Un estudante quere plantar unha árbore na tumba da súa moza
- Unha criada que viña da farmacia deixou caer o frasco do medicamento
- O médico vende o esqueleto
- Un gordo que inda non podrecera de todo cae enriba de don Ramiro
- O esqueleto ten medo de rematar nun instituto de provincias
- O sereno dos mortos ábrelle a porta ós trasnoitadores
- Don Ramiro espera ver a Xelmírez
- O esqueleto volve atoparse co médico
- Don Ramiro nota que ós mortos dese lugar non lles resulta agradable a súa presenza
- Don Ramiro escoita falar do carbonato de calcio
- Os cóengos deciden enterrar os ósos de don Ramiro no claustro

Cemiterio de Santiago (porción nova)	
Sepulturas de parede no cemiterio	
Igrexa do cemiterio	
Rúas de Compostela	
Casa do médico	
Pousada do estudante	
Casa de empeños	
Catedral	

2. Como outros personaxes das obras en prosa de Ramón Otero Pedrayo, don Ramiro é un fidalgo que forma parte dunha clase social que esmorece pois non sabe adaptarse ós novos tempos. Repara en que ó comezo do relato, o autor esfórzase en describirnos a persoa de don Ramiro e a súa vida. Sinala nesta táboa as afirmacións que son verdadeiras e as que son falsas e corrixe o que consideres falso.

		FALSO	VERDADEIRO
1	Don Ramiro fíxose rico en América		
2	Era un home cos pés na terra		
3	Na vila, xuntábase con boticarios, señores e comisionistas		
4	Don Ramiro tiña un pazo en Deza e outro en Trasdeza		
5	Era unha persoa tranquila e sosegada		
6	Don Ramiro está casado pero non ten fillos		

3. Se te fixas, comprobarás que en moitos lugares desta narración, o autor búrlase da estrutura estamental da sociedade. Indica a que clase social pertencen...

"A caveira amarela que aínda gardaba por detrás un feixe de cabelos"

A "veciña de parede por medio" que se apegaba "ó tabique e botaba grosos suspiros de namorada"

O "zapateiro borrachón que viña ós tombos por Bonaval"

- Fíxate que Otero escribiu que as sepulturas de parede no camposanto, "son os barrios burgueses de boas casas de pisos, como as tumbas illadas son os barrios de hoteis e a foxa común, os barrios baixos". A que cres que se refería?

- En que lugar están enterrados os cabaleiros feudais e as súas esposas?
- E os arcebispos e bispos?
- Que vantaxes tería, segundo don Ramiro, estar enterrado na aldea?
- Que diferenza hai entre don Ramiro e os nobres enterrados na igrexa de San Domingos? Busca unha oración do texto que xustifique a túa resposta.

4. Partindo do recadro sinalado cun triángulo e seguindo os movementos do cabalo de xadrez, tenta descubrir un dos grandes temas da obra narrativa de Ramón Otero Pedrayo. Cres que este relato pertence a esa temática? Xustifica a túa resposta.

▲ DE	GUÍ	DEN
CIA	LE	FI
DAL	CA	A
GA	DA	GA

5. Ordena estas sílabas e obterás algúns dos adxectivos que caracterizan o protagonista desta narración.

1	COU	DE	DO	GA	SA
2	EN	BO	TO	NE	
3	XEI	LI	RO		
4	TA	SO	SIO	FAN	
5	TEI	SOL	RO		
6	RO	TU	A	REI	VEN

Imaxina agora a historia desa burguesa enterrada no cemiterio de Santiago de Compostela que se lembraba de ver a don Ramiro nas feiras e que coñecía a fartura das súas riquezas. Lembra que ela está namorada del. Supón que a muller lle escribe unha carta a don Ramiro explicándolle os seus sentimentos e o que pensa del. Procura usar catro dos seis adxectivos dos recadros do apartado anterior.

OS CAMIÑOS DA VIDA

1. Despois de ler o texto, indica a que personaxe cres que se refiren os seguintes parágrafos.

Vive nun pazo vido a menos que todo o mundo coñece como pazo da Pedreira. A súa nai morreu sendo ela pequena; como é a filla maior, está destinada a herdar o patrimonio, cando falte o seu pai. Ten unha irmá menor que se chama Rosalía, cando esta casa co capitán Antonio Soutelo e vai vivir a Monforte, a súa irmá queda soa na casa co seu pai. Farta de ver como o pai dilapida todo o diñeiro da familia, un día decide que non pode deixar que se perdan todas as riquezas porque ten un sobriño e, nun futuro, el poderá herdalo todo e volvelo poñer en valor. É unha muller decidida e loitadora.
Fidalgo liberal, acostumado a vivir ben e a que na súa casa, o pazo da Pedreira, non falte de nada. Xa de maior, coas dúas fillas adultas, namora de Bibiana, unha muller moi guapa, da mesma aldea onde vive, e decide consentirlle todos os caprichos que pode. Así, a casa da Burata irase enriquecendo á conta do pazo da Pedreira.
Familia que vive no pazo da Seara, ó lado do pazo da Pedreira. O cabeza de familia, don Caetano, encarna a decadencia da fidalguía. Empeñado en sufragar os gastos das partidas carlistas, provoca a ruína da súa casa e da súa familia que, pouco a pouco, verá como as súas propiedades son administradas por persoas que non pertencen á fidalguía.
Estudante de medicina, simboliza a esperanza e compromiso. Loita pola súa familia e polo patrimonio. O seu obxectivo é lograr que a súa nai e a súa tía teñan unha vellez digna e restaurar a casa que o seu avó descoidou caprichosamente.
Derradeira amante de don Xosé María. Sabe que é unha muller fermosa e ten poucos reparos á hora de aceptar regalos e diñeiro do señor do pazo da Seara.

Indaga quen é Adrián Soutelo e que papel xoga na novela.

2. Como seguramente sabes xa *Os camiños da vida* consta de tres partes, "Os señores da terra", "A maorazga" e "O estudante". Agora que xa coñeces un pouco a historia, procura asociar os nomes da columna da esquerda coa parte que cres que "protagonizan".

Paio Soutelo	"Os señores da terra"
Ramona Puga	"A maorazga"
Xosé María Puga	"O estudante"

3. Responde con brevidade a estas preguntas sobre o texto:

- Segundo a muller pobre do fondo da parroquia, que lle regalou o pai de Ramonciña á Bibiana?
- Por que foxen as galiñas do pazo da Pedreira?
- Que animal é cariñoso con Ramonciña?
- Con quen comeu Ramonciña?
- Que lle deu de beber Ramonciña ó Recadador?
- Que di o Recadador que traerá a próxima vez que vaia á casa da Ramonciña?
- De que familiar garda Ramonciña un retrato inda que nunca a coñeceu?
- Que instrumento musical escoita Ramonciña na casa da Burata?
- Que dixo unha muller cando sentiu que a Ramoniña dicía que na casa morría de fame e de frío?

4. Completa este texto coas palabras que aparecen no recadro:

TRADICIONAIS	MAORAZGA	PUGA
PRIMEIRA	FIDALGAS	DONCOS
DESAMORTIZACIÓN	REVOLUCIÓN	TARDOFEUDAL
DECADENCIA	CARLISTAS	BURGUESÍA

Dividida en tres partes –"Os señores da terra", "A _____" e "O estudante"– *Os camiños da vida* constitúe a _____ novela longa escrita por Ramón Otero Pedrayo. O relato vénnos amosar, mediante o relato da evolución de dúas familias _____: os _____ e os _____ o transcorrer da sociedade galega desde os tempos da _____ de Mendizábal (1835) deica a _____ de setembro de 1868. Desta maneira, a narración dá conta do paso da economía _____ a esoutra monetaria, propia da ascendente _____ comerciante, ó tempo que asistimos ó estoupido das guerras _____, a _____ da fidalguía e, finalmente, á alteración dos xeitos _____ de vida.

XOSÉ RAMÓN PENA,
Historia da Literatura Galega III.
De 1906 a 1936

5: Procura na lectura as palabras que se corresponden coas seguintes definicións. Cada raia representa unha letra.

- Casa grande, antiga e nobre, especialmente a situada no medio rural _ _ _ _
- Filla que herda os bens que se perpetúan nunha familia _ _ _ _ _ _ _ _
- Persoa pertencente a unha clase social que vivía das rendas das propiedades agrarias, dominante, xunto co clero, no agro dos países do occidente de Europa entre a Idade Media e a xeneralización do capitalismo e que en Galicia se apoiou na institución do foro _ _ _ _ _ _ _
- Persoa que fixo votos relixiosos e que vive nunha comunidade con outros membros da súa orde. Na novela dise que antes tiña poder _ _ _ _ _
- Señor, en sentido despectivo _ _ _ _ _ _ _ _

ARREDOR DE SI

1. Despois de ler o texto, tenta responder a este cuestionario. Procura non mirar o fragmento mentres, respondes.

Que relación hai entre Adrián e Xacobe?
- ☐ son irmáns
- ☐ son curmáns
- ☐ son amigos
- ☐ son tío e sobriño

Como se chama a nai de Adrián?
- ☐ Lucía
- ☐ María
- ☐ Encarnación
- ☐ Rosalía

En que mes morreu don Bernaldo?
- ☐ xullo
- ☐ maio
- ☐ xuño
- ☐ outubro

Cantos días tardou Adrián en chegar á casa da aldea?
- ☐ unha semana
- ☐ 2
- ☐ 4
- ☐ 10

Por que saíu do leito don Bernaldo?
- ☐ para recibir a Adrián
- ☐ para ir ó baño
- ☐ non saíu do leito
- ☐ para comungar

Que mentira lle dixo dona María á irmá de don Bernaldo cando a tolleitiña lle preguntou por el?
- ☐ que pedira un doce de guindas
- ☐ que estaba ben
- ☐ que enfermara pero era leve

Que medio de transporte usou Adrián para chegar á casa da aldea?

☐ o coche ☐ o tren
☐ o carro ☐ un cabalo

Como se chama o criado que axuda a Adrián a levar o mapa de Fontán ata o cuarto do tío Bernaldo?

☐ Xacobe ☐ Marcos
☐ Antonio ☐ Pascual

Con que ilumina Adrián o mapa cando o seu tío lle pide que sinale determinados lugares?

☐ cunha candea
☐ co dedo
☐ cunha lanterna
☐ cun pau

Que ten don Bernaldo entre as mans cando morre?

☐ o mapa
☐ un libro
☐ as mans de Adrián
☐ unha cruz

Cal destas persoas non estaba presente cando morreu don Bernaldo?

☐ Adrián ☐ dona María
☐ Xacobe ☐ o crego

Que cóbre o mapa de Fontán despois da morte de don Bernaldo?

☐ un pano ☐ unha sombra
☐ nada ☐ un manteo

2. Es quen de localizar neste mapa os topónimos que se citan no texto?

Podes situar ademais Trasalba, Pontevedra, A Coruña, Rianxo, Lugo.

Asocia cada un dos topónimos que tes localizados no mapa con algún destes feitos.

- Nesta aldea ourensá refuxiouse Ramón Otero Pedrayo tras a Guerra Civil:
- Vila mariñeira onde naceu Castelao:
- Cidade galega onde viu á luz o primeiro número da revista *Nós*:
- Lugar onde estaba a sede do Seminario de Estudos Galegos:
- Lugar onde se fundou o Partido Galeguista:
- Cidade onde se creou a primeira Irmandade da Fala:

3. Adrián é un mozo galego que estuda en Madrid e que non se sente moi apegado á súa terra. A morte do seu tío, don Bernaldo, e a experiencia de ir alumeando para el distintos lugares no mapa Fontán, resultará reveladora para el pois xusto nese momento, comeza a comprender que a súa identidade está no seu país, non fóra del.

Repara nestes enunciados tomados do propio texto:

> "Adrián sentíase conmovido ata o máis fondo do seu ser",
> "Grosas bágoas queimaban as fazulas do Adrián".

Partindo delas, imaxina que es Adrián Solovio e escribe unha entrada no seu diario, explicando que sentiu o día que morreu don Bernaldo e como o mapa de Fontán fixo que se dese conta do importante que era coñecer e sentirse preto da terra de cada un.

4. Otero Pedrayo comezou a escribir *Arredor de si*, o 2 de xaneiro de 1929, empregou un caderno de follas brancas e, na pluma do escritor, a novela comezaba así:

> Nacía, c'a mañán, a terra de Avila. A luz dibuxada os sucos infindos, xiados. Brilo ceibe do día. Un chopo esquemático, a ideia d'un chopo. Pensamento puro materializado na mañán. Pesadelo da misticidade obrigada. Desexo de cabalgare todo un día por istes chaos. Bebendo luz, sentindo o sangue pol'o corpo. Erguemento azul da serra. Senso de limitación posto pol'as serras na planura. Soben e baixan os fios do telegrafo. Contraste da quentura un pouco doente, de noite acugulado no wagón c'o brilar do día.

Está describindo a chegada de Adrián a Madrid. Despois de pasar toda a noite no tren.
Clasifica os desvíos da lingua que atopes neste texto empregando a seguinte táboa:

VULGARISMOS	
CASTELANISMOS	
ESTRANXEIRISMOS	
DIALECTALISMOS	

Agora completa o seguinte fragmento, referido ó estilo narrativo do comezo de *Arredor de si*, escollendo unha palabra de cada par. Nesta novela, Ramón Otero Pedrayo emprega frases LONGAS/CURTAS. En xeral ABUNDAN/ESCASEAN os adxectivos e o suxeito está case SEMPRE/NUNCA expresamente sinalado.

Volve ler o texto da antoloxía e anota outras tres características da lingua deste escritor:

1. _____
2. _____
3. _____

Cres que é un autor sinxelo ou complexo de entender? Responde razoadamente redactando un texto de tres liñas.

"A SIGNIFICACIÓN ESPIRITUAL DO DÍA DA GALIZA"

1. Este discurso pronunciouse no teatro García Barbón de Vigo o 25 de xullo de 1930. Nun salón ateigado de xente tomaron a palabra, por esta orde, Ramón Otero Pedrayo, Castelao e Valentín Paz-Andrade. O primeiro falou, como podes comprobar, sobre a significación espiritual do Día de Galicia. Castelao centrouse no galeguismo na arte e Paz-Andrade, falou da doutrina autonomista naquel momento.

Le con atención o texto, e busca a resposta correcta ás preguntas que se formulan a continuación.

Segundo Otero Pedrayo, por que é galego Santiago Apóstolo?
- ☐ porque naceu en Santiago
- ☐ porque decidiu ser enterrado aquí
- ☐ é de Galilea, non galego
- ☐ porque a catedral de Santiago está dedicada a el

Que elemento das igrexas se fai especialmente visible ese día segundo o orador?
- ☐ os pórticos
- ☐ os altares
- ☐ os cemiterios
- ☐ as campás

Se no canto dun santo tivésemos escollido un poeta, segundo Otero Pedrayo este debería ser?
- ☐ Eduardo Pondal
- ☐ Curros Enríquez
- ☐ Ramón Cabanillas
- ☐ Pimentel

En que batalla o pobo galego loitou contra os invasores franceses e lograron vencelos?
- ☐ na de Pontesampaio
- ☐ na de Altamira
- ☐ na dos Mártires de Carral

Quen foi, segundo Otero, o "conselleiro sen igual"?
- ☐ Losada Diéguez
- ☐ Porteiro Garea
- ☐ Manuel Antonio
- ☐ Amado Carballo

2. Procura na lectura, exemplos destes cinco trazos que indican, con claridade, que este texto se concibiu para ser pronunciado, non para ser lido de maneira individual.

1. Saúdos, apelacións e vocativos:
2. Afirmacións da condición falada do discurso:
3. O emisor procura interactuar cos receptores:
4. O emisor anuncia o que vai suceder a continuación:
5. Anuncia o remate do discurso:

Busca no texto, dous exemplos de *captatio benevolentiae*, o recurso retórico co que o orador tenta gañar o público e atraer a súa atención.

3. Como probablemente sabes, o celtismo, o europeísmo e o catolicismo definiron en boa medida a ideoloxía de Ramón Otero Pedrayo nestes anos. A cal destes aspectos cres que podes asociar os seguintes enunciados tomados do texto?

- "Nos países celtas o sentimento sempre presente da morte é unha garantía do valor da inmortalidade."
- "A Galiza hai que sentila e enxergala en si mesma, no seu cerne, pero tamén en función do mundo."

- "Pórtico da Gloria, porque nel o espírito da nova Europa soubo falar en pedra e alma galegas."
- "O camiño [de Santiago] purifica, ergue, cría posibilidades."
- "En cada fogar latexaba a lenda, a imaxinación, a arte dos celtas inspirados."

Explica coas túas palabras en que consisten o celtismo, o europeísmo e o catolicismo de Otero Pedrayo.

4. Cal é, segundo o autor deste texto, o papel do pobo galego? Redacta un breve texto demostrando que Otero valora o labor do pobo fronte á actitude dos "homes de cultura". Mínimo 7 liñas.

Procura información sobre o fundamento romántico do espírito do pobo ou Volksgeist e procura asocialo ás palabras de Otero.

"O FIDALGO"

1. Despois de ler o relato, une os sucesos da esquerda coas datas da dereita.

O fidalgo traballa nunha oficina	1835
Don Xoán descobre un segredo nun vello pazo agora propiedade dun home rico	
O fidalgo casa con dona Rosina	1845
A don Xoán case o atropela o carro do prestamista	
Don Xoán forza unha das súas criadas a noite que morrera o seu pai	1855
O fidalgo descobre que está enfermo	
O fidalgo entrégalle a dona Rosina un fillo del para que faga o que queira con el	1865
Mata o vello can para que non sufra máis	1875
Don Xoán meteuse a home de negocios	
Por primeira vez na súa vida, don Xoán non ten diñeiro	1885
Don Xoán perde moito diñeiro nas mesas de xogo de Compostela	
O pai de don Xoán derrama o viño para ver feliz o seu fillo	1900

Ordena cronoloxicamente os sucesos da columna da esquerda.

2. Resolve o seguinte encrucillado con información sacada do texto. En vertical (7) poderás ler o nome da esposa do protagonista.

1. Comarca ourensá onde estaba a casa onde se criou don Xoán
2. Nome da feira onde o criado quere ir comprar os bois
3. Nome do can de don Xoán
4. Muller que rexenta un prostíbulo e aconsella a don Xoán que se deixe de negocios
5. Cidade galega onde casou don Xoán
6. Illa onde traballaba o negreiro do relato



3. Substitúe as palabras resaltadas por sinónimos.

- Da ***pipa*** maior, xorde unha fonte vermella, recendente
- Un ***pobo*** de xente bole nos patios, non collen as ***bestas*** nos presebes nin o señorío nas salas
- Retratos de frades ***estáticos***, de terribles señores, de donas de ***opulenta*** beleza
- Agora os ***seráns*** do outono son máis ***longos*** que antes.
- Os seus tiros precisos ***estraban*** de perdices ***as follas de piñeiro*** das costas
- Hai dous días que sente dores ***feroces*** na ***vexiga***

4. Repara agora nestes termos tirados do texto e tenta incluílos no lugar correcto da táboa:

CAN DE PALLEIRO, CURIAL, EIDO, MORDOMO, PERDICES, COTOS, CACHICÁN, CASEIRO, CHAIRAS, MIÑATO, CABALOS, LAMEIROS, LOBOS, CAMPÍA

ANIMAIS	
ESPAZOS NATURAIS	
PROFESIÓNS	

- Por que cres que estes tres campos semánticos teñen tanta importancia no relato?
- Podes engadir algún outro termo á táboa?
- Indaga que era...?

  UN FRADE EXCLAUSTRADO
  UN NEGREIRO
  UN CURIAL
  UN ARCIPRESTE

5. Otero Pedrayo non foi o único escritor en falar dos fidalgos galegos. Indaga de que tratan as seguintes obras e quen as escribiu. Por que non podemos incluílas na literatura galega?

Sonata de primavera

Los pazos de Ulloa

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO
(1886-1950)

UN OLLO DE VIDRO. MEMORIAS DUN ESQUELETE

1. Procura a que termo do texto se refiren as seguintes definicións:

- Lousa plana de pedra con que se cobre unha sepultura _____
- Persoa que comete calquera mala acción contra outra _____
- Persoa que, amparándose nunha situación social, profesional etc., de privilexio, exerce ou controla o poder político para concederlles favores ós seus protexidos ou a quen se somete á súa autoridade e actuar por vinganza contra quen non o fai... _____
- Pensar nunha cousa, con insistencia, con obsesión ou preocupación _____
- Cadaleito _____
- Espazo trazado e disposto para poder ir dun lugar a outro _____
- Esqueleto da cabeza _____
- Diminutivo da parte da cabeza onde se atopan os ollos e a boca _____

Que teñen en común todas estas palabras?

2. Isto que vés de ler é só unha das vivencias do esqueleto. Busca información sobre o libro e anota outras dúas experiencias que puido observar o morto naquel cemiterio.

Responde agora con brevidade:

a. Verás que o libro é unha acumulación de breves estampas, como pequenos relatos. A que outra obra do autor lembra esta disposición narrativa?

b. Que fixo o narrador, segundo Castelao, co ollo de vidro?

c. O protagonista deste capítulo é un cacique que, de morto, converteuse nun vampiro e se dedica a zugarlles o sangue ós máis humildes. Úsaos ata matalos. Castelao denuncia unha situación social inxusta. Cal?

d. Que movemento de masas capitaneado por Basilio Álvarez pelexou en Galicia a comezos do século XX contra os foros e contra o poder abusivo dos caciques?

3. En *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, Castelao recorre á técnica do manuscrito atopado; isto é, o que nos vai contar, leuno o narrador nun feixe de papeis que non escribiu el senón que atopou escritos. Une a columna da dereita coa da esquerda e repasa o contido dese capítulo introdutorio do relato.

O ENTERRADOR	Non sabía ler
	Tiñan unha portada onde se podía ler o título
AS MEMORIAS	Serviulle para ver no mundo dos mortos
	Estaban escritas aproveitando todo tipo de papeis
O OLLO DE VIDRO	Non tiña bo alento
	Abría os ataúdes para apropiarse das cousas de valor
	Mirou o enterrador con rabia
	Estaban escritas en papeis engurrados

4. Repara na cuadrícula, se substitúes cada número pola letra do alfabeto que ocupa esa posición (a= ▲; e= ♥; i= ♫; o= ✳; u= ♣) descubrirás unha curiosidade sobre *Un ollo de vidro*.

▲		P	R	♫	M	♥	♫	R	▲		V	♥	R	S	♫	✳	N
	D	♥		♣	N		✳	L	L	✳		D	♥				
V	♫	D	R	✳		N	✳	N		F	✳	♫		♥	N		
L	♫	B	R	✳		S	♥	N	✳	N		N	♣	N	H	▲	
C	H	▲	R	L	▲		P	♣	B	L	♫	C	▲				
S	✳	B	R	♥		C	▲	R	♫	C	▲	T	♣	R	▲	S	

O GALEGUISMO NA ARTE

1. Neste discurso, Castelao repasa rapidamente as vangardas europeas de comezos do XX. Demostra que as coñeces asociando o país co movemento vangardista e co artista pertinente. A continuación, asocia cada unha das características vangardistas a un dos ismos sinalados e indica a cal deles pertencen as obras que acompañan este exercicio.

MOVEMENTO	*PAÍS*	*ARTISTA*
Futurismo	Alemaña	Pablo Picasso
Cubismo	Italia	Marinetti
Expresionismo	Francia	Edvard Munch

CARACTERÍSTICAS

A. Deforma a realidade para expresar, de forma subxectiva, o ser humano e a natureza
B. Contido relacionado co dinamismo e o movemento do mundo moderno
C. Desaparece a perspectiva tradicional e entran en xogo as figuras xeométricas

2. Escribe unha oración recollendo a idea principal de cada un dos títulos en que está dividida a intervención de Castelao.

1	A arte avanzando, ó aparecer os galeguistas
2	O universalismo
3	Defensa da natureza
4	O artista e a súa obra
5	A esperanza celta
6	A forza simpática da arte
7	O que debemos ó centralismo

3. Procura na lectura, exemplos destes catro trazos que indican, con claridade, que este texto se concibiu para ser pronunciado, non para ser lido de maneira individual.

1. Saúdos, apelacións e vocativos:

2. Afirmacións da condición falada do discurso:

3. O emisor procura interactuar cos receptores:

4. Anuncia o que vai suceder a continuación:

4. O celtismo, a europeización da cultura galega, o peso do centralismo e a posta en valor do tradicional, son algúns dos aspectos claves deste discurso de Castelao. Podes indicar a cal destas epígrafes asociarías estes enunciados?

- "A pobreza, que, por outra parte, lle debemos ó centralismo." _____
- "E nós, os habitantes das *Fisterras*, os celtas do Atlántico, representamos o cerne mesmo desa forza creadora." _____
- "Entendendo por tradición a serie de actualidades superpostas, senón o eterno que vive acochado no instinto popular." _____
- "O que queremos é desatrancar o camiño da Europa; aquel camiño branco que unía Galiza co resto do mundo civilizado." _____
- "Os fillos de Breogán; os homes que aínda conservamos no espírito 'as calidades afectivas dese xenio celta'" _____
- "Porque nós, os celtas, amamos de tal maneira o espiritual, que se non existise a alma, seríamos capaces de creala." _____
- "Que sigan chamándonos separatistas os ananuxos da política centralista." _____

5. Explica a que se refire o autor con estas expresións:

- "Eu dígoche que o que enterran non é un cadáver, que é unha semente." _____
- "As almas boas do século pasado." _____
- "Aquel camiño branco que unía Galiza co resto do mundo civilizado." _____
- "Os ananuxos da política centralista." _____

"A CONDESIÑA"

1. Busca no texto, enunciados textuais que demostren a veracidade das seguintes afirmacións:

- A historia que se narra sucedeu hai moito tempo:

_____

- A condesiña está moi triste:

_____

- O mozo da condesiña deixouna por outra persoa:

_____

- As xentes do lugar onde está a tumba senten certo afecto pola moza:

_____

- Ó narrador non lle gustan demasiado os "intelectuais" da vila:

_____

2. Asocia as definicións da esquerda coas dúas columnas da dereita. Ten en conta que nunha das columnas da dereita tes os termos tal e como aparecen no texto e na outra aparece un sinónimo.

Cambio moi pronunciado na dirección dun camiño	bichoca	revolta
Parte do día desde que comeza a pórse o sol ata a noite	luscofusco	pulo
Animal invertebrado de corpo brando e alongado	relanzo	verme
Suave, delicado, sen violencia	impulso	velaíño
Muller que non ten boa sorte	desventurada	hucha
Caixa grande de madeira ou pedra para gardar algo	furna	malfadada
Forza que fai que algo se mova	lene	serán

3. Ordena as letras que aparecen á dereita nos recadros que tes a continuación e obterás termos importantes deste relato.

ASECRIXE									
DOÑANICES									
RANADOMA									
ENDLA									

4. Responde con brevidade:

- Que valor ten, ó teu entender, o diminutivo "condesiña"?
- Noutro dos relatos incluídos neste libro, Castelao céntrase na figura dunha nena a quen chaman a "Marquesiña", busca o relato e compara as dúas mozas.
- En cantas partes dividirías o texto e por que?
- Como sabes, Castelao foi un gran caricaturista. Repara na descrición que fai do médico e fíxate no que nos di del. Completa a descrición deste personaxe inventando ti o resto e tendo en conta o seu comportamento.
- En que outros textos de Castelao cobran relevancia un boticario ou un médico?
- Castelao foi unha persoa moi comprometida e sensibilizada co sufrimento dos campesiños galegos. En moitos dos seus relatos deixa ver a existencia de dúas clases sociais opostas; por unha banda, o campesiñado, maioritario, que malvivía traballando a terra, da que non eran propietarios, e, e por outra, a fidalguía que se beneficiaba do traballo dos campesiños mediante o cobro das rendas ás que lles daban dereito os seus títulos de propiedade. Cres que hai algo disto neste conto? Xustifica a túa resposta.
- Un dos temas principais do texto é a "morte por amor". Podes asociar este tema a algún outro período ou texto da nosa literatura?
- Inventa unha pequena historia explicando porque marchou o namorado da condesiña. Mínimo cinco liñas.

5. A seguir, tes un texto que recolle as palabras que o profesor Ricardo Carballo Calero dedicou á obra de Castelao. Sacamos algunhas sílabas do fragmento e para lelo, deberás reconstruílo. Es quen de facelo?

ES_____MOS DIAN_____ DUN _____TISTA QUE, _____DE LOGO, A_____ E TRABA_____ CON ESMERO A SÚA _____ACIÓN; PERO, INSTA_____DO NO COM_____MISO _____CIAL, ESTAMOS ASÍ _____MO PE_____TE UN AUTOR QUE _____PÓN TODO O SEU _____FACER, TODA A LABO_____SIDADE, O ENCAIXE DA SÚA FAC_____RA _____ SERVI_____ DO QUE CON_____DERA REAL_____TE E_____CIAL: A CONSTRUCIÓN DUN AR_____FACTO _____TÍS_____CO-LITERA_____ VER_____DEIRAMEN_____ ÚTIL _____RA O _____BO E PARA A _____TRIA _____LEGOS.

"TODOS CANTO SABÍAN ALGO DA HISTORIA DA VILA"

1. Baixo a aparencia dun relato sinxelo, Castelao constrúe nesta "Cousa" unha historia máis complexa do que puidera parecer. Responde a este test e reflexiona sobre a verdadeira intención do texto

- Cal cres que é o tema principal da narración?
  a. O peso da relixión católica na sociedade tradicional galega
  b. A posta en valor do pasado, da historia dunha comunidade
  c. A exposición dun costume popular galego, perdido a día de hoxe

- O relato foi escrito pensando nun lector...
  a. Moi culto
  b. Intelixente e sensible
  c. Que non coñecese os costumes galegos

- Algúns trazos que definen esta narración poderían ser:
  a. A sinxeleza, a elaboración narrativa e a tenrura coas persoas maiores
  b. A brevidade, a linguaxe culta e a subordinación dos enunciados
  c. O compromiso feminista, o diálogo e a recreación histórica

2. Repara no que nos conta Castelao sobre a protagonista deste relato e busca no texto expresións que proporcionen información sobre...

A súa idade:

A súa condición social humilde:

A súa intelixencia:

A delicadeza que ten cando se expresa da forma de expresarse:

Compara esta información co debuxo que acompaña o texto. Cres que na imaxe sobra ou falta algunha cousa? Como melloarías o debuxo?

3. Busca que termo se emprega no texto sinónimo das listaxes que che propoñemos:

- prestixio, renome, reputación: _____
- antecesora, antepasada, predecesora: _____
- apracible, suave, avelaíño: _____
- advertín, apercibinme, decateime: _____
- catástrofes, desgrazas, dramas: _____
- recei, orei, implorei: _____

4. Ó longo de toda a narración atopamos un narrador en primeira persoa.

- Podes indicar en que momentos aparece?

_____

- A protagonista deste relato é a Siñá Sinforosa. Que cres que significa Siñá? Que achega este tratamento á personaxe e á narración?

_____

- O diminutivo *painosiño*, empregado de maneira reiterada no texto, cumpre unha clara función. Saberías indicar cal? Busca outros diminutivos e analiza o seu valor.

_____

- O narrador explícanos que as oracións da Siñá Sinforosa dependían de se o tempo estaba "ruín" ou "maino". Explica esta dualidade e escribe unha oración tentando explicar a que se debe, na túa opinión, o comportamento da protagonista.

_____

5. Na táboa que aparece a continuación tes recollidas algunhas das características dos relatos de Castelao. Podes xustificar, proporcionando exemplos do texto, a veracidade das sentenzas da táboa?

ESTRUTURA SIMPLE	
PERSONAXES MINIMANTE CARACTERIZADOS	
IRONÍA	
HUMOR	
LIRISMO	
NECESIDADE DUN LECTOR ACTIVO E COMPETENTE	

"CHEGOU DAS AMÉRICAS"

1. Fíxate na expresión "negro como o pote". Refírese ó recipiente de ferro que se empregaba para cociñar, xa que ó poñelo directamente sobre as chamas do lume remataba sempre de cor negra. Como ben sabes a expresión é un símil ou comparación. Completa estes enunciados creando comparacións.

Azul como _____
Dentes como _____
Duro como _____
Cantar como _____

Que diferenza hai entre un símil e unha metáfora?
E entre unha metáfora e unha metonimia?
Podes poñer un exemplo de cada un de estes recursos.

2. Un dos grandes temas de *Cousas* é o fracaso do emigrante. Le con atención estoutra "Cousa" e completa os ocos coas palabras ou expresións que aparecen no recadro.

AVISTOU, ABRAZANDO, DEVECÍA, DESEMBARCANDO, FRACO, AMÉRICAS, OLLOS, COBIZA, RETRATO, PEIRAO, ESCULCABAN, FROUXO, ENCOVEIRADOS, AMERICANO, CARGO, BICOS, ENSOÑADO, SEÑORÍO, BATÍALLE

O pai de Migueliño chegaba das _____ e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao _____
Os "americanos" xa estaban _____ Migueliño e a súa nai agardaban no _____ do porto.
O corazón do rapaz _____ na táboa do peito

e os seus ollos _____ nas greas, en procura do pai _____
De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o "_____", máis _____ sentía o rapaz por enchelo de _____. Ai!, o "americano" pasou sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.
Agora si, agora si que o era. Migueliño _____ outro home moi ben traxeado e o corazón dáballe que aquel era o seu pai. O rapaz _____ por bicalo a fartar. Tiña un porte de tanto _____! Ai!, o "americano" pasou e nin tan sequera reparou que o seguían os _____ angurentos dun neno.
Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.
E cando esculcaba con máis anguria, fíxose _____ de que un home estaba _____ á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi _____ metido nun traxe moi _____; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos _____, tusindo...
Aquel si que era o pai de Migueliño.

Procura algún outro relato de *Cousas* que trate este mesmo tema.

3. O protagonista de "Chegou das Américas" non é o mesmo antes e despois de emigrar. Revisa esta listaxe de termos e colócaos no lugar da táboa que corresponda. Cando remates, escribe unha frase explicando que supuña a emigración naqueles tempos.

TRISTURA, POBRE, TIÑA GRAZA, DÉBIL, ELEGANTE, MOZO CUMPRIDO,

ANTES DE EMIGRAR	DESPOIS DE EMIGRAR

4. O narrador explícanos que Panchito se cría e educa na aldea. Cres que Panchito é un mozo galego? Xustifica a túa resposta con expresións tomadas do propio texto.

- Que trazos definen a identidade segundo esta narración? Que importancia ten a lingua galega?
- Unha das frases máis coñecidas de Castelao é: "Se inda somos galegos é por obra e graza do idioma". Repara neste fragmento do mesmo texto onde Castelao fixo esta afirmación. Para reconstruír as palabras orixinais do escritor debes substituír o subliñado polo termo que corresponda.

A variedade de linguas naturais propias dunha comunidade humana, coa súa variedade de conxuntos de coñecementos, crenzas e costumes que caracterizan as sociedades humanas organizadas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores ós animais. Velaí vai a demostración: Un can de país entre Europa e Asia cuxa capital é Ankara ouvea igual que un can de país da Comunidade Europea cuxo monumento máis visitado é unha estatua da sereíña; un cabalo das Pampas

arxentinas emitir a súa voz o cabalo igual que un cabalo de lugar que visitou Castelao en 1929 e cuxos cruceiros protagonizaron un dos seus libros. E sabedes por que? Porque os pobres animais aínda están no idioma universal...

5. Selecciona o sinónimo ou sinónimos correctos para as palabras da esquerda tendo en conta o significado que teñen no texto.

MEDRAR	Crecer
	Aumentar
	Inchar
TROCOU	Cambiou
	Permutou
	Intercambiou
ANHELOS	Cobiza
	Ansias
	Desexos
AFAGO	Acostumo
	Habitúo
	Desavezo

"O RETRATO"

1. "O retrato" forma parte dunha colección de cinco narracións autobiográficas reunidas baixo o título *Retrincos*. Poderías procurar as outras catro e ordenalas cronoloxicamente nesta táboa?

CASTELAO NENO	ESTUDANTE
CASTELAO MÉDICO	DEPUTADO

Que trazos biográficos atopas neste conto? Cres que son relevantes para a narración?

2. Une as palabras da columna da esquerda cos seus sinónimos da columna da dereita. Constrúe unha oración con cada palabra da dereita demostrando que coñeces o seu significado.

amainar	pobriño
saloucos	ansiedade
verbas	momento
turrar	palabras
coitado	puxar
angustia	colgar
intre	salaios
pendurar	acalmar

3. Velaquí tes algunhas oracións do texto desordenadas, procura poñer orde e reconstruílas.

QUE	QUE	HAI	NON	REPARA	ENFERMOS	ANOS	VISITO	MOITOS
VÁISEME	VÁISEME	TEÑO	SEU	NON	RETRATO	NINGÚN	E	SEÑOR
LLE	CADAVÉRICA	CARA	E	ESA	TAN	TRISTE	POÑA	NON
SEÑOR	E	DEBÚXEMO	FAGA	RINDO	MEMORIA			
O	RETRATO	MENTE	NON	VELAÍ	QUE	ESTÁ		

4. Escribe o que falta.

- O día da semana que comezou todo, era _____
- Os fotógrafos non tiñan _____
- Ó comezo, o narrador pensou que foran buscalo para que exercese como _____
- O pai do neno, chámase _____
- O pai do neno traballa como _____
- Cando o narrador entendeu que non fora chamado como médico sentiu ganas de _____
- Que colleu o narrador a segunda vez que saíu da casa? _____
- O neno que debuxou finalmente estaba inspirado _____ barroco
- O debuxo do narrador está enriba da _____

ÍNDICE

CONSIDERACIÓNS PREVIAS 7

ESCOLMA DE TEXTOS 9
"Primeiras verbas" (1920) 11

LOSADA DIÉGUEZ (1884-1929) 15
"Conto sinxelo" (1929) 17
"Conto" (1921) 21
"Encol da prosa galega" (1930) 25

CUEVILLAS (1886-1958) 31
"Dos nosos tempos". Fragmento. (1920) 33

VICENTE RISCO (1884-1963) 41
Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros (1919) 43
O porco de pé. Fragmento (1928) 69
"Nós, os inadaptados". Fragmento (1933) 79
"Da medida das cousas" (1961) 89
"O rei avarento" (2004) 91
"O labrego e mais o rei" (2004) 97

OTERO PEDRAYO (1888-1976) 101
a) *O purgatorio de don Ramiro* (1926) 103
b) *Os camiños da vida*. Fragmento (1930) 117
c) *Arredor de si*. Fragmento (1930) 123
d) "A significación espiritual do Día da Galiza". Fragmento (1930) 127
e) "O fidalgo" (1932) 135

CASTELAO (1886-1950) 159
a) *Un ollo de vidro*. Fragmento (1922) 161
b) "O galeguismo no arte" (1930) 167
c) *Cousas* "A condesiña" (1934) 177
"Todos cantos sabían algo da historia da vila" 179
"Chegou das Américas" 183
d) *Retrincos*, "O retrato" (1934) 185
e) *Cousas da vida* (1924-1936) 189

ACTIVIDADES 193
Exercicios variados 195
Exercicios da escolma de textos 209
Antón Losada Diéguez (1884-1929) 213
Florentino López Cuevillas (1886-1958) 225
Vicente Risco (1884-1963) 231
Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) 247
Afonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) 267

Este libro,
ANTOLOXÍA ESCOLAR DA ÉPOCA NÓS,
rematouse de imprentar en
Ulzama Digital
o día 16 de novembro de 2020.

A *Antoloxía escolar da época Nós* pretende ser unha ferramenta útil e didáctica para todos os estudantes que se acheguen a un dos períodos máis importantes da nosa literatura, o comprendido entre 1920 e 1936. O volume reúne textos, actualizados en canto a léxico e ortografía, imprescindibles para coñecer a ideoloxía e o pensamento das principais figuras da xeración Nós.

A escolma está especialmente indicada para os últimos cursos de ESO e Bacharelato, e inclúe un apartado con actividades, co que se procura que os lectores reforcen conceptos e consoliden coñecementos.

PATRICIA ARIAS CHACHERO (Ponferrada, 1972), é profesora de Ensino Medio e foi secretaria da Fundación Otero Pedrayo. Forma parte do consello de redacción de *Andaina. Revista Galega de Pensamento Feminista* e ten colaborado en publicacións como *Grial*, o *Boletín da Real Academia Galega*, *A Nosa Terra*, *Sermos Galiza*, *Barbantia* ou *Madrygal*. En 2020, redactou parte das entradas do *Álbum Nós* do Consello da Cultura Galega.

LITERARIA ENSINO

EDITORIAL GALAXIA

ISBN 978-84-9151-558-6